40 abril maio xunio 1973

GRIAL

LOIS TOBIO: Gondomar e o galego.

MARÍA R. URÍA-SANTOS: O antiteísmo do teatro de Carlos Solórzano.

ANTOLÍN FARALDO: Artigos de "El Recreo Compostelano".

F. GUMERSINDO PLACER: "Mari-Hernández la gallega".

RAMÓN OTERO PEDRAYO: Noite compostelá.

MIGUEL SERRANO: Rexurdimento do mito.

DOMINGO BLANCO: Aspectos do galego na comarca de Ortigueira.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 40 - ABRIL, MAIO, XUNIO 1973

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Gondomar e o galego, por LOIS TOBÍO 133
O antiteísmo do teatro de Carlos Solórzano, por MARÍA R. URÍA-SANTOS 145
Artigos de ANTOLÍN FARALDO 153
"Mari-Hernández la Gallega". Notas pra un prólogo, por FR. GUMERSINDO PLACER 171

ESCOLMA

Noite compostelá, por RAMÓN OTERO PEDRAYO ... 187
Lembranzas, por MARUXA FERNÁNDEZ 206

PENEIRA DOS DÍAS

Rexurdimento do mito: o Grial, por MIGUEL SERRANO 209
En memoria dun neno chamado Pabliño, por XOHÁN LEDO 217
Aspectos do galego na comarca de Ortigueira, por DOMINGO BLANCO 224
Presencia del mito en la vida gallega, por VICENTE RISCO 231
A percura dun cine galego, por XOSÉ M. RABÓN ... 235
Escritores da Península Ibérica en checoslovaco, por MILOSLAV PLUHAR 239
Un poema de Iglesia Alvariño en occitano 240

LIBROS por *S. Lorenzana, X. Taboada Chivite, X. M. B., R. C. C., C. D., V. Arias, X. B. Pena Trapero, Antonio Fraguas Fraguas, V. A. e Xosé Luis Fernández* 242

O REGO DA CULTURA 256

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

GONDOMAR E O GALEGO

Cando nacéu Gondomar, en 1567, facía xa tempo dabondo que o galego deixara de ser língua escrita. Este feito non se producíu de sócato senón ao longo de moitos anos e chega ao seu remate arredor do 1500. Antre as súas causas principáis figuran as seguintes:

1. Castelanización da nobreza galega. A aristocracia enxebre tivo de aturar dous fortes baloucazos, un cando Enrique de Trastamara e outro no tempo dos Reis Católicos, que, si non chegaron a barrela, coma en Irlanda ou Bulgaria, deixárona moi amingoada e, cousa cicáis pior, sustituida en parte por xineas de fora. Doutra banda, non poucos nobres galegos casaron con xentes alleas ou fono atraguidos polo engado da corte e non tardaron en imitar os xeitos casteláns. A desgaleguización desta camada superior foi daquela rápida. Inda que coñecesen e falasen o galego cos seus criados e vasalos en Galicia, foise perdendo antre eles porque algúns membros da familia eran casteláns e o castelán era a língua da corte, a da xente elegante e culta e só nela escribían. Castelanizaron mesmo os seus apelidos e os Lousada deviñeron Losada e os Soutomaor, Sotomayor. Aínda un home que decía ter feito profesión de ser galego, gallo de ilustre linaxe betanceiro, que foi gobernador e capitán xeral de Galicia (e, polo demáis, bo galego) firmaba e facíase chamar "de las Mariñas", en troques do vello i enxebre "das Mariñas" de que queda groriosa lembranza nos nosos días ata no nome dalgunha rúa de Manila.

2. Acción desgaleguizadora da Eirexa. Ao rivés do que sucedéu noutras terras da Península, a Eirexa en Galicia foi dende entón un aitivo axente de castelanización. Coma ela tiña praiticamente todo o insino nas súas mans i este insino dábase en castelán, os alunos non deprendían a escribir en

(BN = Biblioteca Nacional, Madrid, manuscritos. BP = Biblioteca de Palacio, Madrid, manuscritos).

galego aínda que o falaran a cotío caxque esclusivamente. Escomenzóu asín esa absurda deformación mental do home galego que tanto e tan a xeito condanaría o xenial P. Sarmiento, e que inda sigue. A Eirexa fixo canto puido por desgaleguizar ao pobo galego e desgaleguizaríase, naturalmente, ela tamén. As nosas abadías benedictinas sufrirán o asoballamento castelán [1] e os conventos da orde de San Bernardo en Galicia disporán que non se reciba neles nin se dea hábito a ningún galego [2]. E a aititú desgaleguizadora da Eirexa chegará ao cumio ao desbotar o galego nas oracións e demáis actos do culto en que se empregaba a língua vulgar, malia o evidente dano espritual que elo tiña que causar.

3. Infruxo da burocracia allea, tanto ecresiástica coma civil. Esa burocracia foi sempre impermeabre ao xeito de vida galego e á fala galega. Mantivo con dureza a súa posición castelá, que, sin dúbida, xusgaba marca de prestixio. É siñificativo a este respeito o documento, xa de 1385, que pubricóu Ferro Couselo [3], no que o bispo de Ourense contesta en castelán ás demandas que en galego lle fixo o concello daquela cidá. Pola súa parte, os correxidores, na súa grande maoría homes de fora, traguían canda eles, ao tomar posesión, un séquito de indivíduos recrutados a miudo antre o proletariado escolástico que langreaba arredor dos señores, e a quenes daban varas de alcalde ou alguacil e postos de pruma e balduque. Eses suxeitos chegaban botando por ela e facendo dadoito axe e míngoa da terra, xente e cousas galegas, i especialmente da língua, pra eles ruda, despreciabre e soio propia de rústicos. Eles redaitaban, polo xeral, as aitas e demáis documentos do concello que, por eso, soen estar escritas en bo castelán. E castelanizaban tanto os nomes de persoa coma os topónimos que lles viñan á man, convertindo por exempro, a Viveiro en Vivero e a Bouzas en Bozas. Moitos destes suxeitos eran a derradeira escumiña porca da resaca da corte e das grandes cidades castelás, a capa máis baixa dos "pretendientes", parásitos e pillabáns, ás veces verdadeiros "pícaros" (no senso castelán). Do paso dun deles polo concello de Viveiro fica axeitada testemuña na cuberta en pergameo dun libro de acordos do século XVI dese concello. Óllase alí un retrato a pruma ou máis ben caricatura, dun seu xefe (chapéu Felipe II, faciana de perfil, barbiña adrada) i embaixo estas elegantes frases: "Barba de camarón. Barba de cabrón capado. Barba de carajo rapado". Outro deses chupatintas casteláns e castelanizado-

---

[1] González López, E.: *Siempre de negro. Galicia en la Contrarreforma. El reinado de Felipe II*, Vigo, 1970, p. 264.

[2] Vila de Pontevedra a Gondomar, Pontevedra, 15.4.605, BP 2130, fol. 32.

[3] Ferro Couselo, X.: *A vida e a fala dos devanceiros*. Vol. II, Vigo, 1967, p. 243.

res, máis delicado, deixóu noutro libro de acordos do mesmo concello un soneto adicado "A la pluma y poesía de Andrés Lophez (o h, como sabemos, sempre dá categoría) un colega que, segundo o seu louvador, endemáis de oficial adeministrativo, era escelso poeta e xurdio pendolista:

¿Quién como tú divinamente escribe
ni quien en dulce verso es más galano?

E remata:

Porque tu pluma no parece de hombre (sic)
sino que es de las alas de la Fama
en cuyo pico volará tu nombre.

Pra a gran maioría da poboación galega, que era analfabeta, o feito de que o galego deixara de se escribir non supuxo un gran cambio. Seguiron falando a súa lingua, de costas ao mundo oficial, que iñoraban ata onde podían, como seguirán facendo por moitos anos dempóis. Cando precisaban algún papel ían a que llo fixera algún memorialista —no agro, os cregos principalmente— que escribía en mellor ou pior castelán o que for mester. Polo demáis, non somente na aldeia mais tamén nas vilas soio se falaba galego. A comenzos do século XVII, nunha vila tan cosmopolita coma Baiona apenas se ouvía falar castelán; escoitábase máis se cadra o francés, polos moitos mercadores de Francia e Flandes que alí acodían. En Baiona, seguramente, deprendéu Gondomar o francés, que coñecía moi ben, pois ha ser có latín a lingua que empregará na corte inglesa. Cando don Diego, en 1604, pasóu en Baiona varios meses adicado á tarefa de pór a salvo unhas carracas portuguesas que chegaran maltreitas da India, escribía á corte, que se atopaba entón en Valladolid, que o fixesen voltar axiña porque estaba esquecendo o castelán que alí non tiña ocasión de falar [4].

Dos galegos que sabían ler i escribir nos tempos de Gondomar, había algúns —xente de viso que recibira boa educación e letrados que pasaran pola universidade— que redaitaban nun castelán casi perfeito e mesmo elegante, e outros, pola contra, os que apenas pasaran das primeiras letras e ás catro regras, que escribían un castelán cheo de incorrecciòns e galeguismos, un verdadeiro proto-castrapo. Un dos galeguismos máis frecuentes nestes escritos é o emprego do infinitivo persoal mais tamén atópanse formas de construcción e palabras galegas ou palabras galegas castelanizadas coma "cogeta" (por

[4] Gondomar a Contreras, s. d., BP 2115, fol. 235.

"colleita"), "amieros", "formiento", "presonas", etc. Fai moitos anos achéi no arquivo municipal de Viveiro un documento de 1527 que tiña que ver cunha liorta con baleneiros vascos no porto de San Cibrán [5], do que trascribo algúns anacos: "...Digo yo que no *hei* fecho ni hago ninguno agravio a los dichos *baleneiros*... porque yo no pido ni demando a los dichos *baleneiros* ninguna décima ni otra cosa que sea debida a la villa de Vivero, sino que este puerto de *San Cibrao* se me ha *queixado* que ellos reciben mucho perjuicio *en ellos haber de estar* aquí en su puerto e en otros muchos daños e agravios que reciben de los dichos *baleneiros*... y negando todas sus *estremeciones* e protestaciones y no *facendo* parte de lo que toca a la villa de Vivero... e requiero al escribano asistente esté mi respuesta al pie de su apelación e no *día* una sin otro e no *facendo* más parte cuanto la administración me obliga".

Antre as cartas que recibía Gondomar hai algunhas que son verdadeiros modelos dese proto-castrapo. Unha Francisca Morana escribíalle de Pontevedra aledándose de que estivese en Galicia con saúde i engadía "que todas son misericordias *suas*", anunciándolle o envío de "conserva de limón y *narraja* y bocados de almendra y biscochos para que v. m. *leve* para el camino". Dende Baiona, en 1606, Beatriz da Serra, pedíndolle por un parente que tivera unha liorta, emprega frases coma "se *llo* pido", "*primita* Dios", "*vivendo* en Santiago tuvo una pendencia de manera que *lle* fue necesario", "el cual *lle* hizo su mestresala", "*soplico* a v. m. *me lle* favorezca en lo que se *ofrecere*". O P. Froilán de la Carrera, dende Oia, en 1604, dícelle que chegóu alí un amigo "con muchas *suidades* por dejar a don Diego" e que "le *agasallamos*". Gregorio de Castro e Lázaro de Losada, que coidaban a facenda de Don Diego en Gondomar e terras veciñas, inda que, polo xeral, escribían un castelán relativamente aceptabre, non deixan de caír ás vegadas no infinitivo persoal e de empregar verbas coma "carvallos", "cachar" (o monte), "maores", "lentura", "salgueiro" (alternando con "sauce"), "trasfegar" (o viño), "peziños", etc., alén doutras galegas castelanizadas. Unha vez decíalle Losada a D. Diego que "las *llenas* son tantas que los pobrecitos arbolitos están casi contino *solagados*" [6]. E Gregorio de Castro escribíalle que polo Nadal de 1611 foron todos os da súa casa a Gondomar cuns veciños "hacer buen fuego en la *chaminea* de la casa de mi Sra. D.ª Juana... y nos pusimos alrededor de él rogando por la vida de v. m. y nos holgamos harto, que hace aquí crueles fríos" [7].

Nesta correspondencia dos seus criados a D. Diego apare-

---

[5] Tobío L.: "Aportazón ao estudo da historia da pesca da balea nas costas de Galicia". *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, I* (1927).

[6] Gondomar, 2.11.605, BP 2113, doc. 109.

[7] Piñeiro, 27.12.611, BP 2175.

cen tamén frases enteiras en galego, cando queren contar algún sucedido ou referir o que outro dixo. Gregorio de Castro escribía ao seu amo que certo amigo que fora visitar o pazo de Gondomar dixera que "*aquela quinta hera agora a mellor do mundo mais que hera corpo sen alma sen a fonte*" [8]. Coido que ten intrés reproducir, en parte, o que a seu amo (que estaba en Londres na segunda embaixada) comunicaba, dende Gondomar, Francisco Troncoso de Ulloa sobre o viaxe que fixo a pé a Madrid, Afonsiño, o parvo do pobo, porque endemáis das frases galegas que contén o relato ven ser unha estampa curiosa daquel tempo. "Aquí llegó Afonsiño, muy flaco. Es gusto oírle decir como vino... Dice que a todos los señores y labradores preguntaba por el camino para Madrid y por el camino pedía limosna: 'Señores, *dai limona a este tolletino por amor de Deus, que Deus lo garde de mal e de taballos e de sutunas e que Deus lle de muita caridade,* amén Jesús'. Topó con un fraile que le trujo de ahí medio a caballo. Estuvo en la Puebla de Sanabria, en casa de Pedrarias que le dio muy bien de comer y un cuarto para el camino... Llegado a la Puente preguntaba a todos dónde moraba a *senora dona Cotanza e o embaijador de Ingalaterra que se chama conde* [a muller de Gondomar ficara en Madrid]. Desa manera llegó aquí tan hambriento que no hay hartarle. Dice que vio *acolá* un hombre en Bayona porque hurtó una vaca y que le llevaban a caballo y las manos atadas y los pies, él en cueros y un señor de Tuy con un *zorregue* azotándole. Mi señora... quiere... que se vuelva... Dice que le dé su señoría una *cartiña para botar fora* a Gregorio de Castro para Tebra que él *botará fora* a Bastián Pérez y prenderá a Martín Gomes y le azotará y echará a galeras porque *queima o sangue aos pobes* y si no quisiere mi señora que esté en Gondomar ni en Tebra que sea en Bayona que con *a cartiña él botará dalí* al sargento mayor..." Pro doce días despóis aínda seguía Afonsiño en Madrid e Troncoso informaba a don Diego: "Afonsiño está ya gordo, diéronle aloja a beber y me dijo que había bebido *un viño muy forte* que le había sabido como *manteiga asada.* No deja calle en Madrid que no ande cada día pero no está contento y dice que le envíe mi señora a Gondomar con una *cartiña* para que Gregorio de Castro le dé allá pan y *outra cousa* para comer... porque aquí no puede estar que *se morre, non ten gacido donde enterrarse que non quer que o enterren no campo como os que enterran no espital general*" [9].

Na correspondencia que os galegos letrados e nobres cultos dirixían a don Diego Sarmiento de Acuña atópanse non raramente palabras e frases galegas mais non, certo, por falla de coñecimento do castelán senón pra dar máis coor e gracia á

[8] Piñeiro, 4.9.605, BP 2113, doc. 75.
[9] Troncoso a Gondomar, Madrid, 1.6.620, 23.6.620, BN 18425.

Don Diego Sarmiento de Acuña. Primeiro Conde de Gondomar

espresión ou coma homaxe consciente ou inconsciente á lingua natía e natural efeito do propio bilingüismo. Un dos que máis frases galegas mechaba nas súas cartas era o sonado dominicán Fr. Antonio de Sotomayor, o que sería confesor de Felipe IV, nado en Sto. Tomé de Freixeiro, quen, cando andaba na corte, relembraba con saudade as "luitas" en que intervira na súa mocedade co seu primo de Gondomar. O 16 de nadal de 1620 escribía a éste, dende Madrid, que predicara o sermón da Conceición nas Descalzas Reales e que a Duquesa do Infantado levváralle a conta de que dixera vintesete veces "sin pecado original" (ben coñecida é a posición adversa que tivera a orde de Sto. Domingo no choio da "Concepta"). "Fuila a visitar", conta Sotomayor, "y dijeron al duque que hubiese cuenta con aquella visita porque si la duquesa *achàba geito non deixaría de abrazar ao frade*". Falando do príncipe (que logo sería Felipe IV) dille que "no se puede encarecer cuán lindo es, *pardéus, parece pión de Porriño ou de Gondomar*". E máis adiante, ao se referir a Lerma caído, coida que non ha voltar ao poder, "*que nunca o can que ten a boroa na boca a solta pra que outro a tome*". Dille tamén a don Diego que cando volva a Madrid "será muy bien recibido, en particular *de noso amo o novo*" [10]

Outro que tamén introducía frases galegas nas súas cartas era o segredario D. Andrés de Losada e Prada, aquel a quen Gondomar dirixira a carta famosa encol dos galegos. "*Meu Sr. Conde*", principiaba unha delas, "*seja muito embora que ben nolo figeron desexar,* pero dicen en Baldeorras que *quen chega non tarda*". Falando dun dipromático do Imperio a quen agardaban en Madrid cando andaban en curso certas negociacións, aseguraba que viña "con deseo de *aborrallar este magosto,* no sé si V.ª S.ª entenderá la propiedad del vocablo" [11].

É, nembargantes, don Diego quen máis a miudo inxire verbas e frases galegas nas cartas que dirixe aos seus amigos galegos coma o conde de Lemos, D. Baltasar de Zúñiga e os xa citados Sotomayor e Losada e Prada. Nunha que escribéu a D. Baltasar de Zúñiga despedíase deste xeito: "*Beyjo as mans e os pes do meu verdadeyro señor e muytos anos ele viva*" [12]. A que dirixéu a Andrés de Losada e Prada, que pubricóu Gayangos e á que denantes aludimos, comenza cun párrafo todo en galego e inclui logo algunhas frases máis; e noutra que mandóu ao mesmo [13], a quen chama no enceto "*Meu señor leal e verdadeiro*", dille que alá en Londres terma comprir co seu

[10] Madrid, 10.12.620, BN 18422, fol. 287.
[11] Madrid, 21.4.617, BP 2107, fol. 19.
[12] Londres, 16.5.622, BP 2108, doc. 62.
[13] Londres, 29.6.614, BP 2168, fol. 207.

deber "*afoutamente,* no para que se vea que *é boa gente a galega,* que esto bien visto está, sino para que no se pueda decir que hay uno malo"; o que amostra que nos seus esforzos por facer ben as cousas, como as fixo, latexaba o desexo de contribuir ao prestixio da súa terra. Despóis que lle escribira aquela longa e sonada carta sobor dos galegos, mandóulle logo outra en que lle pregunta si a tiña rematado de ler "y si le ha parecido que estaba borracho cuando la escribí, porque diré que no es gallego v. m. si no me lo agradece pues no cumple con menos un hombre de bien cuando se trata del negocio de su amigo y de su patria si no llega a emborracharse". "Pues hago saber a v. m. que la materia que me dio y que lo que le respondí me picó de manera que después de partido el correo ocupé toda una semana en hacer un papel de heroicos hechos y hazañas de gallegos, pero *Deus me libre e garde de que tal cousa a vexa ninguién* que condes hay en Galicia a quien esto toca como columnas de aquel reino" [14]. Nesta derradeira frase pode haber certa retranca, coma querendo dar a entender que os grandes nobres galegos, aquelas colunas, non se coidaban maiormente da súa terra, coma era verdade.

Non hai dúbida que o señor de Gondomar tiña un fondo sentimento galego. "*Desexo ser e parecer bo e verdadeiro galego*", decraraba unha vez ao conde de Castro, embaixador en Roma, irmán do conde de Lemos [15]. "Sólo el morir como cristiano y como *fidalgo* gallego deseo", escribía a Losada e Prada [16]. E o seu amigo don Diego de las Mariñas decíalle en ocasión que tiveran un pique: "No parezcamos gallegos [alusión a aquelo de 'Somos galegos e non nos entendemos'] aunque es muy bueno serlo y entre amigos que han hecho tanta profesión de serlo" [17]. Moitas veces sentía Gondomar saudade da súa terra. Dende Londres escribía a un amigo que quixera levalo a pasar coel un vran en Galicia "a una caseta y a un montecillo que yo tengo muy sabroso y es de lo que aquí me acuerdo cada día y por lo que suspiro". Cando o estruchaban as dificultás e traballos decía que non se lembraba de Sevilla nin de Valladolid (¡nin xiquera de Valladolid onde tiña a súa Casa do Sol, ca súa biblioteca!) "sino de un monte que tengo en Galicia muy solo", e que non lle daban envexa os ditosos do mundo sinón o alcalde de Gondomar "aunque anda en piernas y sin zapatos". Pra el, Galicia era "la tierra de promisión", a "*boa terra*". "El consuelo que me ha dado el verme en esta tierra", escribía a D. Baltasar de Zúñiga ao voltar da primeira embaixada, "no sé cómo lo en-

[14] Londres, 17.3.614, BP 2168, fol. 110.
[15] Londres, 10.4.614, BP 2168, fol. 134 v.
[16] Gayangos, P. de: *D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. Cinco cartas político-literarias.* Buenos Aires, 1943, p. 39.
[17] 1.5.596, BP 2109, doc. 21.

carezca, porque no hay jardines ni florestas en Inglaterra como los robles y castaños de Gondomar" [18].

Don Diego Sarmiento de Acuña amóu a Galicia, "mi patria", con quente e saudoso amor. Amaba a súa paisaxe, a súa xente, a súa historia, o seu arte, a súa fala. Polo moito que amaba a lingua galega un parente escribiralle nela dúas cartas. Este parente era don Diego Sarmiento de Sotomayor, señor das Achas e de Petán, que non hai que confundir co seu homónimo e tamén parente e coetáneo, o señor de Salvaterra e Sobroso. Todos eles descían de don Diego Sarmiento de Sotomayor, señor de Salvaterra e Sobroso, que sirvira ao rei Enrique IV e logo aos Reis Católicos na guerra de Granada, e que tivo dous fillos varóns lexítimos, García e Diego. García, o maorádego, herdóu a Salvaterra e Sobroso, e Diego o val das Achas. García casóu dúas veces, a primeira con D.ª Francisca de Sotomayor, parenta súa, matrimonio que se disolvéu sin fillos por sentencia do xues español, e a segunda con doña Sancha de Lobera. Desta tivo, entre outros, a Juan (maorádego) e García (o pai do noso don Diego de Gondomar). Pro Roma anulóu o segundo casamento ao decrarar válido o primeiro. O señor das Achas, ao morrer o seu irmán García, o de Salvaterra, púxolle preito ao sobriño Juan sostendo que, por non ser fillo lexítimo, debían pasar ao seu poder Salvaterra e Sobroso. O preito rematóu por avinza. D. Diego quedóu co val das Achas e o de Petán, alén doutros lugares e casaes, e D. Juan có de Salvaterra e Sobroso e o pazo solar das Achas, que era cousa aparte do señorío do val das Achas. De D. Juan foi fillo D. García, curmán, pois, de Gondomar que casóu, en primeiras, cunha filla del, Beatriz. Un irmán desta, D. Diego Sarmiento de Sotomaior, que será o primeiro conde de Salvaterra, tivo toda a vida grande amistade co seu cuñado. O outro D. Diego, o das Achas, deixóu á súa morte o señorío ao seu fillo Antonio, o vinculeiro, a quen sucedéu outro D. Diego Sarmiento de Sotomayor que é, xustamente, o autor das cartas en galego de que denantes falamos [19].

Este D. Diego das Achas e de Petán era, ao parecer, home inquedo e aitivo, non se resiñaba a vivir na calma da súa aldeia. Participóu en varias accións de guerra en Galicia contra piratas e corsarios (Drake en 1585 e 1589), na ocupación de Portugal, i estivo tamén cas forzas que defendían á Cruña cando pasano por alí os ingleses en 1596 á volta de Cádiz. Cando Lope, o primoxénito do señor de Gondomar, embarcóu pra servir na armada, en 1608, escribía o das Achas ao pai

[18] Gondomar a Vega, Londres, 29.7.614, BP 2168, fol. 229. Gondomar a Idiáquez, Londres, 10.5.614, BP 2168, fol. 160 v. Gondomar a Girón, Londres, 9.6.614, BP 2168, fol. 190. Gondomar a Zúñiga, Baiona, 22.6.622, BP 2108, doc. 75.

[19] Gándara, F. de la: *Armas y triunfos*... Madrid, 1662, p. 537 ss.

que lle facía cóxegas saber desa resolución e que espertaba nel o degaro de imitalo. As súas relacións cos parentes de Salvaterra eran, comprensiblemente, agres [20]. Ao ser Gondomar encarregado do choio das naves portuguesas en Baiona, nomeóu coma un dos seus colaboradores na tarefa ao seu parente das Achas. I éste, cando estaba pra finar o seu traballo, escribeulle as cartas aludidas. Pouco despois, malia sere xa home de edade (decíalle que quixera velo "antes de irme de esta vida") pedíalle que interpuxera o seu infruxo pra que lle desen o cárrego de "juez de sacas" do reino de Galicia onde esperaba acertar a servir ao rei "y hacer bien a la tierra" [21]. Dous anos máis tarde pedía a adeministración do Hospital Real de Santiago ao mesmo seu parente. Di nesta carta que tiña entón máis de sesenta anos, ou sexa que debéu nacer arredor de 1548 i era, pois, preto de vinte anos máis vello que Gondomar.

Veleiquí agora esas dúas cartas que lle escribéu dende Baiona e cuio intrés non é mester recalcar visto os poucos escritos que daquel tempo quedan na nosa lingua [22].

"Gran traballo e estar tan lonje do que bein se quer. E ysto podo eu dezer por v. m. y este seu cativo que en naon bendo un.a letra de v. m. logo ando en pesquisa de queim a tem, y en bendoa logo naon pregunto mais. E tiñame v. m. tan agastado que se naon fora tempo tan santo como e oje estaba para naon facer isto. Mais noso señor me encamiñou que ja que perdoaba aos ynimigos perdoase a meu dono e señor, e mais que fixese isto nesta lingoaxe pois e de v. m. tan estimada e por ela me troufe aqui que coela despertaría v. m. do sono de coRexidor. E si eu naom tibera aqui a compañia portuguesa ja fora desfeito das outras naçoins que aqui coRen con muitos bentos. O que troufer a v. m. a esta sua teRa sera millor que o que traz as naos de contrataçaom a este porto. Mereza eu saver de v. m. e de miña señora dona Costanza e deses meus señores e cando a de ser o casamento de miña señora D. Joana que ja e muyto aguardar. E se o señor fora Sarmento ja

[20] Decía a Gondomar o señor das Achas (Terra de Lemos ,26.5.601. BP 2123) que "lo que ahora queda en Salvatierra no me parece reconoce deudos ni amistad". Tendo dado conta e pedido parecer a don Diego, o de Salvaterra, "como cabeza de mi casa", verbo do casamento dunha filla, aquél respondeulle "que si bien la casa, que bien estará y si mal, lo mesmo, y que no tiene necesidad de verme". Un ano denantes o das Achas ofrecía certo favor ao de Salvaterra, "sin más condición que volver en mi gracia", escribía a Gondomar o derradeiro, "aunque ha habido las circunstancias que v. m. sabe y descortesías notables; siendo esto así... podrá enmendar todas las que ha hecho y encubrir su ruín término y debajo desta razón podrá v. m. hacer lo que fuere servido y no de otra suerte"; o que revela que Gondomar, tamén aquí como tantas veces ao longo da súa vida, percuraba arranxar as liortas e "conformar humores". (Madrid, 20.4.600, BP 2128, doc. 118).

[21] Petán, 10.4.606, BP 2115, doc. 31.

[22] BP 2113, docs. 10 e 99.

bramara pola miña señora. Mande por min que ja que v. m. naon e coRexidor farei justiza coa alçada da pimenta. E tanven se acorde v. m. de darlle marido porque tempo e a nosoutros quedar vein o que naon sei se sera se aguardar outro ynverno nesta umidad. E mais que nos quitou v. m. o bon compañeyro e nos deija en poder da justiza criminal mais con jente [b]oa que o fara ser çebilli. Dona María e dona Costanza veinjan as maons a v. m. e a boa Joanina y elas y eu as de miña señora D. Costanza y eses meus señores en cuya compañia garde Deus v. m. muytos anos e lles de tan boas saidas de Pascoas como todos os desta sua casa lle desejamos. Vayona oje vernes santo 8 de abril de 605.

Di.º Sarmiento
de Sotomayor

Perdoe v. m. o papel pequeno que aynda este naon me merezco".

"Bien se que canso. Pero descanso. Porque ya que de boca no puedo hablar siquiera una vez en la semana quiero por pluma bengarme y obligar a quien tanto quiero y devo y deseo servir a que me invie soas duas regras da sua maon pera ter por pitima para o coraçaom que en vendo letra do meu señor don Diego logo descansa; y asi a que recevim por Di.º Gra. me serve de entreter as saudades con lela cada dia. V. m. ordene como o señor tesoureiro i eu o podamos ver presto e senaom faça v. m. conta que os olandeses lle levaron dous catibos yndo aos coellos as insoas. Naom se espante v. m. destas branduras que saom Sarmento e criado a veira de Portugal. E v.m. meu señor me volve a juntar coeles. E así naom poso deixar de dezer isto e ser agradezido de quem tanta merced me faz. Os olandeses fizeron liberdad con os nabios que tomaron ao mosteiro doya. E foy que lles deron aos mestres un dos nabios con toda a sal e toda a jente dos dous botaron naquele. E pois estes fezeron esta[s] liverdades v. m. procure que meu señor don Ju.º Dacuña y eses señores da Junta do noso Portugal nola den con bribidade ao señor tesoureiro y a min. E naon pase pola maom de Figueiredo que vira muyto escasa como foy a provisaom dos mercaderes da pimenta que fez firmar a un Rey tan xeneroso e liberal que se quixeren comprar os sacos llos vendaom e se naom que llos naom prestem. Espantoume muyto esta pouquidade que se foraom mester os do meu graonçiño de Petam os mandara catar e llos prestara por levarem fazenda de sua magestade. E sendo o señor tesoureiro y eu de muyto grande coraçaom nos mandara muyto curto rescate porque Figueyredo e muyto pequeno en tudo e o meu estomago naon sofre cousas pequenas. Bolbo a dezer a v. m. que a liçença naom tarde porque ja se pasa o tempo de colle-

lo meu panziño e se naom naom terei que comer o ynverno. E ficarei como çigaRa que cantou no beraom e no inverno pedia a formiga, e meu umor ja bosa merced o save que e mais de dar que de pedir se podese. V. m. o remedie todo pois o a de ser meu. Ja me parece que so largo e quero acabar esta y a miña Janiña Sarmento me beim abraçar e naon quer que escreba mais e me parece que tein raçaom polo que deve a merced que v. m. lle faz. D. M.ª y doña Costanza v.l.m. a v.m. y ellas y yo las de mi señora doña Costanza y esos mis señores hijos de v. m. en cuya compañía guarde Dios a v. m. muchos años como yo deseo y e menester. Vayona setᵉ. 20 de 605.

Di.º Sarmiento
de Sotomayor".

LOIS TOBÍO
Madrid

O ANTITEISMO DO TEATRO DE CARLOS SOLÓRZANO

A preocupación central da dramaturxia solorziana xira arredor do problema da libertade individual e dos varios atrancos que se opoñen ao natural exercicio da mesma. A tiranía, ora sexa do espíritu (relixión, eirexa) ou política (os distintos tipos de dictadura), é o ouxeto principal da denuncia de Solórzano. Ás veces ambas formas de opresión aparecen difícilmente separables —tal é o caso do Amo, persoaxe de *Las manos de Dios*, cuxa presencia pese á súa falta de corporeidade, faise sentir con teimosía ao traveso da obra. Outras, hai unha especie de alianza entre elas (*Doña Beatriz*), pero sempre o ataque de Solórzano é igualmente apaixoado e directo. O dramaturgo revírase contra todo tipo de opresión —física ou espiritual— que de algunha maneira coute a libre espresión do indivíduo.

Un feito digno de notar que resulta da leitura superficial da obra dramática solorciana, é a obsesión deste autor co problema relixioso. Das oito obras que lle conocemos só unha (*Cruce de vías*) transcurre ao marxe de preocupacións relixioso-trascendentes. Noutras como *Doña Beatriz* e *Mea culpa* Solórzano trata básicamente do aspecto institucional da relixión facendo gala dun profundo anticlericalismo, pro vacila en pronunciarse verbo da esencia da mesma: o dogma e a moral. A posición de máis radical antirrelixiosidade do escritor guatemalteco aparece en catro das súas obras: *Las Manos de Dios, Los Fantoches, El Sueño del Angel* e *El Crucificado*. Nelas Solórzano dirixe un violento ataque contra a relixión cristiá, a súa ética e o ideal do home cristián cuxas tradicionáis virtudes de resignación, pacencia e sumisión achan neste escritor un decidido enemigo. A actitude de Solórzano está moi prósima á que Henry de Lubac chama *antiteísmo* e que o xesuíta francés esplica como aquela corrente do pensamento contemporáneo caracterizada polo inconsciente e activo repudio de Deus e do ideal de vida cristiá. O *antiteísmo* ou anticristianismo —que a elo equivale según o R. P. de Lubac— non é só negación, senón doutrina constructiva, orgánica, positiva, cuxo ouxetivo apunta a reemplazar o ideal cristián como forza inspiradora da solidaridade humá por outros vencellos de tipo social, político e cultural máis efectivo [1].

No presente traballo trataremos de esaminar a antirreli-

[1] Henry de Lubac, *The Drama of Atheist Humanism* (London, 1949), pp. V-VII.

xiosidade da dramaturxia de Carlos Solórzano. Pra simplificar reduciremos o noso análise ás catro pezas treatráis mencionadas con anterioridade, a saber: *Los Fantoches, Las Manos de Dios, El Sueño del Angel* e *El Crucificado* [2].

Los Fantoches [3] obra baseada no costume mexicán da "quema del Judas", é un esperimento no teatro do absurdo. A obra, dun solo acto, está construída encol da usanza mexicá repetida ano tras ano o día de Resurrección, de prender lume a unha efixie de Xudas castigando nela, simbólicamente, ao traidor meirande da Humanidade. Este costume sírvelle a Solórzano de punto de arrinque para se plantexar mediante uns monifates que representan toda a gama humá —o Artista, a Muller, o Mozo, o Velliño— as eternas preguntas que abouran ao individuo: qué é o home, o por qué e o para qué da súa esistencia, o significado do mundo, o ben, o mal, a libertade, a xusticia.

A acción do drama transcurre nun vello almacén nonde os bonecos áchanse confinados agardando a ser liberados polo seu creador, o Vello que Fai os Bonecos, e a Nena, súa filla (a Morte), quen en cada unha das súas visitas elixe caprichosamente ao azar aqueles que terán de a acompañar fora do almacén. Mentres os bonecos teñen espranza e creen na esistencia dun mundo mellor fora dos confíns do almacén, o seu encerro fáiselles tolerable. Pro ao descubrir que a libertade soñada non é outra cousa que a destrucción e a nada, as súas reaccións son moi diferentes. Por primeira vez esperimentan a anguria de vivir. Tratan de descubrir a razón da súa esistencia, de achar unha arela á súa vida e a este efecto interrogan ao Vello que Fai os Bonecos en espera dunha resposta que poña fin á súa agonía. Pro as súas preguntas esfáchanse contra o muro do seu silencio. Desesperados os monifates incrépano: "¿eres mudo ademáis de seres xordo e cego?" (31). E conclúen: "El dorme pro deixóu a esa nena tola (a Morte) con libertade para elexir. Ela é a única que é libre. Todos nós atados de pés e máns con estas terribles cordas e ela libre e desenfreada... ¿É esa a única libertade que fuches capaz de crear?" (32).

O Deus de *Los Fantoches* é un persoaxe despreocupado, senil, que preside indiferente o continuo atormentarse dos homes coas sempre vitáis preguntas do seu vivir e morrer. A anguria do indivíduo responde co silencio. Ao final un monifate sinala: "Acaso o noso error está en agardar de El unha resposta" (31). E en forma semi-consciente os bonecos seme-

---

[2] O orden non corresponde á estricta cronoloxía en que foron escritas estas obras, pro a enumeración enunciada axudaranos a expresar con maior claridade a unidade de pensamento do autor.

[3] Carlos Solórzano, *Tres Actos* (México, 1959), pp. 11-13.

llan concluir que a resposta aos seus interrogantes, cando posible, haberá de vir do interior deles mesmos.

A idea inicial de Deus como un ser pasivo e inútil faise máis negativa ao longo da obra. A divinidade non é xa só indiferente senón nociva e inxusta. Cando os bonecos descubren que Xudas, a quen a Nena "liberóu" do seu encerro, perece víctima do fogo, a dúbida xurde nas súas mentes. Algúns tratan de xustificar a súa morte: "...A Xudas sucedeulle eso... porque era malo... era traidor", di o Cabezón, "...o Vello destruíuno porque era malo", insiste o mesmo persoaxe. "Entón o Vello é bó", conclúe o Mozo. "¿E se non é así?" —pregúntase o Artista— "¿E si ven por calquera de nós e nos fai arder no mesmo lume que a Xudas?" (25).

A mera esistencia de Xudas (símbolo do Mal), atormenta aos bonecos. Cando por primeira vez os monifates comentan a súa traición a Cristo a Muller ouserva con incredulidade: "...si fora malo Xudas o Vello nono poñería eiquí, encerrado con nosco" (18). Si o fixera —a implicación é automática— a súa bondade quedaría en dúbidas. A concencia dos monifates semella naufragar ante a disxuntiva que implícitamente se lles ofrece: ou ben Deus non é omnipotente (e non pode evitar o Mal), ou non é benévolo. A alternativa é igualmente perturbadora. A única certeza que os bonecos reconocen é a presencia permanente entre eles dun Xudas. Cando a Nena, por un azar, elixe a este persoaxe para levalo na súa compaña, o Vello sustituio por outro semellante. Comenta filosóficamente un dos bonecos: "Nunca faltóu eiquí un Xudas. Sempre está de costas, sin falar" (22). Con Xudas ou sin el os monifates descobren que é absurdo agardar a seren "liberados", soñar con outra vida, que o único que verdadeiramente conta é a realidade terrestre, o ter compartido día a día o gozo e a mágoa, o sentir latexar o pulso da vida ao traveso dos seus atormentados corpos de monifates.

En *Las Manos de Dios*[4] Solórzano vai máis alá na súa denuncia do "mito" relixioso. O que en *Los Fantoches* é aínda dúbida, convírtese en certeza en *Las Manos de Dios*. E si no primeiro caso o pesimismo e a desesperación conduciron ao *antiteísmo,* o refugamento de Deus leva eiquí direitamente ao *satanismo.* Si o que rexe os destinos do mundo permite que o mal reine impúnemente nel, tal soberán é necesariamente perverso e, mesmo por eso, o seu adversario e opoñente —Satán— haberá de ser esencialmente bondadoso. Tal foi o razonar dos escritores románticos desde Vigny a Baudelaire[5].

---

[4] Solórzano, "Las Manos de Dios", en *El Teatro Hispanoamericano Contemporáneo,* ed. C. Solórzano (México, 1964), Vol. II pp. 303-358.

[5] Maximilian Rudwin, *The Devil in Legend and Literature* (Chicago-London 1931), p. 306.

Carlos Solórzano parte de semellante premisa para construir o seu drama.

Las Manos de Dios, auto en tres actos, estrenóuse na cidade de México en agosto do 1956. Nesta obra Solórzano presenta con considerable talento e facendo uso da alegoría característica dos autos sacramentáis, o tema da opresión (física, política, espiritual) do indivíduo. A acción ten lugar na época presente nunha pequena poboación de Iberoamérica. A este rincón do universo onde os homes viven tristemente resignados baixo a tiranía do Amo, chega un Forasteiro (o Demo), quen por intermedio de Beatriz —xoven campesiña determinada a liberar ao seu irmán da cadea a que inxustamente o condenóu o Amo— trata de redimir ás xentes do pobo do temor, o abafamento e o sentimento de culpabilidade que os esmaga. O Forasteiro busca restituirlle ao home a libertade que lle foi dada co seu nacemento e que no decorrer dos anos se foi deixando desposuir. A tensión dramática da obra céntrase arredor da retesía de vontades entre o Demo e o Crego por se ganaren a Beatriz —e con ela ás xentes do pobo. O efecto teatral desa retesía intensifícase e faise máis espresivo ao traveso da pantomina do coro de campesiños que con movementos agónicos responden indecisos ora ás chamadas do Crego ora ás invocacións do Forasteiro. Ao cabo si ben o Demo gana para a súa causa a Beatriz, falla en liberar ao resto da poboación. Pro a súa derrota —e o precio que Beatriz paga pola súa libertade— non abondan para o disuadir de futuras aventuras.

En *Las Manos de Dios* o ataque de Solórzano contra a Eirexa católica e a relixión e a ética cristiás é máis decidido e aberto. O seu *antiteísmo* é eiquí máis virulento e manifesto. Deus é un ser vengativo que envía xeadas que destrúen as colleitas, que presencia indiferente a fame das xentes, que permanece inconmovible dediante da miseria e da morte. Cando o Forasteiro lle suxire a Beatriz que vaia á eirexa e roube as xoias do Pai Eterno a fin de acadar con elas a libertade do seu irmán, a rapaza recúa arrepiada. Teme a ira divina: "¿Quén pode saber como quererría castigarme? Con El nunca se sabe" (323). A súa imaxe inspíralle terror: "...nunca me estrevín a ollala de perto, dáme tanto medo..." (324). O Demo, con todo, trata de a tranquilizar; asegúralle que no momento de levar a cabo o roubo —acto de ruptura con Deus—, sentirase liberada e inmunizada contra o medo. Pero Beatriz resístese: "¿...non comprendes que o que me pides é superior ás miñas forzas? É a Deus a quen queres que despoxe" (324). Ao que o Demo responde estremecido: "¿Ónde está Deus? É unha imaxe de madeira que despoxada das súas xoias e resplandores, aparecerá aos teus ollos e aos de todo este pobo, como realmente é: un anaco de materia inanimada á que eles mesmos lle deron vida" (324).

En contraste coa idea dun Deus "satanizado" Solórzano preséntanos a imaxe dun Demo "divinizado", cheo de perfeccións. A súa aparencia arrédase totalmente da do demo tradicional. É xoven, distinguido, compasivo. O Demo de *Las Manos de Dios* é o Anxo rebelde que botado do Paraíso polo seu pronunciamento contra a tiranía divina, continúa a súa loita contra a opresión do home na terra. Busca liberar o espíritu humán das forzas que o tiranizan, conducir ao home polo camiño da razón e do progreso. Cando o Forasteiro fala con Beatriz e lle descobre a súa identidade, esta contémplao con sorpresa; as súas creencias sobre o demo non se axustan coa realidade que ten dediante dos ollos. De ahí que o Forasteiro lle esplique:

> "Debo de che advertir que teño duas crases de nomes. Uns foron inventados para asustar aos homes e facerlles crér que non deben seguir o meu exemplo: Mefistófeles, Luzbel, Satanás. Coma si eu fora o mal absoluto. O mal esiste, por suposto, pro eu non son o representante. Eu só son un rebelde, e a rebeldía, para min, é o meirande ben. Quíxenlles ensinar aos homes o por qué e o para qué de todo o que os arrodea; do que acontece, do que é e do que non é. ...Debo de che decir que eu prefiro outros nomes...: para os gregos fun Prometeo, Galileo no Renacemento... Os nomes cambiaron, pro eu sempre fun o mesmo: Caloñado, temido, despreciado e o único que sempre quixen... é achegarme ao Home, axudarlle a vencer o medo á vida e á morte, á anguria do ser e do non ser. Quixen achar para a vida outra resposta que non batera sempre coas portas pechadas da morte, da nada" (315-316).

O Demo incansable prosigue a súa campaña de liberación. No seu primeiro encontro co Sineiro do pobo indícalle: "Non reces, nin vaías á eirexa. Son formas de te aniquilares, de deixares de confiar en ti mesmo" (308). Para Solórzano a relixión é unha falacia que leva ao home a fuxir do real, a evadir o problema da vida e máis da morte. A relixión —e a espranza no Máis Alá— conducen á resignación. E para Solórzano o vivir non é resignarse. A solución está, xa que logo, na rebelión; só mediante ela recobrará o home a súa vontade e independencia. E o Demo é o encarregado de propagar este evanxelio. Dilles aos campesiños: "Trátase de ir agora á cadea, ir á eirexa, abrir as portas de par en par e deixar ceibos a todolos que estiveron ahí aprisionados" (353). O seu chamamento, con todo, é incapaz de vencer o medo das xentes e o Demo, decepcionado, chora a súa derrota. Só Beatriz, convertida ao novo credo e en trance de morrer, pon unha nota de espranza á desolación do Forasteiro. Di a xoven: "Algún día as xentes

cansáranse de crer no vento e saberán que só é imposible o que eles non queiran acadar" (358).

Para Solórzano a Eirexa co seu ríxido dogmatismo, a súa defensa do orde, é a principal causa da escravitude do indivíduo. Unha vez máis o dramaturgo non refrea os seus sentimentos anticrericáis. A hiprocresía do Crego, os seus xestos teatráis, o seu cinismo son un claro contraste co desinterés, a abnegación e a sinceridade do Demo. As dúbidas e preguntas que a presencia do Forasteiro desperta nalgúns espíritos esfáchanse coa intrasixencia do Crego: "A nós non nos compre preguntar, meu fillo, só obedecer", dille ao Sineiro. "As preguntas na nosa profesión chámanse herexías" (31). A súa victoria final sobre o Demo non é froito da persuasión, da forza dos seus argumentos, senón resultado da manipulación do medo e máis da superstición populares. Ao ver as súas colleitas amenazadas polo súpeto desencadeamento do vento do Norde, os campesiños, interpretando o feito como un castigo divino, achéganse tremantes ao Crego invocando o seu perdón mentres o Demo, derrotado, presencia desolado a colectiva humillación.

En liña co tema tratado en *Las Manos de Dios* áchase o drama nun acto *El Sueño del Angel* [6]. Eiquí Solórzano, con grande economía de persoaxes (son dous tan só os caracteres que interveñen na obra: a Muller e máis o Anxo), denuncia unha vez máis o dogmatismo da relixión que afoga a espontaneidade e independencia do espíritu humán. A Muller, de aparencia murcha, delongada por anos de sofremento, soporta a cotío a tortura do interrogatorio a que a somete o seu Anxo da Garda para que confese —e se arrepinta— do único instante de felicidade que sentíu na súa solitaria vida: o ter sido amada polo marido da súa irmá. O Anxo, durante cuxo soño tuvo lugar o acto, representa a ríxida maquinaria do dogma que según o dramaturgo guatemalteco, mantén ao home en estado de pasiva aceptación. De ahí que ao describilo Solórzano non disimule os sentimentos que lle inspiran: "É un rapaz fermoso pero o seu aspecto ten algo de grotesco: é demasiado sonrosado e runfante con un xesto firme na cara na que se adivina a crueldade. A súa figura lembrará en suma a de un arcanxo de calquera eirexa, rubicundo e atlético con aire de autoridade insolente" (44). Na súa determinación de conquerir unha confesión da Muller o Anxo prosigue inflexible a súa diaria tortura. A Muller deféndese e xustifica:

MULLER.—Quería ser libre... Por un momento tan xiquer.
ANXO.—¿Libre? ¿Libre de Deus? ¿Libre do ben e do mal?
MULLER.—Nono séi... Quería ser libre dos meus propios

[6] Solórzano, "El Sueño del Angel", en *Tercera Antología de Obras en un Acto*, ed. Maruxa Villalta (México, 1960).

pensamentos, de todo o que me ten torturado sempre. Quería abandonarme eu tamén... (48).

A súa fortaleza con todo váise delongando pouco a pouco e diante da constante presión do Anxo, a Muller admite a súa caída. Pro a confesión non abonda; é necesario o arrepentemento —e a penitencia. E pese á súa rebeldía inicial a Muller, agotada, responde mecánicamente aos dictados do Anxo flaxelándose e recitando sin convicción as fórmulas do arrepentemento. A obra, xa que logo, ilustra unha vez máis o espíritu antirrelixioso do autor.

En *El Crucificado* [7], farsa tráxica nun acto, Solórzano achégase a un dos dogmas centráis do cristianismo e interprétao con unha irreverencia lindante coa blasfemia. A obra consiste nunha escenificación da Crucifixión e está inspirada na representación que anualmente se celebra o día de Vernes Santo, no lugar de Ixtapalapa (México). Os persoaxes: Xesús, María, Madalena, os doce Apóstolos, son outros tantos campesiños escolleitos polo Crego para interpretar os respectivos papéis. Á súa beira o pobo todo participa na farsa e nun ambiente antroidesco e embrutecidos os actores, estimulados polo alcohol consuman a Paixón. A bebedeira dos persoaxes, o burdo dos disfraces, a axitación delirante do pobo, o vértigo en que se suceden os fatáis acontecementos dan a esta obra unha calidade grotesca que nos fai lembrar o teatro de Michel de Ghelderode, o dramaturgo belga tan admirado por Solórzano.

A acción dramática de *El Crucificado* céntrase arredor da persoa de Chucho, campesiño elexido para interpretar o papel de Xesús. Pese ao carácter irreal da representación Chucho asiste inquedo aos preparativos da obra. Conforme se achega a hora do espectáculo o campesiño, excitado polos efectos do alcohol que xenerosamente lle dan a beber os seus compañeiros e polo realismo do disfrace, empeza a se posesionar do seu papel. Semella como si respondendo a primitivas supersticións según as cuales a máscara ou disfrace tiña a virtude de transformar ao indivíduo, de o convertir na persoa representada, Chucho tamén se indentificará co seu persoaxe (Xesús), e no medio do frenesí da moitedume sofre a súa mesma sorte: a morte na cruz.

No decorrer da obra Solórzano pon en dúbida a validez de certos dogmas básicos da relixión cristiá: o pecado orixinal, a resurrección da carne, a divinidade de Xesucristo. En ocasións o ton é francamente blasfematorio. En *El Crucificado* Solórzano manifesta unha vez máis a desconfianza que sinte por toda ideoloxía [8]. Cando María reprende ao seu fillo por

[7] Carlos Prieto y C. Solórzano, *Dos Obras* (México, 1957), pp. 25-39.

[8] Solórzano, con todo, admite a necesidade dun ideal. Na súa tese de Maestro de Letras *Del sentimiento de lo plástico en la obra de Unamuno*

se ter embebedado e lle sinala que en tal estado será incapaz de atender ao coidado da sementeira, Xesús respóndelle: "Quéresme desviar da miña misión por cousas tan cativas como as sementeiras?" Ao que María replica: "...as sementeiras son as que nos dan para vivir. ¿Qué faríamos sin elas? Ti con todalas tuas palabras e loucuras non poderás darnos de comer si non hai sementeiras. Desperta xa e pensa que eres un pobre rapaz, fillo dunha muller sola, que ten que se ganar o pan de todolos días..." (33). Ao cabo cando no medio do delirio da moitedume Chucho é crucificado, María e Madalena (a súa noiva), choran desconsoladas. Madalena recrimínalle con amargura: "o verdadeiro culpable foi el. El foise, pasóu da bebedeira á morte sin o sentir e deixóunos eiquí soias, probes, famentas, esquecidas... O moi parvo estaría pensando que ca súa morte ibamos ganar algo..." (39). Hai nestas derradeiras palabras, por enriba do seu significado aparente, un eco do "Il n'est pas mort pour eux..." [9] de Albert Camus interpretadas no sentido de que Xesús non acadóu a cambiar o curso da historia, mellorar verdadeiramente a condición dos probes e malpocados. E esta semella ser tamén a conclusión derradeira a que chega Solórzano en *El Crucificado.*

A hostilidade de Carlos Solórzano cara a relixión cristiá e a súa ética posta en evidencia nas catro obras analizadas, non oculta o feito que o dramaturgo guatemalteco é un espíritu esencialmente relixioso no que o cristianismo deixóu un profundo calco. Solórzano ten conciencia do misterio que rodea ao destino humán, o conocemento dos seres e as cousas, misterio que se fai máis evidente a cada intento seu por penetralo: E con certa modestia reconóceo así: "...hai... temas tan irresolubles como o da morte que coido non hai a quen non lle movan a meditación [10].

llos hombres que todo lo vieran en sí mismos dando de muerte a lo pasado con la cuchilla del verdugo. Algunos rayos del sol de la Alemania penetraron por los Pirineos e iluminaron el entendimiento de los talentos de la Patria de Saavedra Fajardo. Donoso Cortés y el joven escritor de la historia de la *civilización española,* están filiados en esta escuela providencial y humanitaria. Remontándose a la adelantada civilización turdetana, al orientalismo español, a los concilios de Toledo, a la cultura musulmana, y a la inquisición, han formulado un principio filosófico en que estriba una sociedad religiosa e inteligente.

La ciencia alemana se ha hecho ya española en el corazón de muchos jóvenes que creyentes en lo pasado y llenos de fe en la tradición, sólo ven en la risa sardónica de Voltaire un gesto de ambición desmedida, y en la hipócrita sencillez de Rousseau un mentido apostolado de la filosofía. La escuela histórica ha vencido al siglo XVIII, y aquella Convención que amenazada por la espada de un soldado arrojó el gorro jacobino, aparece de esta suerte pequeña en sus formas y lúgubre al lado de los filósofos que en la historia han hallado las leyes que presiden a los destinos del mundo.

Núm. 11 de "El Recreo Compostelano", pág. 169

LA LIBERTAD COMO PENSAMIENTO POLÍTICO LITERARIO

Nuestra época ha llevado en sus creaciones su originalidad y concepción a todo lo intelectual de la sociedad y con la luz de esa regeneración, cantada por los poetas del siglo XVIII, con que engrandeció a todas las ciencias, ha dado una lozana existencia y nueva vida a la humanidad, realizándose con ello la segunda era del mundo. Nuestros estudios nos conducen a reconocer en todas las partes de la ciencia humana que han querido regularizar Bacón y D'Alembert un principio que domina a todas las ciencias, principio que las ha dado un grande impulso y que ha extendido prodigiosamente sus límites. Nacido en la vieja sociedad ha socavado los cimientos de la monarquía y se ha elevado a fundador de otra sociedad con nuevas necesidades, nuevos instintos y nuevas virtudes. Popularizado y admirado por todos como el *palladium* de cuantas reformas se han hecho en Europa hace medio siglo, es ya un sentimiento nacional que ha reemplazado al sentimiento religioso. ¿Qué principio tiene pues el siglo XIX? *La libertad.*

La libertad ha sido el legado que dejó a los hombres del siglo XIX la Europa moribunda del feudalismo y ha llegado a nosotros como el último resíduo de las verdades que la humanidad había atesorado por tantos siglos.

Platón anunció al mundo la verdad política; y el pueblo griego era el que en las plazas públicas declaraba la paz o la guerra. Colatino vio reflejado su civismo en el corazón de sus nietos y Bruto se sonrió al ver un puñal en las manos del sobrino de César. Ni los treinta tiranos, ni el aliento de los Césares han podido borrar del corazón de los hermanos de Catón aquella verdad por la que bebiera la cicuta el virtuoso Sócrates y se diera la muerte el vencido Filipos. El monumento edificado por el pueblo de Pericles y por la

nación de los Gracos se oscureció en la noche que trajeron consigo los pueblos del Norte. Mas cuando en Lutecia se reunió una juventud bulliciosa y se sentaron en las aulas los Abelardos rayó un momento de esperanza, y huyendo de los campamentos de la Palestina se abrigó en los corazones de Wiclef, de Hus y de Jerónimo de Praga, se conmovió la Europa, agrupándose los pueblos al pie de los tronos de los reyes. Lutero cree en sí mismo y amenaza con su pluma al Vaticano; y de este modo la libertad oscilando de un siglo a otro, de una nación a otra, desde Atenas a Roma, de Roma a las Universidades y a los reformadores del renacimiento, se filtra por los entendimientos, circula por las obras de todos los escritores, hasta que el pueblo que derribó la Bastilla presentó completa la fórmula social. La libertad iniciada en las sublimes concepciones de Platón se introdujo en todos los sistemas socialistas hasta Rousseau y Raynal, y purificada por los tiempos y por la filosofía cuando Legendre recogió las llaves de los jacobinos, la libertad no obstante fue el patrimonio que nos dejó afianzado la sociedad agonizante. El mismo Bonald odiaba al despotismo, Chateaubriad quiere libertad al borde del sepulcro, y no hay pueblo que no tenga Constitución. La Turquía adora su *haitti-scherif;* un anciano aclimata a orillas del Nilo la planta europea: Owen, S. Simón, Fourier y todos sus discípulos aman también la libertad como base de sus utopías.

Preciso es entender por libertad en las ciencias naturales el poder de observar y discurrir en los fenómenos de la naturaleza por la razón y experiencia y deducir principios y leyes, resultado sólo del estudio filosófico de los hechos, desechando la autoridad y la tradición. La tradición y la autoridad que impusieran su yugo impidiendo por tantos siglos su desarrollo, haciendo vagar las ciencias naturales por la región de las quimeras, fueron vencidas por los partidarios del libre pensar; y desde que el amante de Heloísa y el autor del *Novum organum* se levantaron osados contra su siglo la inteligencia marchó por sí misma y de lo pasado tomó hechos y no principios. Algunos sabios diseminados por la Europa evocaron las sombras de los genios de Euclides y del matemático de Siracusa, y afianzando sus sistemas sobre la eterna verdad matemática, aplicaron a la naturaleza su cálculo y no vieron en el mundo físico sino causas y efectos. Copérnico en sus profundas meditaciones halló en los espacios de la divinidad un principio y una ley; el matemático de Pisa eternizó la verdad del naturalista prusiano, fundó el verdadero estudio de la naturaleza y alcanzó introducir la filosofía en las ciencias exactas; y si mártir de la verdad agonizó en los calabozos de Roma por la razón y por la filosofía... el genio del anciano Galileo resplandeció en el alma del sencillo Newton, que robando a la naturaleza sus secretos, descubrió la armonía de los cielos y el sublime plan porque Dios gobierna al mundo. El estudio y la razón proclamados en el siglo XVII como única autoridad, crearon una época en todas las ciencias que elevan su pensamiento a la organización y a la materia. Entronizada la duda de Descartes, con D' Alembert y Laplace, Lavoisier y Cabanis, el siglo XVII al fallecer nos ha legado con Hauy y Berzelius, Broussais y Gall, la libertad en las ciencias que arrebatan a la naturaleza sus misterios.

Y la literatura de las pasiones ya se estudie en la musa misteriosa del bardo escocés, ya se escuche en la boca de Werter, en Childe Harold, ya libre y regenadora en las canciones del poeta popular,

ya cristiana en el alma de Eudoro; ora en las sublimes inspiraciones del autor del *Moro Expósito*, de los *Cantos del Trovador*, del *Diablo Mundo*, ora en las palabras balsámicas de Arolas; ya que nos llene de congoja *Claudio* y *Esmeralda*, ya temblemos al oír a *Antony*, la literatura contemporánea tiene un carácter propio, exclusivo, que la distingue de la de todas las demás épocas, como distinguimos un cuadro de Rafael entre los innumerables de un Museo. Este tipo es el espíritu de libertad que brilla en Walter Scott, en Byron, en Goethe, en Beranger, en Chateaubriand, en Saavedra, en Zorrilla, en Espronceda, en Víctor Hugo y Alejandro Dumas. Es la inspiración sobre todas las demás inspiraciones que conmovió las fibras del corazón de estos genios. Es como la savia que circula por cada pensamiento, por cada inspiración de las grandes obras del siglo. Si alguno pulsa la lira de los monarcas sus sonidos son tan débiles como los del moribundo.

Las ideas libres caminan al lado de las concepciones del poeta, y por eso los acentos de Shakespeare y Calderón han sonado con robustez en la escena y el pueblo aplaude a *Carlos 2.º* y a *Guzmán el Bueno*. El poeta que combate existencias es el genio de las masas y quien señala la senda de la gloria a numerosa juventud que hallándose ella sola con grandes pensamientos en medio de una sociedad incrédula, obedece a sus generosas inclinaciones, no consultando otro libro que el corazón.

Así la política, las ciencias naturales y la literatura en todas sus formas encierran un principio de libertad que le da su carácter social y civilizador. ¿Y se habrá hermanado también con las doctrinas de unos hombres sencillos que hace diez y ocho siglos predicaban la fraternidad?

En otra ocasión lo sabremos.

Mayo 26: 1842

A. FARALDO

Núm. 12 de "El Recreo Compostelano", pág. 183

"MARI-HERNÁNDEZ LA GALLEGA"
—NOTAS PRA UN PRÓLOGO—

1. A COMEDIA

A comedia *Mari-Hernández la gallega* é unha das trescentas e máis que saíron da pruma do frade mercedario Frai Gabriel Téllez, universalmente coñecido polo seudónimo: Tirso de Molina.

Hai dúbidas do tempo en que se fixo, e representóu; pois, namentras Cotarelo y Mori pensa no ano 1625, Blanca de los Ríos sinala o de 1613, data ca que estóu de acordo, e dou por boa.

O pensamento de Tirso ao escribila estaba posto en Galicia; mais ¿cóma xermolóu nil isa ideia?; arríscome a pensar que por efecto persoal de alguén, ou, porque, percorrendo a zona xeográfica donde se desenrola a comedia, rescibéu tal impauto, que o levóu ao papel.

A obra forma parte do *Ciclo galaico,* isa provincia do Teatro tirsiano, que nace en Santiago, con *La villana de la Sagra,* e que conta hastra catorce comedias, entre as que se atopa *La romera de Santiago.*

A estructuración de *Mari-Hernández la gallega* está perfeitamente concebida e conducida. Para don Antonio Gil de Zárate, contén: "descripciones de una sencillez y verdad encantadoras". (B.A. E. 1850; T.V., p. XXIV). Don Pedro Muñoz Peña dicía en 1889: "*La gallega Mari-Hernández,* no es sólo la mejor de las creaciones de Tirso, sino que dudamos que haya otra en todo el teatro español tan genial y de tanta transparencia artística, tan arrogante y que tanto interés nos inspire". (El teatro del Maestro Tirso de Molina. Estudio crítico-literario... Valladolid, 1889; p. 421). Poida que non estemos de total acordo co seu xuicio, un tanto panexirista, pro non se lerán en balde as páxinas 399-423, dise librote de 694.

No prólogo que Felipe Pérez Capo antepuxo, en 1944, á súa refundición da comedia tirsiana, acepta as ideias de Muñoz Peña: (La gallega Mari-Hernández. Colección Austral. Madrid, 1944; hai segunda ed. de 1952).

Cotarelo y Mori non están de acordo coas formas aristocráticas que outros ven na versificación da obra, antes ben, atopa nela: "una de las que tienen lenguaje menos limpio, y... quizá no sea fuera de camino el creer que ella motivaría aquella especie de persecución que empezó para Tirso precisamente en 1625". (N.B.A.E., 1907; T. II., p. XXII).

Blanca de los Ríos, a "noiva de Tirso", como a chamóu Pemán, pubricóu verbas máxistrales sobor do mercedario, e adica a "*M.-H.*", (eisí a nomearéi deiquí adiante), as páxinas 53-64, amén das notas que vai deixando a pé de texto, na comedia. (Obras Dramáticas Completas. Madrid, 1952; T. II., pp. 53-109). Opina que Tirso de Molina non falóu de referencias, senón que canto recolle na súa peza teatral está visto e ouvido por il mesmo; emporiso decrara que: "La pintu-

ra de la vida rural de Galicia está trazada ante el natural con brocha gayesca".

Nos estudos tirsianos de doña Blanca, interfiréuse Taboada Chivite, quen, no ano 1948, pubricóu na "Revista de Guimarães", e dimpóis en separata, o folleto *Del jardín de Tirso. Glosas y aspectos de La gallega Mari-Hernández.* No intre do seu aparecimento fixen a crítica do folleto, eisí que agora somentes diréi que algunhas das súas ouservacións foron ademitidas, e outras reitificadas pola escritora.

Outra escritora, Carmen Bravo-Villasante, lémbrase de *M.-H.,* cando fala das mulleres de Tirso que se disfrazan de home. Certo, a galega da Limia tamén usóu ise disfraz, pro non foi pra defender seu honor, —que non o perdera—, senón pra seguir ao seu amor. Nin se presenta como aquela galistrona doña Xoana, de *Don Gil de las calzas verdes,* senón, coma Tirso refire: "María, de gallego honrado". O seu diálogo co Conde de Monterrey resulta de un barroquismo artimañeiro, verdadeiramente gracioso. (Bravo-Villasante: "La mujer vestida de hombre en el Teatro Español" (Siglos XVI-XVII). Madrid, 1955).

Tamén causóu sensación *M.-H.* nos lectores estranxeiros, asegún se pode ver no volume: *Studi tirsiani. Milano,* 1958. Trátase dunha pequena escolma de textos, donde Guido Mancini considera como "commedia pseudo-stórica *Mari-Hernández la gallega*", (p. 21), a tempo que a define: "deliziosamente giovaníle", (p. 30); engadindo que: "sono presentati con ironía alcuni caratteri dei portoghesi", (p. 55). No mesmo volume, Ferdinando Rosselli prantea seu parescer sobor dos métodos de Tirso na *M.-H.,* destacando "la lettararietá della sua posizione di fronte al tema della vita e a quello della natura in génere", (p. 117).

O ferrolán Xosé María Viqueira, profesor en Coimbra, adicóu páxinas afervoadas a *M.-H.,* anque olladas a través do prisma luso; veleiquí un dos párrafos: "En esta pieza, como el título indica, el enredo gira en torno a una figura femenina de Galicia, es cierto, como protagonista principal. Pero también es verdad que en la obra salta a la vista el abrazo diamantino y directo de la unidad sentimental que los dos pueblos tenían ganada y bien arraigada en el alma de Fray Gabriel Téllez". ("Lusofilia de Tirso de Molina. Coimbra, 1965"; pp. 51-54, 90-97, e 158-163).

Non é mester seguir colleitando pensamentos, ideias, e xuicios, encol do valor humán-literario de *M.-H.,* xa que, non se trata eiquí dun ensaio, senón dun artigo de presentación.

2. TÍDUO DA COMEDIA

Antes de seguir adiante, non estará demáis o deixar ben craro o tíduo da comedia, pois hai quen, trafulcando as verbas, escríbeo diste xeito: *La gallega Mari-Hernández.* O mesmo autor xoga co il, a un contra cinco; pois, si é verdade que na escea final do auto segundo dí:

Cómo castiga desprecios
la gallega Mari-Hernández,

en troques, noutros pasaxes da obra, insiste no verdadeiro tíduo; eisí, na escea X, do auto I, perguntándolle don Álvaro cómo se chama, ela contesta: *Mari-Hernández la gallega.* Nos versos finales da escea II, auto II, dirixíndose a don Álvaro, volve a dicir:

¿Qué no seré yo por vos,
Mari-Hernández la gallega?

Na escea XVIII, do auto III, vólvese a falar de *Mari-Hernández la gallega;* pouco despois, atopándose co rei don Xoan II de Portugal, e querendo saber il quén era, respondéulle: *Mari-Hernández la gallega.* Finalmente, a comedia con istes versos da protagonista:

Mari-Hernández la gallega
he sido en aquesta historia,
Senado, y Tirso el poeta.

A mesma dúbida de tiduación houbo nos editores da comedia. No século XVII, en vida do autor, figura como *La gallega Mari-Hernández;* no século XVIII, doña Teresa de Guzmán cambia de rego, e pon: *Mari-Hernández la gallega,* e iste aviso: "corresponde con el original". No século XIX danse as dúas variantes; e no século XX, en que vivimos, as edicións de Hartzenbusch siguen con: *La gallega...*; e doña Blanca de los Ríos, a mellor conocedora dos textos tirsiáns, apadriña o nome de: *Mari-Hernández la gallega.* Con ela estóu, pois penso que eisí a debéu chamar o poeta.

¿Por qué ise nome composto de Mari-Hernández? Habería que contestar con Horacio: "poetis atque pictóribus...", xa que os poetas inventan canto queren. Na fala do pobo hai Mari-Pepas, Mari-Carmes, e Mari-Mandonas. Os crásicos chuchaban a mel de tódalas falas, artesán, cortesán, ecresiástica, labrega, etc., e recollían os nomes cotidiáns, coma o da nosa labrega da Limia; tamén ela, en determiñado momento da historia trae a conto a "la gata de Mari-Ramos". Compre acrarar que, non se dan nomes compostos en persoaxes tirsianos da nobreza; pero sí nos dabaixo; por exempro, a nosa serrana; Mari-Ramírez, leda moza de pousada; Mari-Pablos, que é pastora; Mari-Pascual, labradora castelá, e non sei si algunha máis.

3. EDICIÓNS DA COMEDIA

Si non sabemos fíxamente cándo se escribíu a comedia, sabemos que a representóu Vallejo no ano 1625, no Pazo Real de Madrid, o 24 de abril de dito ano. O poeta comediógrafo incluíuna na primeira parte das comedias imprentadas no ano 1627, tanto en Sevilla, coma en Madrid. Vexamos algunhas edicións da comedia.

1627 "*Doce comedias nuevas del Maestro Tirso de Molina. A don Alonso de Paz... Primera parte. Sevilla, Francisco de Lyra...* 1627".

A comedia que nos interesa ocupa o posto nove, das doce que compoñen o tomo.

1627 "*Doze comedias nuevas del Maestro Tirso de Molina. Al Doctor Iuan Pérez de Montalvan natural de Madrid... Sevilla, año de* 1627".

1631 "*Doze Comedias Nuevas del Maestro Tirso de Molina. Al Doctor Iuan Pérez de Montalvan... Año* 1631. *En Valencia en casa de Pedro Patricio Mey*".

Nista edición suprimiron dúas comedias, a segunda parte de *El castigo del pensé que,* e *Mari-Hernández la gallega.* Un tirsista ao meu ver, colléu un exemprar solto, dos de doña Teresa de Guzmán, e intercalóuno no volume que hoxe figura na Biblioteca Nacional, Raros 18.710.

1733. *"Comedia Famosa, Mari-Hernández la Gallega. Del Maestro Tirso de Molina".*

Edición feita: "A costa de Doña Theresa de Guzmán...", polo ano 1732 ou 1733, con 32 páxinas, e texto a dúas colunas.

1824. *"Mari-Hernández la gallega. Comedia... refundida por A. R. Martí, año de 1824".*

Non parés que se haxa imprentado; dá noticia dela o Cotarelo, e dí que hai copia na Bibrioteca Nacional.

1839 *"Teatro escogido de Fray Gabriel Téllez, conocido con el nombre de El Maestro Tirso de Molina. Tomo I. En Madrid: En la Imprenta de Yenes... 1839".*

Trátase da Coleición de Xoan Uxio Hartzenbusch, que consta de 12 volumes, aparecidos entre os anos 1839-1842, contendo tres comedias cada volume.

1850 *"Comedias Escogidas de Fray Gabriel Téllez (El Maestro Tirso de Molina) juntas en colección e ilustradas por Don Juan Eugenio Hartzenbusch. Segunda Edición. Madrid... D. M. Rivadeneyra... 1850".*

É a mesma coleición devandita, nun soio tomo; a nosa comedia está nas páxinas 109-127. Volvéuse a imprentar en 1944. Forma o Tomo V da "Biblioteca de Autores Españoles", ou B.A.E.

1863 *"Mari-Hernández la Gallega, comedia en tres actos y en verso por Tirso de Molina. Representada nuevamente en Madrid, en el Teatro del Príncipe, el mes de abril de 1863. Imprenta de Narciso Ramírez... Barcelona, 1863".*

Libriño de 25 pp., editado polo "Museo Dramático Ilustrado", de Barcelona. Leva na portada un dibuxo de Llopis, referente á escea X, do auto I.

1866 *"Teatro Selecto. Colección de las mejores obras teatrales.*

1866 *"Teatro Selecto Antiguo y Moderno, Nacional y Extrangero, coleccionado... por Don Francisco José Orellana... T. I. Barcelona..., 1866".*

Das once comedias de Tirso, incruídas nista coleición, a número sete é *Mari-Hernández la gallega.*

1929 *"Teatro Selecto. Colección de las mejores obras teatrales escritas en España, Portugal e Hispanoamérica... Colección "Algo". Barcelona, 1929".*

Das tres comedias de Tirso, a terceira: *La gallega Mari-Hernández,* acaba na páxina 354.

1944 *"Tirso de Molina. La gallega Mari-Hernández. La firmeza en la hermosura. (Refundidas por Felipe Pérez Capo. Espasa Calpe, S. A.).*

Salíu do prelo o 18 de maio de 1944. Forma o núm. 442 da "Colección Austral"; volvéuse a imprentar en 1952.

1944 *"Comedias escogidas de Fray Gabriel Téllez... Madrid, 1944".*

Ista edición renova o Tomo V da B. A. E. (1850), da que é unha copia fotofeita.

1952 *"Tirso de Molina... Obras dramáticas completas. Edición crítica por Blanca de los Ríos. Tomo II. Ediciones Aguilar. Madrid, 1952".*

O texto da Comedia, co seu preámbulo, abrangue as páxinas 53-109. Hai novas edicións de 1962 e 1969.

Quen desexe un mellor conocimento bibliográfico das fichas devanditas, serálle de proveito consultar os catálogos de La Barrera, Cotarelo, E. W. Hesse, e Gumersindo Placer, (Bibliografía Mercedaria, T. II., pp. 872-932).

Non sei que, na Galicia, se haxa feito algo por lér ista comedia no noso idioma, sendo como é unha xoia literaria. Non temos unha mala tradución, nin siquera un esquema.

4. TIRSO NA GALICIA

Heilo o problema: Tirso de Molina, ¿estivo, ou non estivo na Galicia? Moreas de páxinas debaten o tema irresolto; hai quen dí que sí; e hai quen dí que non. Faltan probas apodíticas, documentos fedantes, e noticias de primeira man. A pesares diso, eu opino que Tirso, sin ver, escoitar, ou vivir, as esceas que describe, de ningún xeito podería levar ao teatro temas tan enxebres e locáis, como os que se tocan na *Mari-Hernández la gallega.*

As terras que sirven de esceario son precisas: Chaves, Monterrey, Serra de Larouco, Val de Limia, Val de Laza, río Támega, castelos de Monterrey, de Portela, e fronteira de Portugal; de vez en cando, un gromo afeitivo do poeta, como cando pon na boca de don Álvaro iste homaxe:

Caldeira, esta es Galicia.
No vive en estas sierras la malicia
de envidias y traiciones,
de lisonjas, engaños y ambiciones.

Tirso "alenta" a Galicia, fai nascer sentimentos celtas, demostra afáns e ideias galaicas, pasa revista a persoaxes nobres, labregos, do val e da montaña; e cada quen embelecido coa propia sicoloxía galega.

No seu repertorio afroran as cuestións históricas do tempo, como é a dos xudeus, que andaban escondidos polos termos da fronteira, querendo fuxir a Portugal. Despóis de cobrar algunhas alimañas en certa cacería, comenta un criado de *M.-H.*:

¡Ojalá que en esta sierra
hiciéramos otro tanto
de los jodíos que el santo
Reye de España destierra!

O rei de quen fala, con algo de anacronismo, resulta ser Felipe III, que sostiña guerra cos portugueses. Portugués era o don Álvaro da comedia, que, sabidor das rivalidades luso-galaicas, non as tiña todas consigo ao verse diante dos serranos da Limia, e dí a seu criado Caldeira;

Si aquestos montañeses
alcanzan a saber que portugueses
somos los dos, no estamos
seguros de sus manos.

O frade mercedario non deixa de tocar na comedia o tema relixioso; eisí, cando María se tropeza con don Álvaro, vestido de capote e sayo, sin ser da comarca, tómao por xudeu, e fai ademán de matalo; soio que, para afiuzarse, pergúntalle: "Cree en la igreja

romana?... ¿Sabe el credo?... ¿Y el padre nueso?... ¿Y persinarse?; sin quedar de todo sadisfeita, hastra que lle confesa o portugués:

Mi sangre no permitió
ningún error, ni herejía,
porque es limpia, ilustre y clara.

Pro volvamos "da capo": ¿Estivo Fray Téllez na Galicia?. Dende Menéndez Pelayo hai unha tendencia para-documental afirmativa. O mestre santanderino, nos *Estudios de Crítica Literaria. Segunda serie.* 1912. (pp. 152-153), ademite que residéu eiquí bastante tempo, por asuntos da súa Orden Mercedaria, pro sin percisar fechas. Outro tanto fai Víctor Said Armesto en *La leyenda de Don Juan.* 1908, (p. 71), supoñendo que veu, sin saber cándo.

Blanca de los Ríos, guiada por razóns internas, e deducións históricas, sinala dous viaxes de Tirso a Galicia, un nos anos 1608-1612, e outro por 1619-1620. Taboada Chivite adianta un paso máis, recoñecendo, non soio que Tirso estivo na Galicia, sinón que fixo parada no convento de Verín. A norteamericana Ruth Lee Kennedy afirma que o comediógrafo visitóu Monterrey entre 1618 e 1622. Santiago Magariños, que selecionóu cancións populares de Tirso, dixo que iste percorréu a nosa terra: "en visitas de inspección o para fundar conventos"; peregriñas afirmacións, porque se pode asegurar que Tirso nunca fixo nin unha cousa, nin outra. Pódense erguer moreas con textos dista crás, mais, ¿pra qué?; todos atestan que pasóu, e naide o veu pasar.

Tamén eu dixen algo encol do asunto; e, como non me quero repetir, prego a quen desexe mellores datos, lea o meu traballo *Tirso en Galicia,* inserto en: *Tirso de Molina. Ensayos sobre la biografía y la obra del P. Maestro Fr. Gabriel Téllez, Madrid,* 1959 (pp. 472-478). Agora, coma entonces, sigo afirmando que o poeta veu a Galicia dúas veces, unha denantes de 1606, e outra denantes de 1622.

Na amistanza do escritor crásico houbo frades mercedarios galegos abondo; pódense facer dous grupos: o dos ourensáns, e o dos cruñeses, con algún pontevedrés. Antre os ourensáns estaban os Apontes e os Ulloas; Fr. Diego Aponte, e Fr. Gonzalo Aponte Maldonado, eran dous hirmáns de Xinzo de Limia; Fr. Gonzalo de Ulloa e Fr. Juan de Ulloa foron nados en Verín; a iste grupo habería que engadir a Fr. Martín de Acevedo, verinés, catedrático na Universidade Compostelá, no tempo dos viaxes de Tirso. Ousérvese o énfasis con que nomea aos Acevedo na comedia. (Auto II, esc. 4).

O outro grupo formábanno os cruñeses, ou máis ben compostelans, Fr. Juan de Fonseca, que foi seu pano de bágoas, e Fr. Isidro Valcacer, de quen tantas loubanzas verte na súa *Historia General de la Merced,* que decontado se editará. Ao pé distes frades andaba un pontevedrés, "Fr. Antonio de Zárate natural de Pontebedra Reyno de galicia", como il dí.

Da man dístes, ou daquíles, ben por Toro e Verín, donde había conventos da Orden, ben por León e Santiago, Tirso de Molina chegóu a Galicia. O nomear a León, é porque eiquí vivía seu bó amigo, e rexidor da cibdade, don Suero Quiñones y Acuña, a quen adicóu, no outono de 1621, a súa obra: *Cigarrales de Toledo,* mistura de prosa e verso.

5. A PROTAGONISTA

Xa temos a Tirso por terras da Limia, golosmeando vida e paisaxe; ¿quén era aquela moza Mari-Hernández, que convirtéu en protagonista da súa comedia? O pran de Tirso é crarísimo, quixo, e consiguéu, facer dela o espello da xuventude femenina de Galicia; e pintóuna boa filla, boa amiga, baril patriota, cristiana vella, rexa no traballo, rica en amores, nobre de sentimentos, baruda nas decisións, e de tan sinxela sicoloxía, que soio un namorado da nosa terra a podía pintar eisí. Apercibe aos comediantes que *M-H* ha levar traxe do país: "con vestido y tocado a lo gallego".

A primeira saída a escea de *M.-H.* é baixando polo monte, cantando aquela letrilla crásica:

Carcajadas dá de risa
la huente que bulle aprisa.

Os criados da casa ollábanna con cariño; e Benito, que a conocéu dende nena, benzoábaa diste xeito: *Viva un sigro y nunca vieja.* Carrasco, á súa vez, acotaba: *Ese espejo de Galicia,* engadindo: *Todo un sol tiene en la cara.* O Conde de Monterrey, nada máis vela, escramóu: *Hermosa estás, María;* pra resumir logo seu pensamento en dous versos:

Que eres maravilla en todo
de nuestra naturaleza.

A testimuña da súa curmá Dominga sabe a xeometría de vidro, e recende como un varal de xasmín; mira en ela,

el más lindo talle
que toda Galicia tién.

Respeito da súa relixiosidade, xa vimos atrás a dónde chegaba, e canto demandaba. Non lle pidamos fondos conecimentos da fé católica, iso quedaba pra o cura; o seu era amar a Igrexa, saber o Credo, o Padre Noso, o persino, i en paz.

O feito de ser fronteiriza, e temer as algaradas dos portugueses, facíalle arregañar os dentes contra Portugal, e canto sonase a luso. E, velaí por donde, tivo que andar a líos con eles. Primeiro foi o namoro con don Álvaro; logo os celos da portuguesa doña Beatriz; máis tarde, a presencia nas lideiras cos soldados.

No auto III, amosa o lado guerreiro en dúas ocasións: na escea 2, cando sai armada con mallo contra soldados portugueses do rei Juan II; e na escea 18, en ocasión de atacar a don Álvaro, inda que logo se virase, pra defendelo do treidor don Egas, a quen fire de morte. A xente de guerra lusa, quedábase parva co valor dista muller, e perguntaba pasmada:

Rayo o mujer, ¿qué nos quieres?
¿Hay valor más prodigioso?

Mentras o Rei, que presenciaba a escea, adevertía a un do seu cortexo:

¡Tales mujeres
tiene Galicia, Silveira!
Dejalda, no le hagáis mal.

A parte máis íntima de *M.-H.*, a beleza do seu ser, a sicoloxía femenina, ten expresión persoal nas relacións filiáis con seu pai;

nas labores e coido da casa; nos probremas que lle xurden no peito, unha vez namorada; nas conversacións coa prima Dominga; e nas bágoas silandeiras que verte a soias. Cando se atopa coitada, gosta de ouvir a Dominga cantar os ritornelos dunha serranilla:

Mal segura zagaleja,
la de los lindos ojuelos...,

serranilla que, si foi tema tradicioal na poesía do Século de Ouro, o poeta fixoa soar no val de Limia, como sedante pra pensamentos cativos.

Os versos de Tirso, pasaron da *M.-H.* á *Primavera y flor de romances,* de Pedro Arias Pérez, (Madrid, 1622), amigo de Tirso; Agustín Durán recolléuno no seu *Romancero general* da B. A. E.; derradeiramente, Ernesto Jareño incluíunos nas *Poesías Líricas. Madrid,* 1969, do frade mercedario.

Garci-Hernández o vello, que se miraba na súa filla, aparellóu unha festa de familia pra celebrar o cumpreanos de María. Tan farturenta foi, que o Conde de Monterrey pensóu que se trataba dunha boda: carnes, frores, ledicia, convidados, música, baile, de todo houbo, sin que faltase a nota crásica de Dominga, cantando a discutida muiñeira:

Cando o crego andaba no forno...;

e digo discutida, porque xa pode falarse de abondosa bibliografía encol dista muiñeira. Cantos comentadores, tantos textos; variantes a eito; quén nos verbos, quén na forma silábica, quén na ortografía, todos diferindo. Incruso na forma estrófica disconcordan, pois mentras uns copian os pareados, outros convirten os pareados en cuartetos. Quen cortóu polo san, deixándose de trégolas lingüísticas, foi Antonio de la Iglesia, que vertéu a cántiga de Dominga en galego enxebre. (*El Idioma Gallego,* La Coruña, 1886; T. III, pp. 144-145).

Pero iso craro está, non é o que fixo Tirso; ¿cál foi a súa intención?, ¿misturar galeguismos con lusitanismos, aproveitar algunha redación descoñecida pra nós, xogar un chapurreo tencioado? Os doce versos da cantiga non gardan trabazón interna; non teñen tema único, antes cada pareado ten vida independente. O derradeiro pareado aparés noutros autores, o Tirso repíteo no verso final da escea 10, auto II.

Xa fixemos membranza de cómo *M.-H.* se disfrazóu de home, pasando por fillo dun fidalgo de Betanzos, e facéndose chamar Xoan García de Morrazos. Calquer leitor avisado dase conta de que ise Morrazos é o nome viciado de Marrozos; senón, ¿a qué ven dicir Xoan García que nacéu:

Pertiño de Santiago,
en unha feligresía
que ten por nome Morrazos?

A verdade é que se trata da parroquia de Santa María de Marrozos, pertenecente ao concello de Conxo, aforas de Santiago, donde Tirso vivéu e paseóu. Ao mudar María de traxe, cambea tamén a linguaxe, usando un galego con retranca, irónico, churrusqueiro, e pavero. Por moi dotado que imaxinemos a Tirso, e sin negar que fose capaz de escribir en galego, eu diría que o diálogo das esceas do auto terceiro está supervisado por algún frade galego da súa Orden.

6. GARCI-HERNANDEZ

A súa figura, sin ser a máis importante, enche a comedia. Interesa falar dil, porque é un paradima da cras labrega do val de Limia; porque é o pai familias da casa; porque dá o tono do vivir serrano; porque ama e defende a súa terra. No xornal *Diario de Pontevedra,* (19-XII-1972), adiantéi un esquema da súa persoalidade.

Martín
Es un buen cristiano
Gilote
Es un santo.
Otero
¿Garci-Hernández? No hay viejo,
desde Limia a Monterrey
de más virtú, ni más ley.

Pescudada súa sobriña Dominga, de a quén sirve, ou con quén vive, contesta dilingueira:

Yo sirvo al mejor serrano
que toda la Limia tién;
es rico, y home de bien.

Está viudo, sin máis fillos que María, espello da súa vellez. Anque vive nas terras do Conde de Monterrey, garda nobre independencia; non se ten por vasallo, senón por veciño. Pai, e amo, respeta i é respetado. Non come o sudor a naides; o que dá, recibe; na súa casa, o mesmo se agasalla ao rei, que ao pilingrín que vai camiño de Sant-Yago. Pra todos ten un anaco de pan, e un leito donde dormir.

Gosta da festa, da caza, e da amistade. Leva rexo o timón da facenda; non vai máis alá do seu rego; nin manda traballar máis do que paga.

Deixamos eiquí a "nueso amo", man a man con grandes e pequenos, namentras a comedia sigue a súa dereitura.

7. PERSOAXES GALEGOS DA COMEDIA

Amén dos protagonistas e antagonistas principáis da comedia *Mari-Hernández la gallega,* o poeta dispuxo dun batallón de persoaxes secundarios, donde militan os criados da casa, os criados do Conde, serranos, serranas, cazadores, soldados portugueses, e acompañamento do Conde e do Rei.

O rol da comedia seis criados, que son: Carrasco, Otero, Martín, Benito, Corbato e Gilote. Todos, salvo Martín e Benito, levan nomes de baixa caste, que hastra nisto eran mirados os poetas do Século de Ouro. Os seis amosan as virtudes de homes da serra; tan bós no traballo, como leiales no servicio; tan dispostos a dar unha batida no monte contra os lobos, como a sentarse a parolar diante dun xerro de viño, falando de terras, mulleres, nabos e bruxas.

Con iles, come e xanta Dominga, a curmá de María, caráiter aberto, leial e comprometido, que se enredóu de amores co lacayazo Caldeira, festivo criado de don Álvaro, amigo de galiñeiros, e que, o mesmo lle daba ser o que era, que volverse mono, papagayo ou frade.

Mentres o socarrón de Caldeira pensa en golosmeala, Dominga soña en facer casamento, pra xuntos erguer a casiña e vivir felices. As súas contas foron as contas da leiteira, do fabulista; pero inte-

resan as súas verbas, porque son espécimen do aforro aldeano na Limia, e mostran o pran dunha economía democrática. Dou eiquí o texto sabido da comedia, porque me libera de outras expricacións. Fala Dominga:

Yo sirvo al mejor serrano
que toda la Limia tién;
es rico, y home de bien,
y cinco ducados gano.
Siete dá a cada vaquero;
si él os recibe y conoce,
siete y cinco serán doce.
Juntaremos el dinero;
haremos hucha yo y vos;
diez años le serviremos;
la alcancía quebraremos
a los diez años los dos.
A doce ducados, son
diez años, si bien lo cuento...
diez a doce... veinti ciento;
que será lindo pendón.

Compraremos vacoriños
(que los gallegos son bravos),
un prado en que sembrar nabos,
diez cabras y dos rociños;
cogeremos ya el centeno,
ya la boroa, ya el millo,
buen pan éste, aunque amarillo,
sano el otro, aunque moreno;
gallinas que con su gallo
mos saquen cada año pollos,
manteca de vaca en rollos,
seis castaños, un carvallo,
una becerra y un buey;
y los diez años pasados,
podrá envidiarnos, casados,
el conde de Monterrey.

Dominga non é unha iñorante, pois sabe escribir, e Caldeira recibe cartas dela. Alegre e parrandeira, baila enriba dun dedal. *M.-H.* faina confidente de celos e amores, porque fía no seu siso. Na hora dos disfraces tamén ela se troca en home, co nome de Gil Carvallo. Si meus leitores queren pasar un rato divertidos, poden lér, no auto III, as esceas 15-22, e verán a parranda que se pasa con Caldeira. De cabo, matrimonia co picarón portugués, seguindo a liña do teatro clásico, donde, casándose os amos, casan tamén os criados.

Volvemos aos criados da casa. O primeiro é CARRASCO; atopamos iste nome en outras comedias de Tirso; verbi gracia, o lacayo de *La villana de la Sagra* chamábase Carrasco; outro Carrasco fai de pastor en *Los lagos de San Vicente*. O noso ten presencia baril, adoita cazar, chama ao val da Limia: "Paraíso de Galicia", e resulta un pouco fachendoso. Conoce os refráns da terra; fala dos Reises Católicos, Fernando e Isabel; confesa a súa fé na Igrexa romana; i está disposto a rebatir aos portugueses con chuzos, mallos e vigas.

OTERO conoce ben a comarca de Chaves a Braganza; tampouco pode ver aos portugueses; nin aos xudíos, a quenes quixera cazar, como se cazan os lobos; non estraña que fale da Inquisición. Ten acento local na súa fala, e gosta das frases feitas, p.ex., "aquí fue Troya". Un tanto namoradizo; debía ter algo de seu, porque aposta unha cabra nas loitas.

MARTÍN, pasa discretamente. Por cinco veces o vexo nas comedias de Tirso; en *La peña de Francia* ten oficio de pastor; nas demáis, ou sexa, en *El amor médico, Don Gil de las calzas verdes, El rey don Pedro en Madrid* e *Todo es dar en una cosa,* aparés como "don Martín".

BENITO, pretende a María platónicamente; por tal motivo desafía a Otero, e lida con il. Os seus modos son apostos: "salve y guarde"; pro sin perder o acento da comarca. Ténse por galán, e dí con certa vanidade:

Yo, que só
gala desta serranía.

Defende bizarramente a facenda do amo, e axuda a cobrar nunha batida:

Diez jabalís, seis venados,
tres zorras, y tres garduñas.

CORBATO é pouco falador. Tirso presentóuno en dúas comedias máis; en *El pretendiente al revés,* co papel de pastor vello, e de Alcalde; en *La dama del Olivar,* de simple pastor. Acostuma a vistir sayo e capote de buriel.

GILOTE, ou simplemente Xil, diríamos que despunta inteleitualmente, con autoridade pra correxir a linguaxe dos compañeiros; sabía lér. Atopamos o seu nome noutras comedias; eisí, en *El amor y la amistad* facendo de pastor; o mesmo empreo ten en *Los lagos de San Vicente;* i, en *Ventura te dé Dios, hijo,* fai de villano.

Calquera dos criados dispón de "un calzón de lino crudo", "calza abarca, y viste frisa", ou loce nas festas un "sayo dominguero".

MÚSICOS. Aberta a escea primeira do auto segundo, soa polos camiños música de labregos, que acoden ao campo de Garci-Hernández. ¿Qué sucede?, pergunta Caldeira; e contesta Dominga: hai festa no val. A estructuración dunha festa campesía, supón pra Tirso catro cousas: Música, baile, corro de xente, e colación. Garci-Hernández chama a istas reunións: "regocijos serranos". A música tira por muiñeiras, e Dominga entoa aquila tan sabida: *Cando o cura...;* namentras os músicos locen as súas habilidades, sin decirnos qué instrumentos tocan.

CONDE DE MONTERREY. No intre da festa, chega o Conde de Monterrey, que pasaba unha tempada no castelo da Portela. Pensóu que se trataba dunha boda. Era amigo de Garci-Hernández, e aproveitóu a ocasión de saudalo, como tamén a María, a quen aconsella que se case. Invitado polo cazador, acodirá á montería do oso. Parola con Álvaro e Beatriz. Xa no seu pazo, rirá a cachón coas facecias do finxido parente Xoan García, que non é outro que *M.-H.* Abre as portas do pazo ao Rei portugués.

CAZADOR. Facendo a guerra pola súa conta, sae a escea un cazador, que debía ser amigo do Conde, pois trátao de tí, e dalle conta do urso, afanado en comer a colmea.

SERRANOS. A máis dos criados de G.-H., aparecen "otros serranos y serranas", que toman parte na festa de María: "bailan los serranos y serranas". Cando están no baile, e Otero pide socorro contra os lusos, Garci-Hernández lanza o grito de guerra: "A ellos, pues, mis serranos".

TRES CRIADOS DO CONDE. Os tres moran no castelo de Monterrey, ao servicio do Conde. O criado primeiro dalle conta de que chega de camiño o rei luso, con dez mil soldados, "cada cual Viriato portugués"; que fixeron alto na Limia, cara a Portela.

O criado segundo entera ao Conde de que na porta do pazo hai un fidalgo, que se dí parente da casa, e pide pousada; xa vimos que se trata de *M.-H.*

O criado terceiro anuncia a vinda de Padilla, carteiro do rei de Castela, con misivas da Corte.

8. CURAS E DEMOS

No meu traballo *Tirso y Galicia,* tratéi da relativa perfeición con que Tirso se espresa en galego; hastra o punto de que a historia de Xoan García de Morrazos, (Auto III, escs. 5-27), podía suscribila

calquer poeta de hoxe, salvo algún que outro retoque portugués. Pero inda isto non supón maor dificultade, pois na fronteira o lenguaxe era compartido; tanto, que o gracioso Caldeira, barrendo medos lingüísticos, fai a don Álvaro iste apercebimento:

No dice mal el portugués lenguaje,
pues se distingue poco
de la lengua gallega.

No mesmo traballo referínme a certas formas lexicográficas dos paisanos de Xinzo e Verín (pp. 471-72). Agora, deixando ises temas, vexamos outros, que afroran na comedia; tales como curas, demos, prantas, animáis, e pequenos seres, que dan aire á vida labrega.

A figura do señor cura sempre destacóu na vida social e relixiosa do pobo. Por exempro, María vencéllao coa ideia da morte; cando maxina matar a un xudío, decontado pensa que aforrará tres cousas: *De doctor, cura y entierro.*

As predicacións e consellos do cura fan lei, por vir de home sabio, e maestro prudente. María aconsellando a don Álvaro, dille que tome precaución, e ande cos ollos abertos nos perigos...

Pues acá nos dice el cura,
que quien los tiene, no duerma.

O señor cura é representante de Deus, a quen todos respetan, e bican a man; isa man que manexa na Misa a Hostia consagrada. A limiana, vendo que o portugués lle bicaba a man, pregunta con sorna: *¿Es mi mano la del cura?*

Por ser representante da Igrexa, o cura ten a laboura de ademiministrar os Sacramentos. Na primeira escea do auto segundo, mete baza o lacayo Caldeira, e agradece a Dominga o que o lavase con auga, nun desmaio:

Fuiste mi segundo cura,
boutizándome otra vez.

Outra laboura do cura é concienzar a xente; aconsellar confianza nos demáis; non pecharnos en nós, antes ben, abrir diálogo, poñerse en comunicación, e buscar salida a mil segredos, e outras tantas angurias, que nos invaden cada día. Isto mesmo lle lembraba Dominga á súa curmá María:

El mal que se comunica,
dice el cura que se aplaca.

Finalmente, as historias de curas andan no río, na fonte, no forno, e no fiadoiro. Son a pimenta de moitas chungas, e socorro de maldicentes. O faibullas de Caldeira ría a cachón, ouvindo cantar a Dominga aquilo de: "Cando o cura andaba no forno...".

DEMOS. O demo, que está detrás da Cruz, tamén está detrás de tí, leitor, de mín, e de cada quisque. Andaba ceibe polo val da Limia, e trasneaba pola serranía. O pobo ten medo ao demo, porque sabe que esiste. Son moitísimos os nomes que se dan ao demo; os usados nista comedia son: Bercebú, diabro, demo, demonio, e dimuño; depende de quen fale; eisí o portugués prefire o primeiro: *A Bercebú se dan las tripas mías.* Outra vegada, acribillado polos alfilerazos de Dominga, dirá polo baixo:

¡Válgate el diablo por tierra!
Bercebú que pare aquí.

A presencia de don Álvaro despertóu en *M.-H.* moreas de pensamentos amorosos; cando as cóchegas da pasión invadían seu esprito, quixera ver lonxe ao seú namorado, e frorecía na súa boca un abrenuncio:

El diabro le trujo acá.

De sempre, o demo enguedella e larafuza canto toca; ben o sabe María, polos sabores amargos que lle tocóu gustar. O pantasma i estantiga do inferno, voa, como unha avelaíña negra, polos versos do comediógrafo; catro, ou cinco veces máis, o demo cólase nas relacións de Álvaro e María. E non digamos con Caldeira; iste soña cos demos; non ben pecha os ollos pra dormir, lexións de trasnos arredor do seu leito, bótanlle as poutas, zarandéano, e vólvenno louco. En certa ocasión contáballe a Dominga:

Y en volandas me llevaban
dos demonios corcobados.

Xa se vai convertindo en ritornello o falar da muiñeira de Dominga, pro non hai máis remedio, porque, tamén alí anda o trasno, na frase popular de *darse ao demo*. Tirso de Molina estropéaa, e, por dúas veces na comedia, escríbea diste xeito: *docho ó demo*.

Non faltan os demos pequenos; o diminutivo "dimuño", dá ideia de un demiño, ser pequeno e zarapalleiro, que non se dá fachenda, e vai daquí pra acolá, cal un Pink shakespiriano, en noites de vran. Sirve de testigo a María, cando ista abofella que non precisa de mexunxes na cara:

Lleve el dimuño lo más
que una poca de agua clara.

9. PRANTAS E ANIMÁIS

En *Mari-Hernández la gallega* menciona Tirso certo número de prantas e animáis, que, certamente son, ou foron, vulgares en Galicia i en España; pro que, pois figuran na comedia, e na xeografía limiana do século XVII, teñen entidade suficiente pra que falemos deles. Comencemos polos animáis. Non lle vamos perguntar ao poeta si os veu, si os persiguéu, ou as fontes de donde recolléu datos; bástanos dispor dise pequeno catálogo.

Na lista hai alimañas, bestas, vacunos, de curral, de caza, insectos, e pouco máis. Como non son naturalista, está fora da miña competencia o faguer descricións, e procedo á simpre enumeración.

ALIMAÑAS. Oso, porco bravo (jabalí), lobo, zorro, donicela (garduña).

BESTAS. Toro, boi, vaca, becerra, burro (rocín, rociño, cuartago), cabalo.

CAZA. Cervo, gamo, veado (venado), perdiz.

CURRAL. Cabra, cordera, can, porco (cochino, lechón, vacoriño), galo, gallina, gato.

INSECTOS. Tabau, abella, formiga, pulga, chinche.

Na lista dos reptiles figura a culebra; e na dos peixes de río, a troita.

No reino vexetal, cita Tirso variados nomes de herbas, prantas, froles e árbores.

HERBAS. Xunca (juncia), esprego (cantueso), xesta (retama), toxo, chuchameles (madreselva).

PRANTAS. Parra, edra, abacá (cáñamo), ourego (orégano), tabaco, nabo, pimento, trigo, milo, centeo, cabazo.

FROLES. Caravel, azucea, xasmín, azahar (a fror do laranxo), rosa, lílio (lirio).

ÁRBORES. Vidueiro (álamo), néspero (níspero), nogal, carballo, e castaño.

Do carballo, outrora tan mesto na nosa terra, hai máis dunha cita na comedia. Por exempro, a falta de nogal, Garci-Hernández amobla a súa casa con castaño, con certo empacho de ofrecelo ao Conde de Monterrey:

Siéntese en este escaño,
que, a falta de nogal, es de castaño.

Xa vimos cómo, pra o benestar económico do seu matrimonio, pedía Dominga:

Seis castaños, un carballo,
una becerra y un buey.

Posto Gorbato a pidir un home, que fose dino de Mari-Hernández, non se para en pouca cousa e dille a Carrasco:

Dele Dios
un marido del tamaño
de aquel nogal, o del castaño
que tenéis a par de vós.

Despóis dun marido xigante, non asusta o número de fillos que Dominga lle bota encima:

Tantos llegues a contar,
como hojas estos castaños.

10. TRÍADAS, OU BROQUES

No esquema, ou esquelete, da comedia tirsiana —fora da división esterna e funcional dos tres autos crásicos—, asistimos a unha trama interna, na que o poeta vai dispondo o material humán, social, histórico, xeográfico, etc., en petadas ou grupos, que chamaréi tríadas, ou broques.

Escomencipiando polo tempo da acción, ten tres tempos, ou momentos de luz e sombra; empeza de noite, "es de noche", cando don Álvaro se entrevista coa súa noiva doña Beatriz, mentras ésta espera a visita do rei de Portugal, don Juan II. Álvaro desconfía da visita, e non deixa de recriminala:

Ya Beatriz, vuelven sospechas
de nuevo martirizarme.
¡El Rey de noche, y a verte,
sin tu permisión!

Como non quere ser descuberto, aprovéitase da noite pra escoitar tras do tapiz o diálogo co rei, hastra que é sorprendido, i entón sal, pelexa con don Egas, i escapa.

Dende a escea 5 cambia o tempo; agora temos aire, luz, campo aberto, craridade de mediodía, hora de xantar na casa de Garci-Hernández, con sol na serranía. Nise entretempo percorre cuasi todo o relato. A partir da escea 12, do auto III, volve a ser de noite hastra

o fin da comedia; e, nestora, teñen lugar moitas cousas no campo e salas do castelo de Monterrey.

Ademáis da tríada do tempo, topamos ca tríada de lugar; nefeito, son tres os polos xeográficos de aición: Chaves, Limia e Monterrey. Por idéntica razón, fuxen da vila de Chaves, Álvaro e Beatriz, pra atoparse na Limia con Mari-Hernández e seu pai. Eiquí, coma na triada devandita, está o gromo do asunto. Despóis, todos irán ao castelo de Monterrey, donde finda a comedia.

Xa temos tempo, e lugar; val dicir, xornada, e comarca; agora os monecos precisan dun hábitat, ben sexa casa, casal, ou pazo. E velaí está: a casa da marquesa Beatriz, en Chaves; o casal, casona, ou masada da serranía, donde viven Garcí-Hernández e os seus; i en terceiro termo o castelo de Monterrey, morada e fortaleza do conde.

Ben dí o refrán: cada conexo no seu tobo; porque, nin os probes viven en castelos, nin os ricos en chouzas. Cada ovella ca súa parella. Nisto eran taxativos os comediógrafos; a visita do Conde á casona da Limia era unha concesión; en troques, a presencia de Xoan García no pazo de Monterrey, era unha bulra.

De ahí nace a tríada social, ou de ambente; é decir: caste reial, caste nobre, e caste baixa; persoificada no rei Juan II, no conde Acabado, e no serrano Garci-Hernández. Cadaquén leva unha compaña distinta; cadaquén viste asegún o seu estado; cadaquén presenta unha mesa dacordo cos seus posibres; cadaquén usa unha fala diferenciada: o empaque cortesán, a llaneza nobre, e a xerga rural.

No mesmo plano do lenguaxe, asistimos a un broque trimodulado, cal é o diálogo Álvaro-Mari-Hernández; o dos pastores, inzado de modismos; e o de Caldeira-Dominga, chusco, e de baixa estofa. Os tres diálogos, cada un na súa esfera, están perfectamente empregados polo poeta mercedario.

En nova tríada, contempramos as contendas e agarradas dos tres estados; por exempro, a dos nobres Álvaro-Egas, (A. I., esc. 3); a dos pastores, (A. I., esc. 6); a dos graciosos, (A. III, esc. 22). Armas, métodos, verbas e queixas, difiren toto coelo.

Si das contendas personáis pasamos ás de tipo xeral, pronto nos decatamos de que tres guerras pasan polas páxinas da comedia; unha de nación a nación: España-Portugal; outra fronteiriza, galego-portuguesa; a terceira, de tipo folklórico, ten o seu desenrolo antre os pastores, por nonadas e cativerías.

Na tríada dos probremas comarcáis, tres son os que afroran en *Mari-Hernández la gallega;* o máis duro, é a repetida intranquilidade da fronteira por donde chegan as algaradas dos portugueses. Garcí-Hernández faillo notar ao Conde, cando lle dí: *Esto es, señor, cada día.* En dúas ocasións fai notar Tirso ista inquietude; no auto II, escea 4, "Oyense tiros de armas de fuego"; e no auto III, escea 2, en que figuran: "Algunos soldados portugueses, con broqueles", acompañando ao rei.

O probrema dos xudeus latexa eisimesmo caladamente, pro resulta máis difícil o combatilo, porque iles disimulan a súa presencia; con razón ouservaba Benito:

> Disfrázanse entre nosotros
> que ni los conocerá
> un zahoril.

A terceira guerra é propia da montaña; i o enemigo son as alimañas, que poñen medos na serra, astragan as sementeiras, comen o gando, e atacan á xente.

Rematemos coa tríada casamenteira: a marquesa Beatriz casa co conde de Olivenza; Mari-Hernández, feita condesa de Barcelos, casa con don Álvaro de Ataide; e Dominga, despóis de moitos quillostros, casa co lacayo Caldeira.

Na arquitectura teatral dista comedia, as tríadas, ou broques de acción sinalados, (e outros que se poderían sinalar), son coma postes e colunas do edificio poético, que sosteñen o tabrado das marionetas.

Supoño que o leitor de Tirso daráse conta de que o mercedario non deixa nada no ár; senón que tece con maestría a creación duns persoaxes vivos, profundos, e complexos, arrincados da nosa sicoloxía galega.

Fr. GUMERSINDO PLACER
Poio

NOITE COMPOSTELA

I

Polo Sul as nubens do mar sobor dos piñeiráis en roda, maxinaban Mahías de fonduras de Arousas. Nas canles, nos agros, nos rueiros, nos illós de augas fora do tempo dos adros, a espranza da chuvia tecía unha tona de impacencia. Polo Norde e o rumbo de Lugo pousaba a espallada lus branca do serán de montana. Durmía nela unha lonxana e nena concencia de neve. No meio de entrambos hemisferios, de lus cinza, de lus branca, Compostela ensoaba podentes cinzas de arquiteituras.

O FIDALGO DA PONTE GRES

Vai no seu vello coche remendado, pola estrada cara Compostela, e ao enxergar as torres váise parando.

Ás veces semellan carballas en pé, soias testemuñas do bosque abourado. ¿Por qué dende algún tempo van conmigo istas imaxes da cinza? Teño medo arestora. Si un vento nacera rexo podía esparexer as cinzas das torres, ou espertar a nova labarada.

Fai o sinal da Crus, volta a camiñar, guiando a dispacio e descoidado.

Moitos outonos queimáronme as carballeiras herdadas, e outras cinzas, en moreas sobre lareiras de pedra forman cecáis a mucha e preciosa frol do meu vivir. Iste serán acariña, sinto unha dozura lumiosa e grave. Xa non tristeira. Din ser a morte doce sentir

Detense procurando a compaña dun libriño de memorias como querendo non chegar soio ás portas de Sant-Yago.

...o estudo dos filósofos ten por elementos o lume e o vento, ou as cousas representadas por eles. Din as xentes e os mesmos poetas seren os poetas fillos do ár. Non. Sonno da néboa, do chover e do mar. O vento e o lume deixan Asias queimadas pra regosto do nirvana. Gengiskans do pensamento. O vento ordea a sistemática das dunas. O lume deixa a súa lembranza na cinza. Si a labarada...

O FIDALGO *Volvendo a camiñar*

¡Fermosa liberación das portas de Sant-Yago! Son portas de son. Circo vibradoiro, enteiro, non crebado horizonte de campana do relox. Demarca os destrales, o arciprestádego do Xiro da beleza; tamén as fontes e as roseiras tén seus xiros, de refrexos de fermosos abrentes doentes do peito ao medrar. Das fontes e fontelas os rodopíos da faldra beiladora mollan as mans e as frentes.

Por unha corredoira unha figura grave e danzal de dona doncel adianta pouco a pouco, como determiñado no seu ensoar. Pois deseguida o fidalgo descobre nela —enloitada, albas mans, frente agasallada polo amor cruel dos xiados luaires— o dooroso trunfo, a ricaz disgracia do ensono. Unha beleza considerada a traveso dun velo de chuvia. Non chegan a mordiscala as agurras. O fidalgo case pensóu en seren agurras traballadas polo lume do inteleito apaixoado, e non soio polos climas da vida. Ademirado do raro señorío da dona, parando o coche baixa falándolle curtesmente.

O FIDALGO

Miña señora, como me atrevo a supoñer cal é o seu camiño pídolle que me faga a honra de levala onde quixer en Sant-Yago.

A DONA DESCOÑECIDA

Agradezo moito o seu saúdo e invitación, mais... dinantes de me recoller na cidade inda teño de visitare algunhas lareiras amigas... e antigas, inda que non ergan chemineas orgulosas coma os pazos de Compostela.

Sinalaba unhas tristeiras mancholas de casoupas de fumes probes. No falar parecíase afondar unha outiveza cecáis unha ironía. Semellóuselle ao fidalgo máis brilante a lus xiada do norde.

O FIDALGO *Entrando polos Concheiros*

Ha ser pra min como a chegada a unha illa de repouso e de graves e fortecentes maxinacións. Cada ves que chego á vella casa paréceme chegar ás portas da miña adolescencia. Foi doorosa e grave. ¿Qué gardo de ela? Algo latexa en min... Na casa non autoritaria e... un pouco medoña... co seu chamador que parés gardar a forza de antigas mans fidalgas... Bronce antigo... Ten de inspirar medo, pois nin os picariños, nos seu enredos, montando uns nos outros se astreven a levantalo pra deixalo cair...

O fidalgo camiña detreminado. De súpeto sinte a valencia, lei e fuxida do tempo. Non se para a enxergar o ramallo rococó de San Miguel dos Agros, espaventa unha fantasía de soportáis, capas e románticas arelanzas, fala un anaquiño cos tendeiros do baixo que lle coidan da casa. Il entra pola porta grande. Ao franqueala, os ecoares da escaleira responden á vella chave.

O FIDALGO

Diante dun lume de achas enxoitas, en agarda da cea mandada mercar, e da noite que ten de criar no seo escuro e carregado de derradeiras lembranzas e pesadelos o abrente dun novo e rexo vivir.

Son, outravolta, un fidalgo en Compostela e na súa casa non comesta polas hedras da hipoteca. Soa raro a palabra "fidalgo". Téñense salferido fidalgos, fidalguiños e fidalgotes ás mancheas nistes derradeiros tempos polas Letras Galegas. Debín chegar de acabalo como meu pai. Deixaba na montaña pazos envoltos no baixo e rico rumor das searas longas e maduras de pan. Eu fuxo da aldea no intre necesario. O berro de door apreixado nos caracochos teima por estralar. Dinantes de isa rachadura dos silencios os homes solitarios dos pazos fuxen de seus silencios...

Cada pazo ten en Compostela o seu arquetipo. Confesado ou non. Os meditativos das salas e solainas ten o seu fogar entre o Viso e o Pedroso. Tamén acontece que algúns co medo do desfalecemento da frol da ilusión da nube escollen mirala dende os lonxes e non calcan as soleiras de Compostela...

Meus pensamentos e as miñas dúbidas adolescentes cinguíanse tamén a ista cidade. A dúbida e o seréo desespero chegan a ser enxergadas despoixa pedras finas, lumes do laboratorio da intelixencia. Cecáis gosta o albriño inzado da neve das froles do abril do acedo pracer de sentírese despoxado delas polas mans rapiñeiras do vento.

Eu teño sabido e ben sabido ise acedo lábio. Co tempo e o choutar de novos lumes quentábase en abourantes filosofías. Un lume famento a filosofía. Fame de lume. Fermoso lume choutador das filosofías inda deixando o mundo sementado de cinzas.

Miréi esta serán un lume de toxeiras. Bon emprego vivir o criticismo e as filosofías tráxicas i entusiastas no senso do deporte. Soio o esprito pode dicir quén é despoixa de isa proba xudiciaria...

O fidalgo decátase con fondo descer en sí da vivencia compostelá. Endexamáis pra il atal enteira e chea. Lonxe, fora, arredor, esvaecíase a branca roseira do serán. Soio delo se decataban algúns espritos semellantes ás fiestras espellantes do barroco ca súa fina sensibilidade pra a lus.

Garda pra min a casa mimos e afalagos. Agardaba polo lume e polo amo. O lume fai acordar vellos e durmidos temas. No sospiro de estralo da madeira, no locir de cristal de imaxen, no brilar do lombo de libro a casa docemente se queixa do men abandóo. Vaime envolvendo unha estrana priguiza. Hei estare asín, longo tempo. Xa gosto millor das ideas. Hoxe fixen campamento no campo de batalla da miña xinea. Meu pai falaba do xenio barudo dun antergo. Eiquí desenroláronse estrondentes polémicas teolóxicas. E tamén os silencios no pasear por ista sala dos Matutinos, do colexial fuxido de Compostela pra castigar en parroquia de serra con fíos e pontas de nordesía a carne demasiado coidada e mol...

Perdéuse o senso do tempo. As horas da catedral figuraban xurdir do centro do lago pechado da casa. Debulla o fidalgo algunha cousa. Lembróuse do xamón petrucio. Gulapóu algúns vasiños de pálido ullán. Camiñóu a muller da tenda desexando as boas noites. Un frasco de estrana feitura brilaba na alacea.

Ha ser algún podente licor do Báltico, traguido polos barcos de liño. Meu pai gostaba de gardar aquiles ambarinos licores. Beber dino dos silencios e da nobre friaxe das pedras compostelás.

O fidalgo colle o frasco. Era de Koenigsberg ou de Riga, mais un papel xa vello e marelo decía en letra da aboa: "aguardente do Ribeiro de Avia, 1870".Tiña un ton de ouro vago e rexo de frol de toxeiras no chover, de refrexo de altar barroco.

Fuxir da tentación de abrir as fiestras. Ista noite vai ser a primeira estaxe do meu vivir no cerne e fío centroso do tempo compostelán. Delo ten de saír, meu froito serodio, un libro. Non axudarán libros nin papeletas. Silencios e as cousas, e todas as horas do meu vivir chamadas polas noites compostelás... Aire moldeado polas pedras, ár e lus arquiteiturizada, Compostela. Somentes cando unha cidade pode impoñer a súa lei ao vento, ao chover, á lus, entra na categoría das grandes obras de arte. ¿Por qué ista pergunta? Non. Non teño medo. Renxen as táboas do recibidor, charetea o lume dun xeito bulrón. Arestora semella a sala meirande e fonda. Vai chegar unha visita. Ben vida. Esta é sala fidalga. Mas ¡cómo gostaría de escoitar a hora, pra saber e me afirmare!

II

O lume charetea, xermolar de falas románicas nos vieiros de Sant-Yago... a grande frol de camelia do Norde brila, cecáis, piedosamente apañada nalgún illó de espello. Das tebras da sala unha sombra nace, fina, levián.

O DOUTOR ENCICLOPEDISTA

Señor cabaleiro, boas noites. O ár do Norde chamado polos gregos, nosos mestres, "albexador dos ceus", fíxonos o servicio de deixar o escuro de Compostela coma un cristal... ¡Si dispuxéramos dun telescopio pra enxergar o xogo dos satélites de Xúpiter ou repousando nos asteroides Otahitis dos Pacíficos do alén...!

Leva frac gris, lente de longo mango, e cravata de moitas voltas. Brila nela unha pedra de raro fulxir. O señor da casa cecáis agardase outra visita máis propia do podente maxinar da noite. Acolle cortés ao forasteiro.

O FIDALGO

Tamén eu agradezo a nova fondura do Ceu gracias ao vento, ventiño nordeiro, pois por ela han brilar os lumiños peleriños da Galaxia... Paréceme vosa mercede máis afeito

a enxergar o universo escrito na "língoa matemática" de Galileo. Nome cinguido aos ledos acólitos xupiterinos. Non entendo en troques, meu señor, a comparanza de Otahitis cos asteroides... Faime matinar en Patmos unha estrela illada, e tamén algunha nuben de lume e brasa no solpor...

O DOUTOR ENCICLOPEDISTA

Houbera sido ditoso Xoan Xacobe nisas coroas de froles i escumas botadas pola eterna Venus na infinda impacencia do mar pra o ditoso folgo do pensamento e redención dos sentidos. Nova Grecia, Cíclades non apesadumadas polos íconos. Perdoe vosa mercede si me trabucar no meu xuicio: no seu pazo montesío deben facer ronda as tristeiras estadeas dos tempos góticos. ¡Pensar no Apocalipsis escrito na mesma língoa da Apoloxía de Sócrates! Coido do meu deber descobrir ao señor dista casa a Compostela verdadeira encoberta polos pesadelos fumentos do Medievo. Denantes ei dicir quén son.

O FIDALGO

Xa me tardaba o sabelo, e soio considerando se non fora tomado por de pouca crianza o preguntalo...

O DOUTOR ENCICLOPEDISTA

O catedrático de Concilio da Faculdade de Cánones da Real Universidade bícalle a man e oércese...

O FIDALGO

¡A sonada e grave faculdade da bolra verde! Non o ofenderéi si lle dixera como ise linguaxe me non parés o millor e axeitado no glosador e comentarista dos cánones de Nicea, de Efeso... de Trento...

O DOUTOR ENCICLOPEDISTA

Millor de Constanza e Basilea. Gosto das beiras do Rhin aínda torreado de goticismos. E non digo do Sínodo de Pistoya por non o espaventar... Mais convén calcar terreo rexo. Vosa mercede pensa sen dúbida ser ista Compostela...

O FIDALGO

¡A cidade do Apóstol, o faro de Oucidente, a piscina probática dos pecados, a porta e lumieira do perdón e do consolo!

O DOUTOR ENCICLOPEDISTA

Enxergando afitadamente pola lente de longo e xeitoso rabo

¡Non é mala peroración pra unha homilía de coengo! Inda non sospeitando a sinxeleza do meu amigo o rir dino de Sans-Souci ou de Ferney de máis de un arcediago de

Luou ou de Salnés despoixa de representar persoaxes de ópera na vella catedral. Veña conmigo. Non teña medo si co esparexérese das nubes de incenso e de pedra chega a albiscare a verdade.

Pro denantes imos facer unha visita de curtesía e de proveito.

O FIDALGO *Cun pouco de medo no falar*

O Sancto Apóstolo foi sempre o ouxeto da miña primeira visita. Denantes da coba do meu pai en Bonaval, denantes da sepultura da miña santa aboa, terciaria franciscá en Valdediós.

O DOUTOR *Moi dado e tolerante coma un médico cun doente*

Deixe polo de agora en paz ao patrón da barba dourada bon amigo dos mariñeiros arneirosos e dos peleriños fartos de morapio do camiño de San-Trago e non do Sant-Yago como dixo un autor. Tamén Erasmo e hastra o P. Feixóo souperon falar disa tripulación. Mais vamos. Non gosta de migalláns a nosa Raíña...

Camiñan de par por entre renques de finiquiteiros arboredos, esguíos, con bancos de marbre moi feitos i etiqueteiros, de cando en cando, e xardíns de buxos recurtados en sólidos xeométricos. Do salón e da casa soio permanez ao fondo o lume chareteiro volto un morredizo poente. Chegan diante da fachada da Universidade coroada pola Minerva. O fidalgo tén de se sobrepoñer a unha impresión de estraneza, cuase de medo. A deusa semella unha grande nuben branca, outras veces un témpano de lazo. A súa faciana, en troques de siréa, figura ou cavilosa ou lonxana ou tristeira.

O DOUTOR

Somentes agora vai sendo brancura redentora da teebra compostelá a deusa do saber... Branca lus...

O FIDALGO

Flor de cerdeira ou esprendor de abrente ou rosa de quente neve da Teoloxía...

O DOUTOR

Estatua arquetipo do ideal do pensamento soberán do mundo. Seu casco ou galea garda a pura fronte dos cantazos da iñorancia. Non foi podente pra defendere a Hipatía.

O FIDALGO

Seu casco ou galea non ten medo das trabes abrasadas nin das ardentes cinzas cando a deusa procura no incendio o salvamento dun inocente ou do tesouro da fé. Ela foi ornamento de Teresa de Ávila.

O DOUTOR

Súa lanza veda aos centauros de achegárese á soleira de Atenas, súa éxida fai tremar nos pontos ás abenzas de Pro-

teo e acalma as augas pra o bogar dos navíos da Ilustración e da Vacuna...

O FIDALGO

Súa lanza, ráio de lus vibrada por un anxo, brila por riba do Papa León facendo recúar a Atila; súa éxida fai da craba ou quimeira manseliña abenza aos pés do Bon Pastor, e amansa as ondas pra os viaxes de San Paulos polo mar das Sireas, do San Columbán polo mar das Descobertas.

A ESTATUA DE MINERVA

¿Non estaréi ceibe no meu outo tímpano das controversias dos homes? ¿Quén me trouxo eiquí? ¿Por qué son branca e lonxana, idea abstracta, fora do decorrer de chuvias e soles dista terra de Oucidente? ¿Por qué me farían de pedra case mármol, branca entelequia, ergueito...?

A deusa se non determina a pronunciar unha palabra. Na súa tristura houber desexado baixar da orgulosa cadeira e falar cas mulleres, algunhas delas tipos de Xunos e de Ceres do mercado, a ágora algareira de Compostela. A Minerva labrada en pedra abstracta tén frío. É máis desgraciada do que o mendiño recibindo o seu anaco de manto do cabaleiro San Martiño no picouto de Pinario.

O DOUTOR ENCICLOPEDISTA

¿Qué nube entrubia a súa rexa craridade? A virxe do inteleito non lixado, a orguleza da Razón, a soio diña, ten sido ouxeto dun feitizo. Non podo comprendelo. Máis me asombraría que de descobrir a Locke estudando o "Ars Magna", ou ao patriarca de Ferney saíndo en pelerinaxe a cruzar os ergueitos portos, ou...

Non sigue falando. Tampouco o fidalgo o escoita, nin considera a door da Minerva. Cáinlle bágoas dos indiferentes ollos. O témpano empeza a chorar. A causa da surpresa dos dous homes é un grande vento de súpeto ergueito. Nil, como levado por il, e ao tempo ordeándoo ca lei dos movimentos ámpros da súa grande capa, un home adianta. Testa baixa, hombreiros cangados, grande estatura domeada polo destino. Non se decata de cómo dos pregues do seu manto, da poeira levantada polos seus pasos, fórmanse figuras doces, mostrosas, anxélicas, humás, que se fan e desfán unhas noutras como criaturas do vento e do pó. O home vai falando e ao chegar cabo dos dous homes síntese o seu falar.

O ESCULTOR FERREIRO

¡Meus pensamentos! Comigo van. ¡Maldizoados sexan! ¡Ouh non, non, criaturas miñas, meus fillos, meus pesadelos de probe e solitario, non fagades caso das palabras diste probe vello! ¡Cecáis fíxome mal o viño da pousada, ou espertaron as nubes do poente un desprecio de min ao comparare a súa beleza sublime da cativeza das miñas obras! Perdoade... Ben quixera que me non deixárades soio... Si fora viva a miña Fermina ela había de consoar a vellez do seu home. ¡Quixera ser indiferente e rudo, grande castiñeiro en dura encosta!... Por ela volvo, por enxergar outravolta denantes

de morrer nun toco da serra súa faciana volvo... por mirala á lus dos cirios...

Conforme adianta os dous amigos descobren, un co disgosto como vítima dun sono, outro con amor, que Ferreiro non camiña solo. As criaturas nadas e desfeitas do pó e o vento do seu camiñar (¡dos seus ensoños!) quixeran vivir, mais non son podentes. Soio unha xentil e homilde, sorridente e penitente, apenas unha sombra, vai acarón do vello artista, e de cando en cando sosténo e fai o movemento latexante de amor de o apreixar nos brazos...

O FIDALGO

Pater amabilis,
Pater admirabilis...
Tiñas de ser tí ¿Cómo non tiven escuitado o chamamento do campillo dos frades?

O DOUTOR

Estamos no meio do aquelarre. Isto fuxe da lóxica e se non acompasa ao sistema do mundo. Pois ou estóu tolo, ou istas cousas están nos sentidos... ¡Son podentes os narcóticos da superstición! Como estilados nas escolásticas alquitaras. Será millor calar. Sabía ben o que decía quen escribíu: "La peur des fagots c'est refraichisante".

Os bultos das arquiteituras de Sant-Yago figuran unha calcada néboa en chaira montesía. Nun craro da gándra —pois o vento tense adurmiñado no colo da neboeira—, o escultor fai a súa confesión.

Pensa estar soio. Xa lle non inquedan as néboas, as serras, os poentes, os ensonos. Denantes —¡lindo peteirar de sol escultor nas torres!— feríao a forma que fuxe, pra domeala e reteñela.

¡Non sabería conquerilas polo amor! Somentes foi amante e dada a orgoleza e fermosura de mociña salgueira do Sarela, de Fermina.

As palabras do artista vanse formando graves e soan como rexas e dispaciosas pingotas no valeiro dunha espenuca.

FERREIRO

¡Soio fun eu, eu non máis, eu! ¿Por qué?... Miña probe filla branca e xiada, filla dunha loucura. Non me astrevo a pedirche perdón. Pois fíxente de pedra con alma de mármol e o mármol non perdoa. Non haberá sol dabondo alapeante pra derreter ise lazo.

Fanse regueiros as neves da serra, mais o seixo albo como a neve ao lonxe soio polo lume se desfái. Perdoa, foi pecado de orguleza, probe e desditada filla miña. Si foras de pedra do norde pra sofrir e disfroitar como as pedras, e resar baixiño co chover cas mil estatuas de Sant-Yago.

Probe estranxeira branca, cecáis algún día podia ser recompensada a túa door... Eu fuxo. —Por tí, por te non enxergar sofrir fuxo de Compostela— Vou ás serras largasías e desertas, onde os castañeiros afátanse en roda pra tratar do pagamento das rendas da beleza de outono. Choraréi si algunha ves o morto luar mingoante locindo en tristeiros ermos me leva á túa lembranza...

O vello camiña. Entrambos amigos quixeran deteñelo. O fidalgo pra consoar o seu peito tempestoso de saloucos de vello. O doutor pra lle esconxurar as tebras da edade gótica cun razoamento ben sufincado na estética, en Azara, e nas olímpicas sereidades. Mais non poden. Os renques de arboredos, a neboeira da arquitetura téñense desfeito e no seu canto dóbranse soportáis, arringléiranse, ordéanse un momento en prazas, pra deseguida formaren rúas escuras, alongadas.

O FIDALGO

Un pouco zombador, apesares do sentimento de non poder consoar ao vello

Xa estamos engaiolados nos soportáis. Coma os señores da aldea pra repousar das priguizas dos seus pazos, os cónegos tabaquistas, os cregos ca ilusión de seren cónegos, os estudantes namorados, e os labregos respeitosos que sinten nos soportáis a gravidade tenra e o amparo do patín da ermida ou do pórtico da casa fidalga de boa e fina acollida pra os cabezaleiros... Supoño non ser, meu amigo, o millor lugar pra amostrárese o verdadeiro ser dise novo Sant-Yago...

Mais o doutor non o atende. Estrombóu pola rúa o armatoste dunha carroza. Cristáis, finas madeiras, un lacaio. Da carroza descé primeiro un abade coma un castañeiro decotado, vellote, cheo de savia, un cabaleiro esguío, con ár de pito mollado e unha doniña xoven.

Pola distancia e a pouca lus unha raiola ou lampo de luar con néboa. O doutor, sombreiro na man, dóbrase coma un bimbio, marmula unhas palabras de "xa o procuraréi máis a modo e convenceráse", e vaise tras do ronsel de elegancia da dona. Manxado pola vella boca do portal o doutor, non pode conter o fidalgo un sospiro de alivio.

Unha voltiña polas rúas. Procurar non demasiadas lembranzas. Hainas de amansar e curar. Deitaráse cedo. Agardando polo benfeito do ensono.

E no ensoar, a frol de pedra...

Ben sabe o fidalgo o camiño da súa casa. Ben o sabe e non quer pensar nil. Do oco dos soportáis, da noite cangada sobor da cidade despréndese un feitizo, unha forza. Non é a humidade das vellas pedras, non é a cariza doce e triste dos musgos, non a simpatía polas probes almas femeninas encraustradas nas casas...

Nun tempo lía o fidalgo libros de mineraloxía. Algo entendéu do xugo ou zume lapidífero. Entraballe o grimo de descobrírese tolleito das pernas, do corpo enteiro. Logo os peiraos valeiros dos soportáis éranlle descoñecidos. As lousas estaban molladas e locentes dun chover silandeiro. Por iso sendo baixa, doorida e roufeña fixolle ben a voce e as palabras ouvidas nun tramo máis negro daquil porto de negruras.

A VOCE

Meu señor ¿será tan bó que me non negue o benfeito dun anaquiño de conversa? Levo moito tempo sen falar, con frases soio miñas polas formar a iauga tola, e serva nas miñas gorxas de pedra, e sin escoitar outras voces de homes do que as rubidas como do fondo balbordar dun río dende o oanle das rúas.

O home ao aparescer por tras da coluna era pra xiarlle os ánemos a calquera. Case espido, coor escuro e pel meia moura i escamenta de galo, testa cativa, esmagada e rapada, disformes fuciños de cano de fonte, ás medias en-

volveito nun farrapo calquera de mantón de vella collido nunha mansarda. Case non maquiaba as pernas e pés que tiña mal feitos e pesados, namentras os brazos eran rexos e grandes e co iles esperguizábase ao falar como canso de ter sofrido moito tempo na mesma postura.

Co ise poder de caraiterización de algúns maxinativos, o fidalgo bautismóu ao seu interlocutor co nome do "liberto".

O LIBERTO

Sei quén é vosa mercede. Téñoo enxergado dende enriba. Bó posto de ouservación. Todos os chamados grandes semellan en xeneral ben pouca cousa dende o fío das tellas. Máis dunha ves por ver si chovía, ou si cruzar unha anduriña, ou pra vixuar a raiada do sol dalgunha moza cantariña tendendo roupa a asoellar polos tristes tellados, as súas olladas cruzáronse cas miñas de pedra...

Hoxe disfroito da miña primeira noite de liberdade.

O fidalgo consideraba cunha miga de grimo ao seu compañeiro. Case non podía andar e custáballe moito soerguer o espiñazo. Non embargantes, tivo un pensamento risoño supoñendo a opinión do doutor enciclopedista ao considerar un ser que non sabía usar da liberdade que lle fora concedida ou que il roubara.

O LIBERTO

Foron moitos anos de gárgola e cachoeira. Soupen agatuñar cas mans polos tellados, mais arestora debo facer de "Pitecantropus erectus" i hei teimar non ser por compreto indino da boa e fidalga compaña...

O FIDALGO *riindo*

Vexo que na neboeira e no ambente compostelán bulen partículas de cencia. Boa proba de ser ista ilustre vila, universitaria. ¡I eu que veño de mirar as bágoas esconsoladas de Minerva!

O LIBERTO

Debaixo da miña loxia sempre houbo estudantes de cencias e filósofos positivistas dos negadores do ceu e habitadores do piso máis achegado ao ceu...

O FIDALGO

No tempo dos gatos enxaneirados a túa vida non deixaría de ser divertida. Pois tamén...

O LIBERTO

Deme licencia pra me adiantar aos seus pensamentos, meu señor. Da Gatomaquia pódese pasar nos continentes e ínsuas dos tellados a verdadeiras Monomaquias e iconomaquias, sen contar os aquelarres das chemineas e as pálidas Rosauras das lúas, e as Xeórxicas dos lameiros que fai o outono nas campías dista ditosa Compostela.

O FIDALGO

Comezo a me interesar por isas serras de cumios de tellados, e ises océanos das grandes prazas. Alpinismo non. Telladismo, pracer dos outos e tamén...

O LIBERTO

Pídolle por favor que non camiñe depresa. Volvendo ao noso conto direille cómo tamén o telladismo loce xustificación paradóxica como o alpinismo. Rúbese aos picoutos pra enxergar aos homes de lonxe ou en abstracto e pra que os homes falen de nós: agatúñase polos tellados pra ouservar millor aos homes e descobriren perspeitivas, dende outro nivel non posíbeles... Veña comigo e verá.

O FIDALGO

Non hai luar, chove, vou esbarar e cair rolando deica o fío dos tellados si unha man rexa como a túa me non sostén.

O LIBERTO

Nin en mongolfiera iría millor pra empregar termos de cencia barroca sempre gasalleira aos fidalgos.

Ista noite vai follear por primeira vez a "Crónica Compostelá". Non coide vosa mercede que arestora imos facer o "Diablo Cojuelo". Isto é outra cousa. Supoño que ao xentil esprito de vosa mercede lle non interesa o que se guisa na cociña do grande coengo escriturario Dr. Penasrubras pregado de aúnos, nin as trampucias ao xogo de algún tido por merecente da crus de abrulas no manto, nin cómo relouca no leito o sonado por gastar as noites como rato erudito rillando in-folios, ou de qué xeito rouca como porco pé do leito da fedeonda criada o viudo ademirado na súa door polas derradeiras románticas da epístola de San Paulos. Toda isa fatutiñada pode interesar aos leitores de Zola, ou Maupassant e "tutti quanti", a derradeira hora alunos dos Fra Diavolos ou dos Diables boiteaux das fornadas máis a bo precio do Demo, gran forneiro de curiosidás. Nós polos tellados camiñaremos a repelo do tempo, rubiremos a costa da historia, temos de lle dar volta á calceta de lán dos séculos a ver qué onza garda como farrapo da vella onceneira.

O FIDALGO

¡Xa chouto e ardo por camiñar! Bule, condenido, e me non fagás sofrir despoixa de me fregar os beizos ca mel.

O liberto boia un silvo baixo, longo, temeroso. Volixando na choiva desce unha bestiña de feia testa fuciñada e longas e fortes aas que a ras da terra móvense mal. Sin medo, como quen rube ao máis craro e polido avión, o fidalgo séntase no lombo escamento daquil raro cabalo do demo namentras o Liberto pónselle ao pescozo disposto a gobernar polos mandos das orellas ao becho voador.

III

Primeiro van resbando os tellados ao fío dun renque de gárgolas. O fidalgo levado sobre abismos demarcados por mostros ten medo e noxo.

O FIDALGO

Ouzo pètar marmelos de cocodrilos, un peteiro de ave rapiñeira esgazóume o pantalón e non sei si me chegaría ao coiro. Carantoñas e desvergonzas van seguindo o noso viaxe.

O LIBERTO

Non pare mentes niso nin lles dé tino. Toda isa malta é de amigos meus, e si eu quixer isas teratolóxicas abenzas serían gobernadas polo meu silbo e caxato de pastor. Compostela enxergada ao rivés cos pecados ao aire, con todas as cartas bocarriba, gárgolas e torres, gatos e románticos... roupa lixada e roupa limpa a asoellar, mansardas candongueiras, chemineas ou alapeados Etnas das bruxas e cúpulas de conventos...

O FIDALGO

¿Quén es? Falas coma un colexial, pico de ouro nas "minervales", coma un pregador nas soadas festas de San Pío V. ¿Quén es? ¿Qué fuches?

O LIBERTO

Inda pra os enlamados no trollo das rúas nista cidade algo se pega dos zapatos de fevilla de prata, e pra os empicotados i empelouriñados fíos das tellas non falla a caridade dos fumes, fumes de cencia da cidade, que sempre van pra riba, e as ideas que por súa divina lixeiro o rubir procurando súa patria non deixan, elas xenerosas, de non facer algunha caridade inda que pola nosa rusticidade coidemos ao principio ser inritantes vapores...

O FIDALGO

Ca ventaxa de baixaren i estrumaren o chán as berzas refervidas, os touciños resecos da má literatura i erudición... ¡Cala! Arestora enxergo a cidade moito millor do que Neira de Mosquera no seu "Santiago visto desde la torre del Reloj". Si poidéramos nos deter un pouco... Xa non sei si imos moi enriba ou rente o chao. Ao artigo de Neira podería opoñer o de un "Santiago visto desde el nivel de las tumbas". Non hai resistencias, esváense as formas. Afúndese non soio a Física newtoniana, tamén...

O LIBERTO

Estamos saíndo do presente. Xa decorréu o pior. Ha ser asín na Morte. Como na primeira borracheira. Dende agora

non ha perguntar ren. Non lle abondarán ouvidos e ollos pra as maravillas e pra os horrores... Vai enxergar cómo nace o Pórtico da Groria; e como se bambean os aforcados do monte Ouriz, a fame negra tecendo cordaxes de tripas valeiras pra os navíos da emigración e o corazón de Douglas latexando diante o altar do Apóstolo...

O fidalgo decátase de descer por un ledo e xentil camiño, á beira de augas noviñas e rebuldeiras. O ambente é un devalar de follas de xasmín e roseira. Sabe o fidalgo como con soio voltar a cabeza ha enxergar unha Compostela trasposta en nubens, ceibada da pesadume de pedra. Escolma seguir adiante cara un pecho bosque de nova e xubilosa agromada, onde agasallado polo silencio canta un reiseñol. Si colandrean irónicas serpes ou na follateira se disimulan riseiros faunos, o fidalgo non o sabe. Soio tén potencias e sentidos pra unha muller. Xoven e casada, vestida de galeguiña da Beiramar en festa, tén as mans fidalgas e co elas agasalla un levián ameneiriño feble. Dúas pombas brancas póusanse non lexos.

ROSALÍA

¡Probiño! Non teñas pena. Hánche agasallar as raiolas do abril, maíño danzal e terás forza pra xuntar a túa vociña nova ao conxunto psalmear do bosque, meu fradiño. Hoxe son ditosa. Sinto a miña Terra espallárese flor de centeeiras e xardíns, en copa de pedra cinguida de escuma ventando o sol da espranza. ¿Non sí, fermosas pombas? ¿Vindes de Herbón ou da Retén? ¿Non semellan niste silencio de mañán todas traspostas en brancura de lirios de Cornes as torres de Sant-Yago?

UNHA POMBA

Perto do mar de Rianxo unha mociña está a ramo de morte de amores e soio a foula co seu caír tén pra ela unha verba de piedade, e os mariñeiros bogando ao lonxe coidan descobrir na praia a branca almiña dunha afogada en noite cruel. Eu son da comunidade de pombas da Retén.

OUTRA POMBA

Veño da caste das pombas que sinalaron a Rosnida o lugar do pasamento do seu amor. Mais non teño pombal nin fenestra. O mesmo craustro das freiras semella valeiro e meu bater de azas non pode facer rebulir o aire morto e o bafo da soedade.

ROSALÍA

Súa faciana vóltase enneboirada, probe auga de ría sombrisa por pasar da nube negra, do corro mouro. Mais unha ferida de lus na tristura, loiro rizo na meixela magoada

¡Rosnida! ¿Cómo foi?... Longo camiño e o remate... A sola, o zoco, a ordinarieza da historia espaventan as aves da leenda. Mais elas volven. Os sabios dúrmense á noite sobre os libros. As leendas, como as fontes, os amores e a compaña non durmen. A verdade da alma. Da probe prisoeira. Sí eu,

ca pomba na man, chegara á cátedra dos homes sabios e serios. Eu non son má. E había de riir co seu medo.

UNHA POMBA

A probiña vai tolear ca door. Inda non descobríu a beleza do seu seo, vaillo espir o vento, ten fame, e a fame dente de lobo pon espavento.

OUTRA POMBA

Soio poden sabelo o pirliteiro que agroma denantes de ningún as súas froles de ensono de nena, e a nube viaxeira, e tamén de fixo o esprendor da Galaxia. Ca testa baixo da ala tamén as pombas vixuamos na noite. Eu sei das bágoas deitadas polas estrelas, por algunha estrela, homildosiña pelegrina no lugar escolleito pola Morte pra Rosnida.

ROSALÍA

Perdoa illa da miña soedade, da miña liberdade, xigantescos olmos, mirtos, albres cabaleiros de farturas de verdes regalías, buxos xeometría do verde tallado como cristal, vou deixarvos un momento. Mirade, do relóx da esfera descéu unha batelada misteriosa. Ela esperta as froles brancas das almas das mortiñas de amor. Vou agasallar coas miñas bágoas e co frescor dos meus cabelos o lirio branco da alma de Rosnida.

Camiña, leva na frente unha resolución, parés non tocar o chan cos pés. Cando a segunda pomba como chamándolle desesperadamente a atención xira en circos silandeiros ao seu redor.

ROSALÍA

Qué frías as túas azas, pomba xiada, vaite de eiquí, máis moura és que corro ca túa falsa candura!

Deseguida decatándose, con arrepentimento

Non branca peiriña do pombal, ou de Herbón, ou a que non ten pombeiro nin xiquer fenestra, non fagas caso da probe tola —perdón—. Fun inxusta e cruel... Son merecente de ser aldraxada.

A faciana de Rosalía envellece, o fermoso traxe de labrega vóltase vello e usado

¿Quén rube por aquila costa? Unha muller xoven. Vai loitando co vento e a fadiga. Vai agarimando algo ca man, algo gardado.

Rosalía vaise achegando docemente... A muller esdenada leva o seo fora do xustillo coberto cun pano. Non quer dar tino ás palabras de Rosalía.

A AMANTE ESDENADA

¡Lerías, lerías a min! Moitas me fungaba miña aboa. Eu levo eiquí unha chave pra me abrire todos os tesouros. Non voltaréi enxamáis pola esterqueira da aldea. Hei riir ás

cachizas ben mantida, a chiculate e sucre, como a ama dun abade. Pra que toupen de envexa as vinculeiras. Levo ao ár o meigallo e talismán do amor e do poder.

O seo da rapaza faise arredondeado e podente de matrona, summa e esprito das esperencias do amor, ou móstrase choutador, levián e fino, adolescente foula nas mans que o agariman ou conteñen asegún as sedes dos homes que fan un intre de tempo entre dúas pingotas de chuvia da mesma unha roda vixuante arredor.

O DESENGANADO DOS LIBROS

¿Ónde adeprendería o P. Feixóo cómo as mulleres de vida ceibe fían no poder dos seos? ¡Probe de min! Os tópicos sempre me nubran a vista. Merecente de ser adornada isa gorxa cun colar de pelras, vóulle ofrecer —figura moza desleigada da Beiramar—, o colar de cunchas do mar do Sul, gala da miña aboa.

UN VELLO AZORRADO

"Suaviter in modo fortiter in re". Mociña, escoita unha razón. Vas mal soia. Na miña casa hai brancura como de raíña pra esterricar ao meu carón os teus lomedros, é tamén doce o leito dun home de por qué.

UN FEUDAL

Teño dereito a il, os dous, a todo o corpo. Son dezmos de froitos da miña terra alodial.

O ESCRIBÁN DAS NULLAS EMPASTADAS DE PANDECTAS

Ben alodial, máis primicias a Deus, e poden interpoñer dereito de forza os doutores do cabídoo. Eu hei zugar a gloria dise limonciño loiro, has andare en coche, has ter silla de veludo na eirexa.

UN MOZO ESGUÍO

Cóbreo pra todos. Menos pra min. Imos fuxire xuntos. O mundo é ampro e loiro. Cas túas trenzas rubras hei apreixar a Fortuna, e si non se contenta, aforcala co elas.

UN CASADO

¿Cánto? ¿Ónde? Garda silencio como un peto. Terás unha renda e piso. Non berres. Nin rías.

Rosalía ponse de xionllos diante da moza. Vóltase a escea unha estrada de pedras e rodeiras na hora de tristeiro solpor de fumes baixos e laios de campás. Sangran os probes xionllos de Rosalía. A súa voz aquece e consoa.

ROSALÍA

Garda o seo, miña cousiña, que terá frío e as olladas dos homes maos pódeno lixar e facer amerado. Garda o licor da vida pra o teu filliño. Cecáis drento de tí vai choutar ledo rebrincando como un añiño en verdes pradeiras de amor. Vai ter sede e fame. Gárdalle o seo. Non foi pecado. A Virxe

mira por tí. O farrapo lixado dunha nai encobre i ergue moi outo. Máis outo do que o broslado manto das Raíñas. Gárdao, pois teu fillo ha ser conforme ao labio de sinxeleza e gozo adurmido do primeiro grolo do teu leite nos seus beizos. E non terá vergonza de tí. Tamén eu nacín ca sede dunha pinga que se afastaba de min.

A moza garda o seo. Entrambas mulleres abrázanse chorando. Séntanse febliñas ao amparo dunha muradella inzada de silveiras. A moza vai adormecendo no colo de Rosalía. Rosalía vaille gasallando docemente a testa loira, as trenzas cansas como a frol das toxeiras cando madurece a primaveira. A lus do serán tristeiro cobra forza, como refrexándose en ricas xemas nas bágoas de Rosalía, nas súas probes manciñas cansas, sempre espallando o ben. E o serán onde se vai encovar o día colle o locir de óleos da grande lámpada do vestíbulo do Hespidal de Sant-Yago. Como boiñas acoden á lus pendurada do treito, os ensoares e pesadelos dos doentes nas sáas do Hespidal a noite do 24 de Febreiro de 1835.

O POBRE VELLO BIMBASTRÓN

Crebeime as costelas afondando o puzo. Ben sabía da auga —regalía gardada no sábrego— ¿Qué diacho me fixo esbarar o pé? Había ser o lagarto verde de ollo redondo, figuranza tomada pola veciña envexosa de acolá. Mais, morto ou vivo hei voltare, e aquil auga ten de manter un sonado cabaceiro de espigas.

A MOCIÑA DOENTE DE CALENTURAS

No rueiro afastábanse de min. Hastra as compañeiriñas de costura. Eiquí o interno non ten medo. ¡Mociño xeitoso e señoriteiro! Ha ter pazo de alciprés e muíños no rego. Ou eiquí na cidade unha nai alfateiada de acibiches e prata. Si eu lle gostar... ¡Mañán heime peitear ao xeito vilego! Si me colle a tos heina disimular cun sorrir.

O FIDALGO ARRUINADO

¡Hai xente de parroquias da beira da miña! Coñecina polo falar. Millor quixera estourar na miña casa. Inda cobríndome co capote de cazador por falta de sabáns. Si saio con vida dista podremia e alcaiotada do morrer, vou esmorenar a parede do coarto. ¡Alí está o tesouro! Ouro en rodas pra cegar a todos os tendeiros que me negaron as súas porcas fillas. I hei convidar a un xantar aos médicos.

O VALENTE DESTOUZADOR DOS ERMOS

¡Si xiquer poidera unha distas noites de luar albiscar o centeo novo e rebuldeiro nos lombos da serra encetada por min! ¿Non sí, lúa, luniña!

OS QUE VENTAN A MORTE

Imos ficar lonxe dos nosos adrales. Vannos esnaquizar, esmiuzar, facer natomía dos nosos corpos. ¡Todos afatados imos ir polos camiños e atallos da serra e beiramar deica

descobrir cada ún a torre da súa eirexa e amparárese no seu adral. Cada ún seu tobo. O pior ha ser pra o derradeiro. Morrerá co medo no ermo dando medo. Como non haxa parexa pra lle ofrecere o leito e cocho da súa coba.

A QUE VAI PARIRE

Na miña parroquia badelan as campás a parto. Axudan. Meu neno, meu rei. Has ser máis bunito do que as onzas novas e terás unha gaita mercada pra tí por túa nai pra que beilen en roda as mozas todas prendadas de tí e hastra as medas da eira e os penedos da costa.

A SÍBILA VELLA DE CEN ANOS

¡Abenzoado sexa el Señor! Tíñame prometido non morrer sin sentila perto de min. Agora, andadiña de cen anos, podo ter meu pasamento ledo. Vai entrar no Hespital das angurias a nova lus alboradeira!

Os ensoares e pesadelos voadores afastándose e apegándose como morcegos ao teito deixan locir con meirande forza a lus do farol. Despóis duns estrondosos chamares franquéase a porta. Entra un home levando baixo a coroa mollada un embrullo. É a nena que se chamará Rosalía.

ROSALÍA

Arestora coido ter lembranza de percibir entón, probe cousiña levada por caridade á casa dos probes, o mundo todo. E desenrolábase como un largasío paisaxe de val ao esparexérense as néboas conforme se franqueaban as outas e rencheirosas portas da verdade. Entón adeprendín a miña Poesía. Non a procuredes, homes letrados e sabidos en ningures. No Hespital brilan todos os ledos lameiriños inzados de ilusións, bulen os regueiros de voz de doncela, esmorecen esfameados de inxusticia e falencia de pan os bariles peitos, saloucan os nenos sin pais, como doridas ánimas pasan as viudas dos vivos.

Rosalía fai e rafái o camiño entre Sant-Yago e o Padrón. Baixa ao compás das augas. Rube cas aves mariñas. Sai cunha espranza e volta cunha door. Asín o camiño, orleado de agromados e froles ou tristeiro de pozas de chuvia, vaise convertindo en roda, dándose as mans os pesares, e Rosalía pensa tolear. Pro descóbrese e améstase o vello e latexante arboredo de San Lourenzo. Ten no impeitizo o cruceiro e o craustro franciscán, como o impeitizo das almas ten unha inmorredoira lembranza de pureza. E alí acóllese e repousa Rosalía.

A VOCE CONXUNTA E RUMOROSA OU
O CONFORME RESPIRAR DO PEITO DA SOEDADE

Chega cabo de nós, non teñas medo, pois freiriña profesa no noso convento e Régoa de silencios has sabere a lingoaxe das fontes e a filosofía prima deitada polas estrelas. O xenio da soedade, numen ou druída —soio os homes dos libros son de abondo tristeiramente ousados pra coidar sabelo— abrazóuse á Crus, e asín é iste un tempro conteste e

conxunto da Galicia. Da túa. Eiquí as palabras e os versos técense de silencios como se tecen no teu corazón...

ROSALÍA

...Señor, ¿hei ser merecente dista dita? Por nai, por muller, por galega. ¿Non é tentarte, Señor, o disfroitar eu soia, probe rula avergoñada, diste ben? Si chamara a todas as desditadas mulleres de Galicia ¿ónde habería sombras, follas novas, ruxente e ricaz tapiz de follas muchas pra as acoller a todas, e frescor de auga na fontela pra o deserto de tantos beizos?

Como unha neboeira vai envolvendo o rubir das torres, baixa e desfaise rente dos tellados, sorpréndese nos esquináis, fuxe dunhas portas, ampárase noutras a moitedume vagorosa das probes mulleres desditadas. Espállanse pola campía, e os seus aneles de neboeira cínguense aos albres de San Lourenzo, ou teñen medo e penduran como panos e sudarios. Algunhas gardan unha lembranza de voce que fai escoitar á fontenla e aviva en Rosalía chamas de amor.

UN FARRAPO DA NEBOEIRA

Serva e aldraxada morría de fame no soportal e os pés dos criados dos fidalgos calcábanme como un esterco. Soio de min tivo compasión un peleriño de longas terras. ¿Por qué condenaron ao fillo daquil amor? Ha andar no monte e ha traguer á súa nai un mantelo de veludo.

OUTRO

¿Foi miña culpa? Casáronme sendo nena. Soio coñecín do mundo as primaveiras e os outonos do xardín das freiras. Non podo esquencer a voce, soio a voce, pois o cantor non o enxerguéi. Estudante, artista, peleriño. E por iste amor hei morrer pra renacere e morrer no bafo do forno do castigo. ¡Probe fiancho de néboa de muller!

OUTRO

Fun raíña de Castela. Esposa do rei máis galán e máis miñato. D. Pedro. ¿Qué meirande ledicia pra unha alba corza? Máis das frolestas galegas do que namorar ao gris lobo de ferro castelán. O castelo de Cuéllar sabe cómo a noite de bodas espállase, mantelo broslado de lus, sobre todas as noites do meu vivir. Raíña de Castela, dende o meu panteón real, con frío e medo penso no mal leito funerario do meu rei!

ROSALÍA

¿E vou ser eu máis do que elas? ¡Probiñas! As desditadas donas da miña terra. Eu disfroito diste ben de silencio, do acougo fondo e baril do bosque antergo onde soño o pranto da rula e maxino tamén ás veces —¡probe ousada de min!— erguer na noite que acobexa a miña probeza torres de canto, de Compostelas de són, soio un intre viventes, no tempo demarcado por dous latexos de estrelas.

As aas dun vento manseliño e doce, de forma de ave, de taito e lábio de follas de roseira pasan de vagar, afondando e ao tempo volvendo máis intensa e achegada a beleza e o silencio. Rosalía enxerga no verde silencio sorrires de anxos —son os nenos mortos— e o devalar de horas ca sedán pesadume de doces lembranzas... Da fonte ven o refrán dun cantar sin nome, mais cuia medida e acento enche de lediciosa saudade o corazón. Como todo é bon e o mal semella lonxe e calcado, e as cousas ceibadas do cangamento do pecado e do tempo parecen retornare a unha inocencia orixinaria, máis perto das mans de Deus, Rosalía ten medo. Nácelle na alma como nace na faciana barroca esculturada dunha eirexa, envolveita en lus a primeira sombra dun ornamento. Pousa un paxariño garimoso. Todo o seu corpiño trema como a vara verde. E polos outos buxos pasa un arripío, apenas un baixo salaio no ár da hora lumiosa, do minuto feito cúpula de ouro, embazada pola gris neboeira, respirar dos verdes vales.

ROSALÍA

¿Será iste ensono crebado? Miña negra sombra gandindo ás veces ca ilusión da dita, faise coidar realidade de horas redondas e fermosas seituradas pola fouce de són de outa torre as neboeiras douradas dos ensonos. Cecáis eu debo deixarvos. Cecáis o alento da fuxitiva e desditada non deba enxoitar a mol tenrura das vosas follateiras, xigantescos olmos. Pois vós non podedes morrer.

Soan fadalmente igoáis os machadazos. Tallan ao lonxe os árbres. Os paxaros espaventados comezan a voar en xiros doorosos sobre a grande soedade que se vai facendo e medra no bosque.

ROSALÍA

Non, non podo escoitar o derradeiro laio do bosque. Verdes cabaleiros, barudos corpos de herois estrados no campo de batalla ¡adeus! Si xiquer forades foulas e garamatas pra estralar en gargallada de lume amigo no fogar dos probes. Outravolta a seguir meu camiño. Soio acougar aos pés de El Señor!

O ALBRIÑO DONCEL

¡De min esquencéranse! Non son bó pra tallar, e a miña finura fai ben no parque á moda con albriños señoriteiros. Meu canto pode ser elexía. Pro é moceiro e non desentonará nos madrigales do xardín. Adeus miña nai galega, sempre a túa canción hase gardar nas miñas follas, e o teu nome e verso quedan dibuxados na miña tenra carne vexetal. Díchesme amor.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Trasalba

LEMBRANZAS

A NENA DO ESPELLO

Unhas verbas; un xesto; calquera clas de chanza, por moi inocente que sexa, pode ensombrecer a alegría dun neno, como me ensombrecéu a miña mentres vivín coa dúbida de si era ou non era filla dos meus pais. Por un tempo non volvín ser a nena alegre que eu era; a nena que sempre andaba xogando e rindo. E todo porque nacera distinta de meus irmáns.

Eu era morena e eles eran louros. Eu tiña a pel escura e o pelo moi negro. Tan distinta era, que todolos que por primeira vez me vían, decíanlle aos meus pais:

—¿E de quén é esta nena tan moreniña? Non se lle imita a ninguén da familia.

E eu estaba farta de ouvir sempre o mesmo. Chegóu un momento en que xa me ascondía da xente pra que naide me vira e corría a falar coa neniña do espello, que era a única amiga que eu daquela tiña.

Un día mandáronme a buscar meus pais porque estaba na casa unha visita importante; e da boca daquelas persoas, hastra aquil momento pra min desconecidas, saíron as temidas verbas:

—Non se lle imita a ninguén da familia.

—Porque non é nosa —respostaron aquela vez meus pais en son de risa—. Deixáronnola os "gitanos" diante da porta... pro nós querémola coma si fose filla.

Estóu segura de que si os meus pais adiviñaran a pena e a dúbida que coas súas verbas ficaron en min, nunca houberan dito aquelo; nunca terían feito chanza dunha cousa tan seria; porque eu non fun feliz mentres me duróu aquela dúbida. E o pior foi que, a partir daquil día, os meus irmáns, pra me facer rabiar, chamábanme "gitanilla".

E eu choraba e sofría porque non quería ser "gitana"; eu quería ser louriña e ser filla dos meus pais.

Cavilando tristeira iba buscar consolo á miña habitación porque alí fartábame de chorar sin que naide me vira. Fartábame de chorar frente ao espello do armario, como choraba aquela nena que sempre estaba alí moi ascondida.

Era a nena do espello, que tiña o pelo negro e as meixelas louridas.

A nena do espello estaba asustada.

A nena do espello tampouco era loura e por eso choraba.

ANCEIOS DE NENA

Eu estudaba. Eu críao asina. Estaba nun banquiño baixo no patio da casa con un libro aberto enriba dos xionllos.

O patio era grande co chan de cemento; tiña unha palmeira e

moitas macetas cheíñas de hortensias. No centro do patio había unha fonte tamén de cemento. Arredor dela estaban prantados moitos caraveles brancos e roxos. O borboroto da fonte borrifaba sobre deles a fresca auga, que lle deixaba os pétalos cheíños de pingoadas brillantes ao sol.

Eu estudaba. Eu asina o cría. ¡Con tal de ter aberto o libro diante de min! Os meus inquedos ollos non estaban moito tempo fixos nas páxinas do libro. Brincábanme as letras e mareábanme, por eso as lecciónes non me entraban na cabeza. Gustábame máis ver as volvoretas voar e voar... Gostábame máis ollar prás hortensias e pra os caraveles e ver caída a auga por enriba deles.

De ver tanta auga sentín moita sede e entréi na casa.

—¿Qué é o que queres? —preguntóume miña nai.

—Teño moita sede.

E deume a auga.

—¿Estudaches?

—¡Xa estóu cansa de tanto estudar!

—¿De estudar ou de pensares nos biosbardos?

Caviléi e preguntéille entre sorbato e sorbato:

—¿Qué son os biosbardos?

—O que tés dentro da cabeza.

Volvín a cavilar...

—Onte dixeches que tiña paxaros.

—¡Claro que os terás! E tamén o demo.

—"¿O demo tamén?" Protestéi mixiricando:

—¡Eu non quero ter o demo! ¡Eu quero ter un anxo!

E miña nai encheume de aloumiños. Deume mil apretas e colmóume de bicos as meixelas.

Terás anxiños si estudas moito pra seres moi lista cando sexas grande.

—¿Medraréi axiña?

—¡Antes do que pensas!...

Eu volvín ao patio arrastrando o libro. Sentéime no banco e púxenme a matinar: "Paxaros, biosbardos, anxiños e demos". Cavilando e cavilando... descobrín axiña cal era o meu problema: "Tendo tantas cousas dentro da cabeza non podían caberme tamén as lecciónes".

Eu estudar quería, pro unha volvoreta pousouse de súpeto enriba do libro. Tiña as áas brancas con puntiños mouros. ¡Qué belida era! Gostábame tanto que quixen collela, pro a volvoreta escapóu voando... voando moi outo perdeuse no ceo.

Sospiréi moi fondo pensando con pena: "¡Quén fora volvoreta pra poder voar!"

Anceios de nena.

A nena estudaba.

A CADELA PERLA

Era de raza loba e chamabámoslle "Perla".

Era bonita e garimosa.

Foi a única cadela que eu quixen de verdade.

Lémbroa inda hoxe, máis que nada, pola maneira que tivo de morrer: envenenáronnola e nunca soupemos quén.

Xa non era eu tan pequena daquela, mais apesares deso, impresionoume grandemente a ollada anguriosa que me botóu cando se

morría. E si de seguida me decatéi de que se estaba morrendo, foi porque aquela mirada que ficóu na miña en canto me ollóu, somentes podía inspirala a Morte cando ronda cerca...

Os animáis non teñen alma, ben o séi, pro a cadela, entre os seus laios, ollábame coma un ser humán pedíndome axuda; e hastra tiña choro nos ollos; un opaco e tristeiro choro que se metía na alma.

¡Canta mágoa me daba nona poder axudar!

Sentía unha pena fonda... fonda... que me furaba o corazón, pero nin eu nin naide da casa poidemos facer nada por ela.

Morréu e era noite pecha.

E asín como o conto, asina mesmo, maldecín a man que lle dera o veneno.

¡Que Deus me perdoe!... pero creio que foi iste o primeiro sentimento de carraxe que brotóu no meu peito.

OS MEUS OLLOS DE NENA E A PRIMAVEIRA

¿Qué tiña entón a primaveira? ¿Qué tiña entón? Eu non séi o que tiña, pro sí séi que exercía en min un dondo feitizo... Facíame sentir toda a agromada da Natureza, que era un milagre de luz e color e os meus ollos de nena abríanseme abraiados e abraiado abríaseme tamén o corazón.

Víaa espreguizarse do seu sono invernal vencendo ao inverno con arela e amor...

A primaveira era música, era sorriso, era fror.

Nela todo frorecía; todo cantaba.

A herba medraba nos campos e as mapoulas eran pinceladas roxas entre as herbas verdes.

Deliciábame espertar co canto dos paxaros ou co marmurio da auga brincando entre as pedras... Disfrutaba con ledicia de cada segundo daquiles os meus espertares.

¿Qué tiña entón a primaveira? ¿Qué tiña entón? Eu non séi o que tiña, pro sí séi que me facía soñar coas margaridas, esas froriñas brancas de corazón amarelo que fermosean as pradeiras.

¡Margaridas!... ¡doces froriñas sacrificadas das primaveiras, que desfollan os namorados ao preguntarlles emocionados si o seu amor seralles sempre fiel.

Eu tamén llo preguntéi naquela edade máis temprana, cando enchían a miña alma as primeiras ilusións e, como calquer namorada, fun paseniño deixando caír os seus pétalos brancos un a un.

Máis agora... Inda que a primaveira sigue tendo pra min moito atraemento, e sigo sentindo a súa dondura e o seu sorriso, e sígueme emocionando o canto da auga borrifando nas pedras... apesares de todo eso, xa nada me parece igual agora, porque os meus ollos xa non se me abren abraiados como se me abrían daquela.

MARUXA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Monforte

REXURDIMENTO DO MITO: O GRIAL

O que imos narrar semellará fabuloso e, na verdade, éo; ten o gosto da lénda e o misterio do mito. Sucede, porén, de cheo no século XX e de certo xeito envolvéu a nosa propia vida. Inda que ven de moi lonxe, o fío retómase antre nós, atingue á nosa xeneración e deberá acender outravolta o facho que, pasando de man en man, voará quezáis a outro planeta.

A lénda é a do Grial *.

Unha vez faléi co Dr. Jung encol deste mito lexendario. Desditadamente, por mor de que a súa muller pescudaba no tema, o doutor non escribíu maormente sobre da misteriosa lénda. Pra Jung o Grial era un "arquetipo", unha esteriorización de "eso" que el chamará o "Sí-Mesmo", ese punto central, ideal, da persoa, equidistante antre o Incoscente e o Coscente; unha totalidade perdida e inacadábel quezáis. A Frol Inesistente, o Ideal, o Ceo, a Inmortalidade...

Na historia, a lenda do Grial ten orixes desconocidos. É un mito pagán que ás veces se vencella coa lénda da Atlántida e do Diluvio Universal. O Grial é tamén esa "Pedra da Chuvia", que Noé salvara do Diluvio, é o Talismán que detén as augas rebordadas. É a "Pedra" que os mongoles chamaron "Yedeh" o os árabes "Hajar-almater". Pra os Arios, o Grial é a "Chave" perdida, a "Pedra" onde se graburóu a sabencia esencial, a "Lei" da raza e do pobo hiperbóreo, denantes de deixar pra sempre a patria dos xíos, o Norde lexendario, a terra mítica de "Aryana Vaijí", que se fixo inhabitábel pola época glacial. Son as chaves da sabiduría da Atlántida, aquelas que de se atopar e descifrárense, farían posíbel entender realmente a "Yoga", a verdadeira, a "Tántrica", a que faría ao home inmorredoiro coma o deus que un día foi, denantes do grande *afundimento* e reborde das augas. Porque a "yoga" que hoxe se conoce e se practica, sería un alfabeto incompleto, un remedo dunha maxia subrime e dunha sabencia grandiosa. Namentras se non atopen as chaves e se non descifren, a yoga de arestora non pasará de ser coma un xogo con signos rúnicos, que produz efeitos contrallos ou incomple-

* Reproducimos en versión galega este traballo, que, datado en Viena, publicóu o seu autor a comenzos do ano 1970 nunha publicación arxentina. Por tratárese dun tema vencellado ao tíduo da nosa revista, parecéunos de interés dalo a conocer aos leitores da mesma.

tos. Así o sostiña na India, por exemplo, Sri Janardana, xefe do "Suddha-Dharma Mandalam", cunha rama importante e abondosos adeptos en Chile. Pra Janardana, a verdadeira yoga era a "Suddha Joga", conservada nun segredo Ashram dos Himalayas, onde habitaría o mítico Bhagavan Sri Mitra Deva, Mesías da nosa época.

A situación hoxe é semellante á que se daría a un home do porvir, sobrevivinte dunha guerra atómica e que tivese atopado nas desfeitas da civilización desaparecida un tubo de metal cunha película gardando a síntese de todos os conocementos, coas fórmulas matemáticas, químicas e físicas que fixeron posíbel producir a bomba atómica e os máis altos adiantos tecnolóxicos da civilización desaparecida. Nada serán eses signos namentras non poida descifralos i entendelos.

O Grial pagano sería daquela unha pedra graburada, contendo as chaves da sabiduría dunha civilización de homes-deuses, que tería acadado detér o tempo, superar a historia.

O Santo Grial que se anda a percurar na Edade Media é unha metamorfose vontaria do mito pagán. Trasformóuse á "Pedra" no "Cáliz" no que tería recibido o sangue de Cristo ao ser ferido no costado pola lanza, sobre da Cruz. Percúrano a traveso de selvas e montañas os cabaleiros da Mesa Redonda, os Templarios e os peleriños da Edade Media.

OS CÁTAROS

De cada vez óuvese hoxe falar máis da herexía cátara. ¿Quénes foron os cátaros? Aparecen nos séculos X e XI no Languedoc, hoxe sul da Francia, e son destruídos no século XIII pola Cruzada Albixense orgaízada polo Papa Inocencio III, o rei da Francia e o monxe Domingo de Guzmán. Na verdade, a Inquisición créase pra perseguir e desfacer a herexía cátara i é posta nas mans dos monxes domingos. O Languedoc mantiña vencellos moito máis estreitos coa Cataluña i España que coa Francia. Ao trunfar a Cruzada Albixense após de trinta anos dunha guerra cruel e bárbara, o Languedoc é anexado á Francia do norde. De non ter acontecido deste xeito, outra sería tamén a historia de España, podendo térese desenvolto en toda a súa groria a civilización dos Troveiros da Cataluña e do Languedoc.

Cátaro é unha palabra grega que siñifica "puro". Levaríanos lonxe o espricar a orixe —moi desconocida— dos cátaros. Hai quenes sosteñen que foron sacerdotes druídas convertidos ao maniqueísmo polos misioneiros de Manes. Despóis fanse cristiáns, inda que dualistas ausolutos, ao que semella, ao estilo de algúns gnósticos. Visten decote un hábito de lá moura dos Pirineus, crén na reencarnación, son estritamente vexetariáns e sosteñen que o Antigo Testamento é obra do Demo, que Jehová non é deus, sinón Satán. O Mundo, máis embaixo do "Quinto Ceo", non é criación de Deus. A Terra é obra de Jehová, o Demo. Emporiso son contrarios ao casamento e á procreación, que obriga a se encarnar nesta terra aos espritos anxélicos. Semella que aceitaban tamén unha especie de suicidio místico, chamado "Endura". Os cátaros soio creían no Evanxeo de San Xoan e afirmaban que Cristo se non encarna no mundo da materia e só actúa dende o plano astral, podendo ser, de certo, o Arcanxo Gabriel. Todo esto é o que se sabe dos cátaros. O que se non sabe é moito máis. Practicaban a maxia i eran videntes. O seu

vencello coa civilización dos troveiros e a iniciación do "amor puro", de "loucura de amor" está documentada, tendo esistido troveiros que profesaron abertamente o catarismo.

No sul da Francia, na veciñanza da belísima cidade medieval de Carcasona, os cátaros constrúen riba do cume dunha encostada montaña, conforme a leis astrolóxicas, asegún afirma Fernand Niel, un castelo de lénda: Montsegur. Ahí residen os seus máis altos sacerdotes, ate que esa forteza, conxuntamente coas covas enfortaladas dos Pirineus cai nas mans da Cruzada Albixense, dirixida por Simón de Mont Fort. Todo é desfeito, todo... agás o Grial.

UN ALEMÁN

No 1932 publícase un libro estraordinario que hoxe é case imposíbel de atopar, pero que ao se traducir ao francés produz unha verdadeira conmoción en toda a rexión do Languedoc: *A Cruzada contra o Grial,* de Otto Rahn. O seu autor sostén que os cátaros no seu castelo de Montsegur custodiaban o Grial pagano, as "Táboas da Lei" dos Arios, dos hiperbóreos. Cando a caída do castelo, catro cátaros iniciados consiguen fuxir co Grial e agáchanse nunha das covas dos Pirineus. Os nomes de tres destes cátaros atópanse nos Arquivos da Inquisición de Carcasona. O nome do carto desconócese.

Durante anos Otto Rahn viaxóu e pescudóu na rexión. Foi de certo un precursor da espeleoloxía moderna. O seu libro é sin dúbida un documento da lénda e tamén da cencia. Baséase no poema do Grial, *Parsifal,* de Wolfram de Eschenbach (que tamén servira de base ao *Parsifal* de Wagner), na filoloxía e na literatura que sobre dos cátaros esiste. Fala cos eruditos e cos místicos do Languedoc, cachea os arquivos, nada deixa por pescudar. Sigue despóis a súa percura a traveso de Europa i escribe un libro que hoxe é "literatura prohibida": *A Corte de Lucifer.* Non hai xeito de atopar esta obra en ningunha libreiría ou biblioteca. Tense feito desaparecer. É tamén o seu derradeiro libro. Porque Otto Rahn suicídase, á maneira dos seus hérois, pouco denantes de se encetar a segunda guerra mundial. Vontariamente, ao que semella, xíase nunha montaña dos Alpes tiroleses, na fronteira actual antre a Alemaña e a Austria. Vontariamente, ao que semella... Moito máis tarde atópano morto, sentado riba dun penedo, co rosto apoiado sobre dunha man e dexergando apacíbelmente os glaciares. Otto Rahn soio tiña trinta e nove anos.

UN FRANCÉS

Teño falado longamente e mantido correspondencia con René Nelli, erudito do catarismo e da civilización e literatura dos troveiros provenzáis, autor de *O Misterio Cátaro* e *O Erotismo dos Troveiros,* antre outras importantes obras. Foi el quen me deu a conocer a Otto Rahn. Na súa casa de Carcasona, arrodeado de reliquias e de textos raros, nunha atmósfera de anterga civilización occitana, contóume o seguinte: Si os alemáns tiveran ganado a guerra, terían rescostruído o castelo de Montesegur. Ao se cumprir os setecentos anos da caída de Montsegur, o 16 de marzo do 1944, un avión alemán sobrevóou a ruina de Montsegur e tracexóu con fume no ceo a cruz céltiga. ¿Quén ía nese avión? ¿Qué posíbel vencello puido esistir antre o Nacionalsocialismo e os "Perfectos", os "Puros" cátaros, que coidaban que este mundo era obra de Satán e só aspiraban, si é posíbel suicidándose na "Endura" (aúno, penitencia estrema).

Un libro recentemente aparecido: *Novos Cátaros pra Montsegur*, de Saint-Loup, autor de *A Noite emprincipia no Cabo de Hornos, Dende o Aconcagua ao Cabo de Hornos, Os Heréticos, Os Nostálxicos*, etc., dá a resposta. Dí que quen voaba sobre do Montsegur era Alfred Rosenberg, o filósofo do Nacionalsocialismo, autor de *O Mito do Século XX*.

Saint-Loup sostén que Otto Rahn despóis da aparición do seu libro *Cruzada contra o Grial*, é decir, despóis do 1933, foi feito membro dirixente das SS Negras de Hitler —Orde segreda e iniciática, ao estilo dos Templarios, según Saint-Loup— e que por instrucións de Rosenberg voltóu a percurar o Grial nas covas dos Pirineus, onde o agacharan os cátaros no século XIII, após da caída de Montsegur.

Sempre según Saint-Loup, Otto Rahn non atopóu o Grial; é máis, entróu en conflito coa Orde SS ao se opoñer á guerra, manténdose leal ao esprito do catarismo, asegún el o entendía. Tería tencionado convencer a Rosenberg e a outros xerarcas das SS Negras de que a verdadeira misión da Alemaña era redimir ao mundo pola paz e polo esprito desencarnado, superando a materia, atal e como el intuía a lei do aínda non realcontrado Grial dos arios. Dediante da inminencia da loita mundial e da maré de intolerancia e de persecucións que el víu chegar, decidíuse polo suicidio místico (a "Endura" dos cátaros) xunto do xío dun glaciar, remedo da patria primixenia.

Non resulta doado saber cómo Saint-Loup outivo esta información, pois se non dexerga ben o contacto real que puido esistir antre o intelecto e a conceción dun Otto Rahn e un Rosenberg ou antre a SS Negra e os cátaros, fora de coincidencias dun tipo máis ben esterno, por así decir (hábitos mouros nos cátaros e as SS; o Castelo de Montsegur e o Niño de Águias de Hitler en Berchtesgaden, etc.). É certo, noustante, que se desconoce ate a data o que o catarismo foi realmente e o que tras da Orde SS Negra funcionaba. Os máis importantes documentos cátaros terían sido queimados pola Inquisición, non esistiron nunca escritos (a súa tradición era máis ben oral como a védica) ou fixéronse desaparecer vontariamente. Tamén os da SS e os dos centros nacionalsocialistas de pescuda encol da maxia que se constituíron en Munich, por exemplo. Sábese dun profesor novo da Universidade de Viena, erudito en maxia, investigador serio na historia deste arte, que foi levado polos alemáns ao seu Instituto de Munich e non voltóu a Austria despóis da guerra. Nunca máis se volvéu saber del.

René Nelli atópase perplexo e atariñante. Saint-Loup, ao ser interrogado sobre das fontes da súa información, négase a revelalas.

As SS Negras siguen pola súa conta, en plea guerra xa, a percura do Grial nos Pirineus do Languedoc.

René Nelli confirma que científicos alemáns, xeólogos, etnólogos, antropólogos, disfrazados de miliciáns, percorreron frenéticamente as furnas do Pirineu durante a ocupación alemá do Languedoc. Pescudaban nesas furnas, que hai máis de sete séculos serviran de derradeiro recocho aos sacerdotes, guerreiros e señores cátaros. ¿Qué percuraban?... O Grial.

Según Saint-Loup, as SS de Hitler atopan o Grial e lévano a Berchtesgaden xa ao remate da guerra. O libro de Saint-Loup *No-*

vos Cátaros pra Montsegur, inspírase na epopeia grandiosa e dramática do Languedoc (tan semellante á irlandesa) e a súa loita por acadar novamente a súa independencia dentro dunha Europa de "patrias carnales", como el a chama. Coida que esto teríase atinguido co trunfo alemán. A meirande parte do seu libro está baseada en feitos. Feitos históricos son a percura dos alemáns nas furnas pirenaicas e o vóo de avión sobre Montsegur, trazando con fume a cruz céltiga no setecentos aniversario da súa caída. Tamén a partida dunha coluna alemá de oficiáis das SS ao remate da guerra, fortemente custodiada, en direción a Berchtesgaden, portadora de "algo" atopado nos Pirineus.

Según Saint-Loup, os alemáns tampoucos consiguen descifrar o Grial. Nin os cátaros, nin a Orde Negra dos SS o logran. As chaves volven a se traspoleirar. No cabo da guerra, o 2 de maio do 1945, derrotada a Alemaña outra coluna composta de oficiáis escollidos dunha división da "Waffen SS" sai de Berchtesgaden camiño dun glacial do Tirol austriaco (en Zillertal) perto do Recocho actual de Furtschlag e non lonxe tamén de onde morrera Otto Rahn. Leva o Grial. Atóbase alí outravolta pra que seña realcontrado polas xeneracións do futuro. (Saint-Loup afirma que no 1990 ou 1995 será de novo recollido). Tres dos altos xefes da "Waffen SS", un francés, un americano e un noruego, parten nun avión que despega da estrada Munich-Salzburgo en direición ao Tibet.

En *O Retorno dos Bruxos,* Pauwels e Bergier sosteñen que esistiron conexións misteriosas antre o Terceiro Reich e o Tibet. Din que as instrucións de perseguimento aos xitanos (¿e aos xudeus?) terían sido trasmitidas dende o Tiber e que unha división tibetana loita ate ser destruída de cheo na derradeira batalla de Berlín. Sábese tamén que o sonado esprorador sueco do Tibet, Sven Hedin, tomóu contacto con Hitler pra estudar a roita de comunicación máis direita e viábel co Tibet na planificación dun contacto permanente pra o porvir.

O Niño de Águias de Hitler en Berchtesgaden, nos Alpes bávaros —que non hai que confundir co seu chalet, que quedaba moito máis embaixo— está riba do cume encostado dunha montaña e pode facer pensar que foi edificado recibindo como inspiración o Castelo de Montsegur dos cátaros. Aquí tamén se tería gardado o Grial, según Saint-Loup.

UN CHILENO

Coido ter sido o primeiro, quezáis en todo o mundo, naquela época —durante a guerra— en escribir neste mesmo senso i encol destes mesmos temas. A miña pescuda posterior na India, onde tamén se fala de "Ariadna Vaiji", o fogar primixenio dos Arios, e agora a miña pescuda sobre dos cátaros en relación coa filosofía de amor "tántrica", leváronme outravolta a atopar as pegadas dun mito.

De igoal xeito que Saint-Loup, eu percorrín as rexións do sul de Chile, pero chegüei moito máis lonxe que el, deica a Antártida, na percura dos misteriosos "oasis" de augas tépedas, que esisten no meio dos xíos. Coidei que alí atoparía o Grial trasportado dende os lonxanos xíos do Norde, dende "Ariadna Vaji", dende Groenlandia, dende o Ártico deica os fondos xíos do Sur pra xuntar ao cabo os estremeiros terrestres. Alí, nas pradeiras de neve, a carón das enor-

mes barreiras, percuréi desesperadamente as "Chaves" perdidas que puideran revelarnos o segredo da *Totalidade*. Despóis partín á India, patria nupcial da lénda pra concluir tamén que a súa yoga conocida ten perdido as chaves...

Saint-Loup cré que hai xa "colonias" no "Sur do Mundo", que custodian e viven conforme á "Lei". El percuróunas sin as atopar. Hai quenes pensan que a Colonia Dignidad, no Sur de Chile, por exemplo, tería estado composta por "Les Nouveaux Cathares", porque nesa Colonia tampouco naceron nenos...

Nos glaciares do Tirol, nos Ooasis da Antártida... ¿Ónde se garda hoxe o Grial?... Quezáis somente no máis fondo do corazón...

DEUSES E DEMOS

Nos glaciares do Tirol, nos Oasis da Antártida... ¿Ónde se garda hoxe o Grial...? Quezáis no máis fondo do corazón... Porque o Grial é a "Frol Inesistente". A esteriorización de "algo", dun "tesouro", que só dentro de nós esiste e que únicamente alí poderá atopárese. Presa desa tremenda emoción suxetiva, ao proxeitar a visión ao mundo esterno, somos as primeiras víctimas das "nosas propias creacións mentáis". O Mito, a Lénda, o Arquetipo queimáranos no seu lume e arrapizarános da terra nas labaradas que lle pertescen, reducíndonos a cinzas xuntos con eses soños. Hai unha promesa dun "quezáis renascer" nun mundo de puros símbolos. Veleiquí a agunía do terríbel rogo. A destrución do mundo podería producírese pola posesión por un Arquetipo... O que a psicoloxía contemporánea chama "Arquetipo" son os deuses e demos da Antiguedade. Non compre repetir os seus nomes; aínda hoxendía deberían seren pronunciados en voz baixa...

ALGUNHAS FONTES PRA AFONDAR NO TEMA

O seguinte é unha reseña bibliográfica encol do tema e que, en parte, temos consultado pra redactar este artigo:

Denis de Rougemont: *Passion and Society*, Faber and Faber Limited, 1956, Londres. O tíduo orixinal en francés é *L'Amour et l' Occident*.

René Nelli: *L'Erotique des Troubadours*, Edouard Privat Toulouse, 1963, Tolouse; *Dictionaire des Hérésies Meridionales*, chez Edouard Privat Toulouse; *Le Phénoméne Cathare*, Presses Universitaires de France, 1964, París; *La Vie Quotidienne des Cathares du Languedoc au XIII siécle*, Hachette, 1969, París; *Escritures Cathares*, Editions Planéte, 1968, París.

René Nelli e René Lavaud: *Les Troubadours*, Desclée de Brouwer, 1960, París.

A. Bori i Fontestá: *El Trobador Catalá*, Editorial Millá, 1963, Barcelona.

Zoe Oldenbourg: *Le Búcher de Montségur*, Gallimard, 1959, París; Fernand Niel: *Montségur —Le Sité— Son Histoire*, París. (Nesta obra sostense que o Castelo de Montségur foi construido conforme a principios astrolóxicos e que era un templo solar).

Albert Ollivier: *Les Templiers*, Editions du Seuil, 1955, París.

Aime Michel e Jean-Paul Clebert: *Histoire et Guide de la France Secrete*, Editions Planéte, 1968, París.

Louis Pauwels e Jacques Bergier: *El Retorno de los Brujos,* Plaza & Janés, S. A., 1961, Barcelona.

H. Leisegang: *La Gnose,* Payote, 1951, París.

Carl Gustav Jung: *Alon,* Routedgle & Kegan Paul Ltd, 1959, Londres; *El Yo y lo Inconsciente,* Editorial Cultura, 1936, Santiago de Chile.

Gustav Meyrink: *L'Ange a la Fenétre d'Occident,* la Colombe, 1962, París. (Neste libro fálase de Groenlandia e a mítica Tulé. "Tulé" era tamén o nome da Orde iniciática e segreda á que terían pertenecido Karl Haushofer, o propulsor da Xeopolítica e Rudolf Hess, antre outros. Hess vóou a Escocia na percura do duque de Hamilton, quen tería pertescido tamén a esta Orde ou á "Golden Dawn").

Otto Rahn: *Kreuzzug gegen den Gral* (Cruzada contra o Grial), Günter Verlag, 1964, Stuttgart; *Luzifers Hofgesinde* (A Corte de Lucifer), 1937, Alemania; Alfred Rosenberg: *O Mito do Século XX,* Alemania; Hermann Rauschning: *O que Hitler me dixo, The Voice of Destruction,* New York, 1940, Barcelona, 1940.

Wolfram de Eschenbach: *Parsifal.*

Richard Wagner: *Parsifal.*

Gangadhar Tilak: *The Artic Home in The Vedas,* Tilak Bros, 1956, India.

Sven Hedin: *Trans-Himalaya — Discoveries and Adventures in Tibet,* 1910, Londres; *Memoir of Baber* (Baber foi o conquistador mogol da India; fala da Pedra "Yede" dos tártaros e os árabes), 1826, Londres.

Saint-Loupe: *Les Volontairs — Histoire de la Légion Volontaire Française,* Presses de la Cité, París; *Les Hérétiques — Histoire de la Division SS 'Charlemagne'*, Presses de la Cité, París; *Les Nostalgiques,* Presses de la Cité, París; *Nouveaux Cathares pour Montségur,* Presses de la Cité, 1969, París; *La Nuit commence au Cap Horn,* Presses de la Cité, París; *Monts Pacifique — de l'Aconcagua au Cap Horn,* París; *Le Roi Blanc des Patagons,* París.

"Le Nouveaux Planéte", n.º 9, xulio-agosto, París. (Entrevista a Saint-Loup).

André Brissaud: *Hitler et l'Ordre Noir,* Librairie Académique Perrin, 1969, París; o autor, doutorado na Sorbona en filosofía e historia, revela a iniciación segreda na Orde esotérica das SS.

Ladislao Szabó: *Hitler está vivo,* 1947, Barcelona. (O autor sostiña en 1947, cando aparecéu a súa publicación, que Hitler non morréu na Cancelería de Berlín, que tería sido sometido ao procedimento de c o n x e l a c i ó n artificial, trasladado nun convoio de submariños alemáns e depositado no interior dunha montaña na Antártida, cabo dun deses misteriosos "oasis" de augas temperadas —coma o Grial de Saint-Loup o fora no interior dun glaciar do Tirol austriaco).

Capitán Ritsche, da mariña alemá: *Expedición alemá á Antártida no 1939.* Publicación oficial alemá. (Nesta expedición terían sido atopados polos alemáns os "oasis" de augas mornas nas terras antárticas da Raíña Maud, no cadrante antártico frente da África. Soio o primeiro tomo desta obra ten circulado, o segundo, que se

refería aos "oasis", desaparecéu. A esta espedición alemá de 1939 refírese tamén Ladislao Szabó, en relación cunha decraración do Gran Almirante Doenitz, xefe dos submariños alemáns, feita no 1943, durante a guerra: *A Mariña Alemá atopóu un paradiso terreal nun inespugnábel lugar do planeta*).

Knut Hamsum: Discurso pronunciado polo escritor noruego, Premio Nóbel de Literatura, na radio do seu país, ao se lle dar a nova da morte de Hitler na Cancelería de Berlín, Oslo, 1945.

Friedrich Heer: *Der Glaube des Adolf Hitler,* Bectle Verlag, 1969, Munich.

Wilfried Daim: *Der Mann der Hitler die Ideen gab,* Verlag Günther Olzog, 1960, Munich.

Miguel Serrano: *La Antártida y otros Mitos,* Imprenta El Esfuerzo, 1948, Santiago de Chile; *Quien llama en los Hielos,* Editorial Nascimento, 1957, Santiago de Chile; *La Serpiente del Paraíso — Historia de una búsqueda en la India,* Nascimento, 1960.

MIGUEL SERRANO
Viena

EN MEMORIA DUN NENO CHAMADO PABLIÑO



Ao neno, dez anos, chamábanlle Pabliño.
Alí, na Cruña, encomenzóu a pintar touradas, pombas, moinantes, amigos e familiares.
E non pararía de facelo durante oitenta anos.
Chamábanlle Pabliño e era PICASSO
Chamábanlle Diego e era PICASSO
Chamábanlle José e era PICASSO
Chamábanlle Francisco e era PICASSO
Chamábanlle Juan e era PICASSO
Chamábanlle Crispín e era PICASO
Chamábanlle Crispiniano e era PICASSO
Era toda a pintura. É a pintura.



Era un neno, foi home, e de certo non chegóu a vello. Ou non foi un neno perdido, nen un home vencido, nen un vello canso.

Picasso non deixará ningún intre de ser Picasso. Non chegóu a infanticida do neno que foi. Pintará pombas, pintará nenos, pintará a dor súa e máis a nosa. Pro en toda hora estará facendo, facéndose perguntas e mirando pra todo con ollos furadores; os mil ollos que contóu Alberti; os ollos que vían tras dos cantos asegún Gertrude Stein; os ollos que queimaban buratos nas follas dos libros asegún Leo Stein.

Atrevéuse a suxerir —Picasso— que nós usamos mal dos ollos, e poida que estiveramos millor sen eles. Abréunos os ollos. Derrubóu vellos e mortos tabús que nos decían o que podiamos e debiamos ver e maxinar, dí Roland Penrose nun libro tiduado "O ollo de Picasso".

As mulleres da rúa Avinyó, feitas demoiselles e levadas a Avignon, procedían por unha banda das hetairas de Carpaccio, e viviran na Rue des Moulins. Por outra banda, viñan dos muráis románicos cataláns, da estampa xaponesa e da escultura negra.

Abriron portas ao cubismo, e tamén pecharon algunha.

Abrir e pechar portas, pasar por unha e máis outra, de unha a outra das estancias: románico, renacimento, Velázquez, Toulouse-Lautrec, escultura ibérica, Ingres, superrealismo, Cézanne.



Non pasará de facelo coa inqueda e abourante curiosidade do neno, co refresivo respeto do artista, e o conocemento do pintor probado.

Axuntando á proposta xeométrica cezanniá o aproveitamento do superrealismo, anova as "pinturas de escultura" feitas, entre moitos, por Memling con santos, por Andrea del Castagno en retratos de contemporáneos seus.

Pro aínda máis que nistas pinturas é na cerámica e máis tamén en esculturas onde o "ready made" —unha culler, a manceira dun bicicro, un xoguete infantil— non pasan como prêt-à-porter e é transcanteado, levado a outra posición no orde das cousas. Onde Picasso deixa testemuño da súa abraiante capacidade de adonamento, do seu poder trasvirador, do seu reverse en trasnadas infantís. Xogos que cos "collages" son xa espellos pra o pop-art. E proba de que Picasso era máis que ollos, era tamén mans; non era soio un "visual", senón tamén un "tactil". Concrusión á que pode chegárese por outros camiños.

Doutro pintor xa se dixera: "é un ollo", logo, noutros labores, falárase de xentes con ollos ou memoria fotográfica.

Asegún os casos, esto podería ser unha loubanza. Pero non é este senso do uso dos ollos o que refire Penrose. Senón que, como din as derradeiras verbas apañadas, é a liberdade pra ver e mirar, pra ver e marxinar, pra poder acadar o máis da visión do artista e achegarse a ela polos camiños máis curtos e dereitos que abren os ollos ben abertos.



Que non se quixo pintar "ao xeito de" Delacroix, Manet ou Velázquez.

Non é unha falsificación, como poderían chegar a sélo os escritos "ao xeito de" feitos por Proust. Nen siquera aproveita a urdime, como no Renacemento aproveitaban discípulos ou amigos os dibuxos dos mestres.

Hai camiños que van
e hai camiños que volven
Agora non vai auga
na canle do muiño
Hai camiños que van
e hai camiños que volven
O neno
está xogando
cun mundo pequeniño

Manoel Antonio:
CON ANACOS DO MEU INTERIOR

XOHÁN LEDO
Vigo

ASPECTOS DO GALEGO NA COMARCA DE ORTIGUEIRA

I. ASPECTOS SOCIO-CULTURÁIS

As terras que dende as serras da Capelada e da Faladora baixan hastra as ribeiras esgrevias do Cabo Ortegal e da Estaca de Vares, formando o ángulo nordeste da provincia da Cruña, (administrativamente municipios de Ortigueira e Maañón) están dabondo alonxadas das principáis vías de comunicación e dos centros culturáis pra que nelas xurdisen apenas dous ou tres nomes que pasaron á cultura galega: o arqueólogo e historiador Federico Maciñeira Pardo de Lama; o poeta Ramón Armada Teixeiro ("Chumín de Céltigos"), coetáneo e amigo de Curros; o xeógrafo Julio Dávila; e a lista esgótase.

A cultura escrita parecéu pasar de lonxe por esta terra nordeira. A única cultura merecedora de tal nome é, evidentemente, a cultura do pobo, o folklore. A cultura burguesa ten pouco arraigo, debido ao pequeno desenroló industrial, que non puido constituir máis que unha burguesía débil e falta de autonomía en canto clase social. Esiste entre os vinteún mil habitantes da bisbarra —mariñeiros e labregos na maioría— unha literatura oral de gran vitalidade e tradición, mantida con tenacidade, pero xa en franca decadencia, condanada a esvairse inesorablemente ante o tremendo empuxe a que a someten —como a todas as manifestacións folklóricas do país— os instrumentos todopoderosos da cultura burguesa en castelán: televisión, prensa, escola, cargos da Administración civil i eclesiástica, etc. Tamén a emigración é un factor desintegrador importante.

Son escasas na comarca as persoas que non saben lér nin escribir, pero aínda quedan algunhas entre os vellos. A Mariña, como zona máis comunicada, ten unha maior cultura e un carácter máis aberto e afeito ao trato con xentes diversas. A xente vive da producción direita da riqueza natural (agricultura e gandeiría no campo, pesca e industria conserveira no mar) e a súa cultura non é de modáis refinados, senón práctica: saben traballar no seu oficio con competencia, convivir coa xente ao seu xeito e divertirse cando poden.

O galego emprégase dun modo xeral pra todas as manifestacións da vida e por todas as clases sociáis. Noustante, os páis fálanlles aos seus nenos en castelán, a língua da cultura, a língua do porvir. Practícase, pois, o "dilingüismo", término co que Alonso Montero denomina o emprego por personas bilingües dunha língua determinada pra cada ocasión. Entre as clases socialmente máis elevadas, as mulleres usan o castelán case esclusivamente, e o mesmo pode decirse dos rapaces novos. É síntoma de finura non facer "geada"; así o fai moita xente, e nalgúns lugares como Santa Marta case ten desaparecido. Non pode negarse que a xente do pobo ten concencia das súas limitacións económicas e culturáis, reconócese como clase so-

cial, e o apego i emprego esclusivo da língua vernácula é quizaves o principal rasgo que a distingue como tal. Este galego coloquial está —coma en toda a rexión— fortemente castelanizado a todos os niveles sociáis. Tampouco quedan xa falantes monolíngües somente en galego; mal ou ben, todo o mundo entende e sabe falar o idioma oficial.

A cultura en galego disminuéu moito dende a última guerra, e hoxe a televisión —esa brilante oquedade que asoma ás casas un mundo fermoso que fala en castelán— está arrumbándoa definitivamente. Dende o 39 despareceron as "Irmandades da Fala", e todas as actividades posteriores tropezaron con dificultades insalvables. Antes organizábanse todos os anos en Cariño i Espasante, portos de mar, comparsas que no Carnaval recorrían as calles cantando en galego. Despóis só quedaron os guinaldos de Vares e Maañán, algunhas representacións teatráis en Mera (o lugar da másima tradición cultural en galego da comarca), as actividades da Coral de Santa Marta e algunhas poesías aparecidas no semanario local "La Voz de Ortigueira".

Mención aparte merecen as bandas de música. Durante moitos anos, mozos e homes despóis de traballar todo o día na súa laboura, empregaban os escasos momentos de ocio en adeprender a tocar un instrumento musical. Desafiando a iñorancia e a fatiga, ensaiaban día tras día baixo a direición de músicos abnegados i entusiastas, algún dos cales —tal Rebollar— foron feitores de fermosas melodías galegas. Chegóu a haber hastra tres bandas ao mesmo tempo, e foi sempre ésta unha das máis fermosas tradicións ortigueiresas.

II ASPECTOS LINGÜÍSTICOS

É cousa admitida polos lingüistas a relativa uniformidade das falas que compoñen o galego. Non pode dudarse, sin embargo, de que algunhas variedades, sin chegar a revestir a importancia que teñen en castelán ou noutros idiomas románicos, teñen unha serie de rasgos propios que nos permiten falar de variedades do galego cunha certa propiedade.

Xa Saco veu unhas diferencias dabondo importantes pra distinguir con máis ou menos acerto un galego setentrional e un galego meridional. Máis tarde, Zamora Vicente propuxo outra división dialectal: galego continental e galego atlántico. Últimamente o problema foi estudado por Carballo cunha perspetiva máis amplia, i estableceu no galego catro modalidades: Suroccidental, Noroccidental, Central e Oriental. As bases da distinción son: o seseo, a geada, a solución do sufixo latino *-anu, -ana,* a do sufixo *-inu,* o seseo final, a formación do plural, e a presencia de S apical ou predorsal. Reproducimos o esquema de Carballo:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
A (Suroc.)	Irmán	Irmán	Cans	Animás	Paxariño	[s]	mosa	lus	aghulla
B (Noroc.)	Irmá	Irmá	Cas	Animás	Paxariño	[ṡ]	moza	lus	aghulla
C (Centr.)	Irmao	Irmá	Cas	Animás	Paxariño	[ṡ]	moza	luz	agulla
D (Orient.)	Irmao	Irmá	Cais	Animáis	Paxarín	[ṡ]	moza	luz	agulla

Pois ben: a comarca de Ortigueira, segundo este esquema, ten esta descripción: 1CD, 2BCD, 3BC, 4ABC, 5ABC, 6BCD, 7BCD, 8CD e 9AB. Ou sexa que se dí: irmao, irmá, cas, animás, paxariño, [ś], moza, luz e aghulla. Presenta por tanto sete veces os caracteres de B, oito os de C, tres os de A e cinco os de D. Parece, pois, transición entre a variedade noroccidental e a central. De feito, algunhas poboacións nas que apenas hai xa *geada* corresponden totalmente á variedade central do galego.

Con ánimo de ofrecer unha visión, anque forzosamente incompleta i esquemática, da fala da comarca imos dar algúns datos (os máis importantes e definitorios que puidemos atopar) sobre o galego ortigueirés e o seu estado de conservación, sacados case todos dunha pequena enquisa que temos repartido nos lugares xeográficamente relevantes. Os resultados principáis son os seguintes:

F O N É T I C A :

Hai *geada* en todo o territorio; francamente uvular na Mariña e sobre todo nos portos, e máis anterior na montaña. Segundo testemuños non fai máis de cincuenta anos a *geada* era absolutamente xeral en toda a Mariña, e tamén en lugares onde a *geada* non está xeralizada ou é escasa (Santa Marta, Mera, parte do Barqueiro)

En canto ao vocalismo temos observado:

1. *Vacilación vocálica*: irmao, ermao, irmau, ermau; caixón, queixón; moi, mui; entonces, entonza.

2. *Valor siñificativo do timbre vocálico*: distinción crara antre as vocáis abertas e pechadas de grado medio: pǫla/pǫla. En posición átona, nos derivados, ǫ chega a *u* (puleiro). *I* e *e* finales neutralízanse, sendo ẹ o arquifonema: Sismunde. De todos xeitos o falar da Mariña acusa unha tendencia ao timbre pechado da vocal máis que na montaña.

3. *Tendencia á diptongación de O, E tónicas*: tuonto, niena, cafié, nas articulacións de intensidade reforzada.

4. *Contraccións*: prep. A+O: esta contracción deu por resultado un sonido *o* largo (da duración aprosimada de dous *o* normales) no que se distinguen sempre matices de timbre, que unhas veces son claramente *ao*, outras incluso *ou*, pero na maioría dos casos as diferencias de matiz non son dabondo pra consideralas vocáis diferentes. É decir que A+O ten tres aplicacións:

A+O — AO / OO / OU

CON+ art. A: a pronunciación máis normal é CAA (ou CÁ). Caéu o *n*: COA e logo produxose unha asimilación do O ao timbre do A: CAA. Tamén se emprega a forma COA, incluso CUA.

NON+ prep. A: é o mesmo caso de CO(N) +A que daba como resultado CA; pérdese o *n* e a vocal o asimílase ao timbre do *a* "na a vimos", anque tamén é fácil atopar NO A.

5 *Desgaste dos diptongos finái en pronunciación coloquial rápida*: más, despós, atrás (cf. "miña mai e ma-la túa...").

MORFOSINTASIS

Xénero: a influencia do castelán fai perder ou vacilar moitas veces o xénero en galego; "costumbre" é femenino en Espasante,

Mera, Cariño e Santa Marta, vacilante nas Ribeiras e masculino no resto.

Número: o plural fórmase normalmente engadindo un *s* directamente ao singular si éste acaba en vocal ou diptongo; pero si acaba en consoante líquida ou nasal, elídese ésta: paus, tixeiras, cordós, cadrís, lacazás, reás: Nótese xa, sin embargo, a forte presión do castelán —aínda maior no vocabulario— nestes aspectos da morfoloxía; e así dise: os animales, os peirales, as ventanas.

Comparación: Cando o segundo termo é un pronome, detrás da conxunción (coma, que, ca) leva a preposición *a*. É decir que a comparación no galego ortigueirés esixe o segundo termo en caso ouxeto e si é persoa, antepón a preposición *a*. Este *a* apegado á conxunción propagóuse analóxicamente a formas non persoales; "coma a sempre" é forma xeral.

Superlativos: Emprégase aínda, anque xa en declive, a forma adverbial plena "moito" en lugar da apocopada "moi": "resultóu moito ben" (Insua, Grañas, Freires).

Pronomes:

Persoales: na segunda persoa do singular do caso suxeito loitan dúas formas: TU, que antigamente era a forma xeral na comarca enteira, hoxe é forma esclusiva na montaña e predomina en case toda a Mariña; e TI, forma case esclusiva na banda oeste da Ría (de Cariño a Mera). A primeira e segunda persoa do plural do caso suxeito teñen como formas únicas as plenas NOSOUTROS, VOSOUTROS.

Demostrativos: alternan as formas ISO, ISTO, AQUILO/ESO, ESTO, AQUELO. Predominan as últimas.

Partitivos: Sigue moi viva na fala da comarca o antigo partitivo coa preposición DE, empregado ben como partitivo, ben como distributivo: "¿é moito caldo? ¿quítoche del?"; "deles fóronse e deles quedáronse". Emprégase sobre todo con pronomes.

Relativos: QUE aparece recargado de funcións coma no castelán medieval.

Indefinidos: serie negativa: a forma máis usada é NAIDE, pero tamén se usa o castelanismo NADIE e NINGUÉN, que nalgúns puntos emprégase xa pouco (Cariño, Mera, Santa Marta, Espasante).

Verbo: un rasgo destacable dos falantes ortegaleses na conxugación verbal é a vacilación morfolóxica, acentuada co peso da analoxía entre as diversas formas:

1.—Alternancia VAMOS/IMOS, xeral.

2.—Alternancia -STES/-STEDES, na segunda persoa do plural do perfeito de indicativo, tamén xeral.

3.—Alternancia FUCHE/FUCHES, é decir, a presencia ou ausencia de *s* na segunda persoa de singular do perfeito en todas as conxugacións: dixeche/-s; acabache/-s, etc. Non se empregan as formas con -s en Mera, Freires, Baleo, Insua e Espasante.

4.—Alternancia DI/DICE na terceira persoa do singular do presente do verbo decir. DI úsase case como forma única en Cariño, Mera, Freires, Insua e o Baleo; vacila en outros moitos lugares e predomina en Vares e no Barqueiro a forma DICE.

5.—Alternancia das persoas de plural do perfeito de poñer: PUÑEMOS / PUXEMOS; PUÑEST(ED)ES / PUXEST(ED)ES; PUÑERON / PUXERON. É xeral en toda a comarca.

6.—Alternancia TRAER/TRAGUER, é decir, presencia ou ausencia de reforzo velar no infinitivo, presente de indicativo (primeira per-

soa do singular e primeira e segunda persoa do plural) e perfeito de indicativo: TRAIO/TRAIGO; TROUGUEN/TROUXEN; TROUGUEMOS/TROUXEMOS... Dáse na banda oeste da Ría, en Espasante e no Barqueiro. No Baleo i en Vares dise: trouxemos, traer pero traigo. Emprégase sempre o reforzo en Insua, Freires, Couzadoiro i, en xeral, na montaña.

7.—Alternancia na primeira persoa do singular do perfeito de indicativo de dar: DIN/DEI. Dáse en Cariño, Baleo, Couzadoiro i Espasante; en Mera, As Ribeiras e Vares só se usa DIN, e na montaña (Insua, Freires), só DEI.

8.—Alternancia HEI DE VIR / HEI VIR, é decir, ausencia ou presencia da preposición *de* na forma perifrástica haber+de+infinitivo. Dáse en toda a comarca.

9.—Alternancia QUERES / QUES, que se dá en Cariño e no Baleo. En Espasantes, Vares, Insua, Freires e Mera dise só QUERES. Segundo varios testemuños de diversos lugares, QUES empregábase moito antigamente; sigue, sin embargo, vivo na fórmula interrogativa con pronome: "¿quere-lo caldo?" "¿Quelo?".

Todas estas formas vacilantes teñen un radio de acción variable: algunhas son xeneráis na comarca enteira e outras son máis específicas de determinadas sub-unidades xeográficas. Mostra destas pequenas diferencias lingüísticas son:

—A terceira persoa de singular do presente de suxuntivo do verbo haber; emprégase HAIBA en Mera e Insua, e HAXA en Freires, Baleo, Vares, As Ribeiras i Espasante; en Cariño hai vacilación HAIBA/HAIA.

—O perfeito de indicativo de saber dise: SOUBEN, SOUBECHE... na Montaña en xeral (Insua, Freires e As Neves), e SOUPEN, SOUPECHE... na Mariña e na Costa (Cariño, Mera, Santa Marta, Barqueiro, Baleo, Vares e As Ribeiras).

Hai tamén algunha formas xeralizadas en todo o ámbito que non corresponden ás do galego común:

—Non hai formas apocopadas (supor... etc.).

—STES/-STEDES no lugar de -CHEDES.

—O perfeito e pluscuamperfeito de indicativo do verbo ter, andar i estar é únicamente TUVEN, TUVECHES, TUVERA, ANDUVEN, ANDUVERA, ESTUVO, ESTUVERA, ESTUVESE... (é rarísimo TIVO, ESTIVO).

—Perfeito de indicativo do verbo ser: FUN, FUCHE(S), FOI, FUMOS, FUST(ED)ES, FORON. (En Mera, Insua e Vares: FOMOS, FOSTES).

—Infinitivo conxugado, primeira e segunda persoa de plural: SÉREMOS, SÉREDES.

—Verbo facer: presente de indicativo: FAIGO; presente de suxuntivo: FAIGA, FAIGAS; futuro e potencial: FACERÉI, FACERÁS...; FACERÍAS.

—Verbo dar; perfeito de indicativo, terceira persoa singular: DEU.

—Verbo ir; imperfeito de indicativo: IBA, IBAS...

—Verbo ouvir; infinitivo: OIR; presente de indicativo: OIMOS, OIDES.

—Verbo poñer; futuro: POÑERÉI.

En canto a Sintasis verbal observamos construcciónS "Intransitivas" alternando con outras reflesivas, en casos nos que o castelán emprega obligatoriamente éstas: "encontréi cun rapaz", "caséi con Carmen" xunto a "encontreime con meu pai", "caséime cunha de Senra".

O complemento circunstancial de lugar "en donde" requer sempre artigo: "está na casa".

A posterioridade inmediata reviste varias formas, todas en perífrasis:

A+ infinitivo: "fixo esto, e a facelo...".

DE+ infinitivo: "casóuse, e de casarse...".

A+O (artigo masc.)+infinitivo: "ao salir da casa..."

Adverbios: As formas do chamado adverbio están moi empobrecidas en comparanza co galego común, e tamén se rexistran algunhas variantes respecto a éste: ONTES, ABONDO, ATRÁIS... Emprégase moito DAQUELA, tanto adverbio de tempo como conxunción consecutiva: "daquela falábase brutalmente", "si foi túa a culpa, daquela non hai quen te salve".

Preposicións: Tamén se observa castelanización i empobrecimento respecto ao galego común. Hai diferencia de formas na preposición *para* segundo os lugares: dise PRA en Freires, Insua, Grañas, Ribeiras e arredores do Barqueiro; vacila en Vares, e úsase PA na banda oeste da ría (de Cariño a Mera), en Santa Marta, Baleo, Espasante e o Barqueiro (porto).

Aínda se emprega HASTRA na montaña (Insua) e tamén nas Ribeiras (zona de transición, en boca dalgúns vellos), e non hai moito tempo que se decía tamén en Freires.

Subsiste na montaña o uso de SU<SUB (Freires, Insua): "su a mesa". En Mera reviste a variante SO.

Conxuncións: a conxunción E nunca se fai I diante dunha verba que comence por *e*. Ás veces intercala un *i*: "ti e i-éste".

Varía o timbre da condicional: SI/SE.

Entre as adversativas, PERO é xeral, aínda que PRO tamén se usa (Mera, Insua e as Ribeiras); tamén está xeralizada a forma SENON QUE, pero emprégase menos.

LÉSICO:

O primeiro que se observa escoitando parolar a falantes normales é o empobrecimento e a castelanización do seu vocabulario:

—Dise AGORA en Cariño (San Xeao), Freires, Baleo e Insua; vacila en Mera, i emprégase a forma castelá en Cariño (Porto), A Pedra, Santa Marta, Espasante, As Ribeiras, Barqueiro e Vares.

—Son de uso normal as formas: BESO, LÁGRIMA, TABLA, TAZA, SUELO, SARTÉN e OLVIDAR e non CHUCHO ou BICO, BÁGOA, TAUGA, CUNCA, TIXELA, CARÓN i ESQUENCER. Estas últimas perviven aínda, pero en gran decadencia respecto a un pasado nada lonxano.

Algunhas particularidades lésicas da comarca son:

—Dise MAI e non NAI, anque nalgúns testos apareza ésta por motivos estilísticos.

—Emprégase NEBRA 'niebla' en toda a comarca; en Mera dise NÉBOA; en Vares, As Ribeiras e Cariño (Porto) NEBLA, pero tamén se utiliza ás veces o termo castelán: NIEBLA.

—O nome da *tabla*, xeralizado en toda a comarca e hoxe en decadencia, é TAUGA. Sen dúbida houbo un reforzo da semivocal, coma *huevo>güevo*.

—Emprégase ESQUENCER pero sempre en uso impersoal, en terceira persoa do singular ou do plural, en toda a zona: "esquencéume a navalla", "esquencéronme as gafas".

—Distínguese en toda a zona entre CERRAR e PECHAR: "cerra a

porta e péchaa". *Pechar* especializóuse semánticamente como 'cerrar coa chave'.

—Dise en case todo o territorio ANTIGO pra desiñar algo pasado.

—Formas como *mendigo* e *perito*, eiquí son esdrúxulas: MÉNDIGO e PÉRITO.

—Os nomes de familiares varían: pra se referir ao *pai* ou á *nai*, en Cariño, Mera, Baleo i Espasante dise MEU PAI, MIÑA MAI; en Vares, Insua e Freires dise MI PADRE, MI MADRE (son as zonas máis arcaizantes). Pra a verba *abó*, dise en toda a comarca ABUELO (-A) ou ABOLITO (-A) únicamente.

—O nome principal con que se chama ao demo é DEMO. Tamén se usan DIAÑO en Cariño (San Xeao) e DEÑO en Mera e Vares, pero menos. No Baleo áchanse tamén DIASTRE e PATANEXO. A verba *trasno* aprícase ás persoas con valor de 'travieso'.

ÁREAS DE FALA

Polo que levamos visto non hai diferencias gramaticales e de vocabulario dabondo importantes pra xustificar unha división do territorio en áreas craramente distintas da fala. Noustante, os falantes da bisbarra teñen concencia de falaren de diferente xeito que os de outras aldeas relativamente prósimas, e distinguen tres tipos principáis de fala.

1. Os portos de mar (Cariño, Espasante, Barqueiro e Vares), que caracterizan a súa fala por pechar as vocáis máis do que é normal no galego común, sobre todo o *e* en *i*. Denomínase "falar pixín".

2.—A montaña (Insua, Grañas, Neves, Freires, Maañón e tamén o val de Couzadoiro) ten unha vocalización máis aberta e máis basta; conserva ademáis o lésico máis enteiro e algúns rasgos morfolóxicos abandoados na zona costeira. Por exemplo, o emprego do *-e* paragóxico, ou o do termo *acolá*. Considérase na costa como rústico e bruto.

3.—A zona de transición, que comprende case todos os lugares que rodean a ría (a Mariña propiamente dita), non estrema a pronuncia pechada das vocáis pero vai perdendo pouco a pouco riqueza de vocabulario. Ten, pois, rasgos comúns ás dúas áreas anteditas.

De todo isto podemos deducir que se trata dunha zona na que o galego fálase con bastante uniformidade, inda que esa uniformidade non sexa tan ríspeta que non permita adscribir a unha das áreas citadas a un falante da comarca a oídos dos seus veciños. Podemos falar, todo o máis, de dúas tendencias principáis, que representan as falas máis estremadas: unha de vocalismo pechado, geada uvular, e vocabulario en gran parte castelán, que se fala na zona costeira, e outra de vocalismo aberto, maior duración nas articulacións en xeral, geada máis anterior e unha Sintasis e un Lésico relativamente ben conservados, que se fala en toda a zona montañosa.

DOMINGO BLANCO
Santiago

PRESENCIA DEL MITO EN LA VIDA GALLEGA

A comienzos del mes de agosto de 1959 fue escrito, a pedido de una revista barcelonesa, el artículo que reproducimos a continuación:

Más allá de la Galicia estética de los paisajes y de los monumentos, más allá de la Galicia pintoresca de los hórreos y de los cruceros, de la Galicia del rudo trabajo de la tierra y del mar, de la Galicia de las conservas de pescado y de la producción hidroeléctrica, de la Galicia gastronómica del marisco y del lacón, existe una realidad de otro orden, un mundo mítico no siempre enteramente oculto bajo las apariencias.

En Galicia viven todavía, no sabemos por cuánto tiempo, los "últimos paisanos". Por tanto, el mito puede todavía lanzar sus últimos destellos en la memoria hereditaria. El conductor de un camión, que se para un momento en una tienda de la carretera, para "echar" una copa de licor café, puede revelarlo; no hay que ir a buscarlo en la aldea remota. Todo el paisaje está impregnado por el mito. Para una sensibilidad alerta, el mito se hace palpable y hasta visible.

Se trata de la que, a veces llamamos "pequeña mitología", pero muy abundante y muy variada, de la cual daremos algunas manifestaciones.

LA MITOLOGÍA DEL PASADO

Galicia tiene un pasado inmemorial, desaparecido, como la Atlántida. Tenemos, incluso, una Atlántida, en trance de ser descubierta: el Instituto Nacional de Colonización anda para desecar la famosa laguna Antela —sueño ya de nuestros economistas del siglo XVIII—. En el fondo de esta laguna está sumergida una ciudad llamada Antioquía, por los pecados de sus habitantes, dados a prácticas idolátricas. En ciertas noches se oyen allí tocar las campanas y cantar los gallos bajo las aguas. Mitos semejantes se cuentan en Maside, Carregal, Doniños y otras lagunas gallegas. La Crónica de Turpín, arzobispo de Reims, escrita en Santiago de Compostela, por el siglo XII, habla de la ciudad de "Lucerna in valle viridis", sumergida por haber resistido a Carlomagno. Son los paralelos de la bretona Ker Ys y en ella debemos ver la nostalgia de un pasado que hemos perdido.

Los arqueólogos han recogido en nuestros Museos muchos restos de ese pasado. Debemos indicar al viajero curioso las finas y delicadas obras de orfebrería de las Edades del Bronce y del Hierro, en singular contraste con una escultura figurativa de tan brutal rudeza que recuerda las estatuas de la isla de Pascua. La epigrafía nos ha revelado tan sólo los nombres indescifrables de los dioses que adoraban nuestros antepasados, los Oestrymnios y los Celtas. Pero el pueblo ignora todas estas cosas.

Para el pueblo, los primeros habitantes de Galicia fueron los Moros. Todos los monumentos antiguos, dólmenes, *mámoas,* ruinas, puentes, incluso iglesias son obras de los Moros. Después vinieron los doce Pares de Francia, los sojuzgaron y mataron a todos los que no quisieron convertirse al cristianismo.

Por otra parte, los Moros siguen viviendo, invisibles, entre nosotros, *subterráneamente,* como me aseguraba un viejo patrón de Quilmelas en la Limia. Viven en los Castros, en las mámoas, en los peñascos de formas extrañas. "Tienen unas palabras", y al decirlas, se abren las peñas y se cierran cuando ellos quieren. Son magos poderosos, enemigos de los cristianos, antropófagos y dueños de inmensas riquezas. Todo el subsuelo de Galicia está lleno de tesoros:

De Mazaricos a Brañas de Prados
hai os haberes de sete reinados.

Todos son de los Moros, y muchos están encantados. Uno encerró su haber en un cofre, lo ató con una cuerda, pronunció un conjuro y la cuerda se convirtió en un culebrón tremendo. A veces, los Moros entablan relación con los paisanos, especialmente con los niños que guardan el ganado en el monte, y les dan carbón, que se vuelve oro si lo llevan a su casa y sin mirarlo, pero tienen que guardar el secreto; si no, los Moros los matan y los comen. Una madre que buscaba por el monte a su hija desaparecida, oyó una voz que decía:

A Mariquiña, por lengoreteira,
está na miña barriga,
fritida con allo e manteiga.

A los tesoros que dejaron los Moros al ser expulsados de España por Carlomagno, se refiere la Crónica del Arzobispo Turpín.

LOS ESPÍRITUS INTERMEDIOS

Se dice en Galicia que, cuando San Miguel arrojó del cielo a los ángeles rebeldes, fueron cayendo, una por una, en el infierno, nueve legiones. Al ir cayendo por el aire la décima legión, se apiadó de ellos la Santísima Virgen y pidió su indulto. Entonces, San Miguel gritó: "¡Sursum corda!", y súbitamente se cerraron las puertas del cielo y del infierno, y los ángeles de la décima legión quedaron flotando en los aires.

A esta especie deben pertenecer los seres de la mitología nórdica que encontramos en Galicia. No son malos, molestan a los hombres, pero no les hacen más que burlas y jugarretas. A lo mejor, vienen unos mozos de ronda, por la noche y encuentran un caballo; lo cogen y se van montados en él, uno, dos, tres, hasta siete u ocho el caballo se va alargando, y marcha con ellos al río. En el medio del río, da un reventón, desaparece y los deja zambullidos en el agua. Otras veces es un carnero o una liebre, se pasan persiguiéndolo toda la noche y al amanecer se encuentran a muchas leguas de sus casas...

Uno de ellos, el *trasno,* actúa en las casas. Lo revuelve todo, arma ruidos nocturnos, enreda las madejas, trenza las crines y las colas de las caballerías en trenzas menudísimas; a veces hace buenos servicios domésticos, como barrer, fregar...

El *tardo* (que es el *Alp* germánico), se sienta en el pecho de los durmientes y les causa tremendas pesadillas.

En los antros subterráneos, se habla, a veces, de enanos o "*nenos con barbas*" y a veces de gigantes. Las ondinas aparecen a menudo en las fuentes, con el nombre de *donas,* y en los ríos como *lavandeiras* nocturnas.

Conocemos hoy la plurivalencia de los mitos. Pues en éstos, como en los tesoros, en las ciudades sumergidas y en otros que no caben en estas líneas, no podemos menos de ver la secreta nostalgia de algo que hemos perdido, acaso por nuestra culpa, y que por eso se nos presenta unas veces favorable o tentador y otras veces hostil.

LOS ANIMALES MÍTICOS

Un ser maléfico, animal preferentemente nocturno y peor aún si aparece de día, es conocido con diversos nombres: el *Urco,* la *Raposiña,* la *Perra Peregrina*... Es como un perro, que echa fuego por la boca. Lo menos que puede hacer es anunciar la muerte; trae consigo desgracia.

Pero también los animales que todos conocemos tienen su reflejo en el mito. Las culebras, cuando se hacen viejas, les nacen alas y se van volando y diciendo:

Pra Babilonia vou,
mália que me víu nova e non me matóu.

El mito del lobo es difícil de establecer: vive tres meses de carne, tres de hierba, tres de tierra y tres de aire. No come más que la mitad izquierda de sus víctimas, porque la derecha pertenece a Dios. El lobo dijo una vez a Dios que no tenía miedo a nadie, y Dios le respondió: "Temerás al hombre". Lo teme, en efecto, como teme al fuego, y nunca lo ataca un lobo sólo, sino que llama por otros congéneres para perseguirlo; lo van acompañando, a cierta distancia, por el camino, y cuando se van acercando a lugar poblado es cuando lo acometen. El lobo *embaza* con su aliento a las personas, las hace erizar los cabellos y les quita el habla. Hay hombres y mujeres que viven con los lobos en el bosque y los lobos les obedecen; se llaman *peeiros dos lobos*... Hay hombres que, por una maldición, o por un sino misterioso, como el de pertenecer a una serie ininterrumpida de siete hermanos varones, llega un momento en que se convierten en lobos y atacan a las personas, y son invulnerables al arma blanca y a las balas, hasta que cumplen su *fada.* Se llaman *lobishomes.*

De otros muchos animales se cuentan historias que, por estos o aquellos rasgos dispersos, pudieran incluirse en una mitología zoológica, pero son demasiados para enumerarlos.

En la serpiente se ha querido ver un totem de los primeros Celtas invasores de Galicia (los *Saefes* de Avieno). Llama la atención que, en el tiempo en que el totemismo lo explicaba todo, no se le hubiese ocurrido a nadie que el lobo pudiera haber sido un totem.

Pero las historias y mitos animales se remontan a un pasado mucho más remoto: a una cultura de cazadores pretotemistas. En Galicia, el pasado inmemorial se designa, muchas veces como "O tempo en que as bestas falaban". En realidad, la noche de los tiempos forma siempre el fondo de la memoria hereditaria de nuestro pueblo.

Nada tiene, en Galicia, tanta importancia como los muertos, nada inspira tanto respeto y tanta piedad, hasta en el temor que se les tiene se refleja una veneración amorosa.

Los muertos llenan de noche el paisaje. Hay encrucijadas en las que el que se aventura a pasar recibe *labazadas frías,* bofetadas dadas con una mano como hielo. Hay procesiones que se ven desfilar en la oscuridad, con luces encendidas: la *Santa Compaña* de las almas en pena —aunque a veces puede ser un cortejo de brujas— que lleva a un vivo como portador de la cruz. Se ven también entierros fantasmas. Puede uno encontrarse en el camino un alma condenada, que viene a que le rasguen el santo hábito con que lo enterraron para poder entrar en el infierno. O puede ser un ánima del purgatorio, que viene a hacer encargos de restituir lo mal adquirido o de cumplir las ofertas piadosas que no cumplió en vida, o a pedir sufragios para salir de aquel lugar de penas.

Todo paisano —y en Galicia todos somos algo paisanos—, sabe cómo ha de comportarse en cada uno de estos casos, y cómo librarse de los peligros que entrañan.

Las ánimas vienen a las casas en ciertos días del año, por ejemplo, en la Nochebuena, y en la víspera de Fieles Difuntos. Se les pone, entonces, plato y servicio en la mesa. También vienen a calentarse en la *lareira* en las noches de invierno; no se barre entonces la *lareira,* para no echar atrás a las ánimas...

Si es todo esto mitología, es lo que nadie puede decir extactamente.

Con la mitología de la muerte puede relacionarse otra creencia importante: aquél a quien el cura, al bautizarlo, le hubiera impuesto, por equivocación, el óleo de los difuntos (el de la Extremaunción), en lugar del óleo de los vivos, adquiere la facultad de ver las cosas ocultas, y especialmente la facultad que le permite predecir la muerte de las personas en los momentos menos previsibles.

Indica esta creencia la intuición profunda de que, para los muertos, pasado, presente y futuro se confunden y se invierten, como en los sueños. Porque los muertos están más allá del tiempo, en la eternidad. Y el que recibe el óleo de la muerte se pone, en cierta manera, en la situación de los muertos, aunque siga viviendo en este mundo.

Responde al deseo primigenio de la anulación del tiempo, que se esconde en lo más profundo del hombre. Necesidad de trascendencia que, entre nosotros, es el último sentido de la *saudade.*

VICENTE RISCO

A PERCURA DUN CINE GALEGO

Tencioar facer unha historia do cine galego, non é doado, xa que endexamáis esistíu un cine que podamos chamar galego en fondo e forma. No que vai de século fixose algo, moi pouco, que poderíamos decir que se achega a Galicia, si o entendemos somentes coma cine feito coa nosa rexión coma escenario, ou cun certo achegamento a algún persoaxe galego. Este cine fixose sin unha verdadeira galeguidade que amostrara os valores e as vivencias do noso pobo. Por esto non ten un valor artístico, nin casi histórico, mais sí un interés de estudo, pra sopesar e recoller o positivo e desbotar o negativo, e así poder ir á percura, no futuro, dun verdadeiro cine galego, pensado e feito con esprito galego, que narre o verdadeiro sentir do noso pobo, os nosos costumes, os nosos mitos e tamén, como non, a nosa historia.

Non se lle esquenza a ninguén, que o cine é o meio de espresión máis universal, tanto no entendimento, coma no seu alcance, xa que chega, ou pode chegar, a todas partes, facéndose entender polos máis diversos púbricos, aínda prescindindo dos doblaxes que se fan nalgúns países, coma é o caso de España.

Por estas razóns coido que o cine sería un meio cunhas grandes posibilidades eiquí en Galicia. Non soio porque dispoñemos de boa paisaxe, que podería facer de decorado natural, senón tamén pola feitura de temas importantes que se poden atopar na nosa literatura, —nestes intres moi fecunda—, e tamén na nosa vida cotiá. Escomenzando polo tema máis importante pra nós: A EMIGRACIÓN. Coido que o caso da emigración pode ser unha das partes máis aproveitables dentro do contexto e a conceución dun cine galego, non tratada coma feito sinxelo sin máis, senón coma problema interno do noso sentir e padecer de galegos, alonxados doutros galegos que se van da súa terra sin saber si tornarán algún día, pero que fora dela agardan ese día e loitan pra que chegue. Outro dos temas a desenrolar, corresponde á nosa historia, —a guerra irmandiña, por exemplo—, que podería dar unha versión certa do noso pasado, con toda a carga socio-económica-histórica que comporta, decoñecida por gran parte do noso pobo.

Pro todo esto se non pode facer da noite prá mañán, xa que o cine é industria a máis de arte, e coma industria está suxeita a uns intereses irreversibles. Neste punto botamos man do guionista, galego e cruñés, Xoan Antón Porto, que nunhas declaracións feitas non hai moito na Cruña dí: "El cine es arte e industria. Por ello, para hablar de cine gallego, es preciso que el dinero, la producción salga de aquí". Estóu totalmente dacordo con Porto. Os industriáis galegos, —e tamén, dende logo, os inteletuáis—, son os que poden facer, ou millor dito, crear un cine enteiramente galego, tanto na producción, —uns, co diñeiro—, coma na realización, —os outros cas súas ideas—. A xuntanza destas dúas forzas daría un froito moi bó.

Mais este cine non ten de ser un cine folklorista, un cine sentimentaloide, que recurra a argumentos parvos; ten de ser un cine espresivo, estético, un cine que amostre a alma viva do pobo galego. Hai anos González Garcés escribía: "La incorporación de un sentido gallego a la cinematografía española, pudiera liberarla, por medio de la sencillez, la melodía y el amor, de este gran peso muerto que arrastra desde sus cimientos, donde lo teatral quiere pasar por expresivo, lo falso por genuíno, lo epidérmico por hondo, y lo sentimentalmente cursi por lírico". E anque estas verbas de González Garcés están alonxadas no tempo, coido que teñen unha actualidade inmensa; porque endexamáis, coma hoxe, tiñamos chegado a unha decadencia tan grande do arte cinematográfico español. E poda que Garcés teña razón ao decir que o sentir galaico axudaría moito á cinematografía española.

Hastra eiquí esta pequena esposición do que poidera ser un futuro arte cinematográfico auténticamente galego. Fagamos historia, agora, do pouco cine que se realizóu en Galicia, no que vai de século.

Pese a que a documentación que esiste é moi pouca, imos espoñer, por orden cronolóxico o que foi posible recoller.

1924.—*A Casa da Troya.* Dirixida por Pérez Lugín, autor tamén da novela e do guión. Estrénase en 1925. Anque máis tarde fánse outras tres versións (en 1936, 1947 e 1959), coido que é esta a máis siñificativa, en canto encerra de boa vontade por parte dos homes que a fixeron. Sendo muda —as outras son sonoras— achégase máis ao verdadeiro esprito dos persoaxes, cas súas aititudes, dando unha interpretación do tema moito máis realista.

1926.—*Carmiña, flor de Galicia.* Dirixida polo italiano Nino Lupo, con guión de Rey Soto. Estrénase en 1926, e chégase a proietar en América do Sur, con gran ésito por parte dos nosos emigrados, que durante a proieción deleitábanse escoitando un coro que interpretaba aires galegos. Mais o importante desta realización, é o senso galego que Rey Soto lle deu ao tema, tencionando amostrar a realidade galega por enteiro. Cecáis fora un intento fallido, mais foi o primeiro que nos pode servir de base pra seguir adiante. Sería interesante poder visionar este film pra analizalo con detimento.

1933.—*Alalá.* Dirixida por Adolfo Trotz, e con guión basado na novela de Rafael López de Haro. Estrénase en 1934. Como o seu nome indica, esta cinta quixo ser enxebremente galega, pro quedóuse en vano intento. Nembargantes o tema seméllanos valdeiro, si nun futuro contáramos cunha cinematografía propia. Porque o que falla, a maoría das veces, é o tratamento cinematográfico dos temas, e non estes en si mesmos, que frecuentemente son aproveitables en casi toda a sua estensión.

1941.—*Polizón a bordo.* Dirixida por Florián Rey, con guión de Adolfo Torrado. Estrénase en 1941.

1941.—*El famoso Carballeira.* Dirixida por Fernando Mignoni, argumento basado na comedia de A. Torrado.

1945.—*Chiruca.* Dirixida por Ricardo Núñez, argumento sobor da obra de A. Torrado, guión de Benito Perojo. Producida na Arxentina. Estrénase en 1948.

1947.—*Botón de Ancla.* Dirixida por Ramón Torrado, argumento sobor da novela de J. L. de Azcárraga, guión de R. S. Valdés e diálogos de A. Torrado. Estrénase en 1948. Fixéronse outras versións posteriores, a derradeira filmada hai pouco en Marín.

1948. *Sabela de Cambados.* Dirixida por R. Torrado, argumento sobor da novela de A. Torrado, guión José M. Pesquera y Ricardo Mazo. Estrénase en 1949.

Toda esta filmografía "torradesca", non é máis que un producto comercial de costumes totalmente alléas a nós, que as máis das veces leva a unha mala conceución do sentir galaico, pola súa enorme superficialidade. A sensiblería e o humorismo chocarreiro que amostran estas cintas, lévanos a rexeitalas por falla de realidade e verdade, que debe ser a primeira calidade que haberá de ter todo meio de espresión lexítimamente artístico.

1953.—*El Pórtico de la Gloria.* Dirixida por Rafael J. Salvia, argumento de Fray José de Guadalupe Mójica, guión de R. J. Salvia. Cinta feita pra o lucimento de Fray Mojica e o "Coro Infantil Mexicano". Anque dá a coñecer belidas imaxes de Santiago e da Catedral, —por outra banda xa moi socorridas—, o tema é banal e sensibleiro hastra o cansacio.

1957.—*Camarote de Lujo.* Dirixida por Rafael Gil, argumento sobor do conto de W. Fernández Flórez: "Luz de Luna", e guión de R. Gil. Estrénase en 1959. É unha mágoa que boas narracións literarias se desaproveiten pra facer desaliños coma este, onde a comicidade e a chabacanería máis cargantes rematan na meirande das parvadas.

E, pra o final, tres producións feitas na outra banda do Atlántico, que poderíamos tiduar coma: "A triloxía da terxiversación do esprito da muller galega". Ridiculizando ao másimo á muller emigrante, e amostrando unha sicoloxía femenina totalmente alléa ás nosas mulleres.

1939.—*Cándida.* Dirixida por Bayón Herrera, argumento de Nini Marshall e Hernán de Castro. Guión de Bayón Herrera. Estrénase en 1945.

1941.—*Cándida millonaria.* Dirixida por Bayón Herrera, argumento de Pedro E. Pico. Estrénase en 1945.

1949.—*Una gallega en México.* Dirixida por Julián Soler, argumento e guión de Joaquín Pardave. Estrénase en 1952. As tres protagonizadas pola "actriz" arxentina Nini Marshall.

Polo denantes esposto, queda ben craro que o cine feito deica agora en Galicia, ou sobor dela, non pode ser tema dun estudo miucioso, pola súa carencia de valores e de mil cousas máis. Pro sírvenos pra non caír nas mesmas chafalladas. Nembargantes, non se pode afirmar que se non se fixo nada bó no pretérito, non se poda facer no futuro. Tendo en conta, sobor de todo, que, nos días de hoxe, xa está realizada a que poderíamos chamar primeira película galega: "O Bosque do Lobo", —guión de Xoan Antón Porto, sobor dun relato de Martínez Barbeito— dirixida por Pedro Olea. Coido que esta cinta recolle, cunha sensibilidade estraordinaria, moitos dos máis importantes valores da nosa terra, estudando o peculiarismo dos costumes con detimento e cunha realidade dina de loubanza.

Este pode ser o punto de partida prá búsqueda dos nosos propios meios de espresión dentro do cine. Insisto en que non esistirá un arte cinematográfico galego mentras non sexamos nós mesmos os que o fagamos. Aproveitemos este escomenzo, poñendo todos da nosa parte o que poidamos, pois é laboura de todos nós.

Como dixen enriba, o cine pode ser un dos meios máis importantes na evolución socio-cultural de Galicia, sempre que sexa tratado con veracidade, buscando os temas que esteñan máis a prol das nosas virtudes, valores e tradicións; Otero Pedrayo, nun artigo pubricado en 1958 en "Vida Gallega", dixo: "Una vez hice un guión de película, y estrañó que llevara una nave, —no sé si la de Amadís—, por la Rúa del Villar. Todo aquello está olvidado; pero conste que si no aceptan la nave y otras muchas naves, no hay Rúa del Villar ni Santiago. Y sólo unas filas de tiendas y una gran ruina clasificada". Otero Pedrayo ten razón. Porque se nón se amostran a tradición, os costumes, e os valores do pobo, —por moi estranos que semellen aos alleos—, non haberá un verdadeiro, positivo, constructivo, e. sobor de todo, realista "Cine Galego".

Hai moita xente entusiasmada ca idea de conseguir unha cinematografía galaica que, ao mesmo tempo, teña un valor universal; conozo algúns, —eu mesmo son un deles—. Pro hai que loitar forte pra chegar a ela. Polas novas dos xornáis, sei da esistencia de fatos que tencioan facer algo neste campo, e penso que sería importante que todos puxéramos a nosa confianza neles e lles axudásemos o máis posíbel, sobor de todo as corporacións e as institucións, que poden aportar cousas precisas pra a realización destes fins: coma son o diñeiro e os meios materiáis necesarios. As ideas, gracias a Deus, hainas, boas e moitas: aproveitémolas, e fagamos por ter axiña unha cinematografía nosa.

XOSÉ M. RABÓN
A Coruña

BIBLIOGRAFIA

Fernández del Riego, Francisco / "Cine e Teatro nosos" do libro "Cos ollos do noso esprito"/ Editorial Alborada, Bos Aires, 1949.

González Garcés / "Lirismo cinematográfico" / Revista "Vida Gallega", núm. 730, Enero 1958, Lugo.

Gutiérrez, Angel/ "Minicrónicas gallegas: Carmiña, flor de Galicia"/ Faro de Vigo, 23-2-72, Vigo.

* Hortas Vilanova/ "Realidad y futuro del cine gallego"/ Revista "Vida Gallega", núm. 730, Enero 1958. Lugo.

Otero Pedrayo, Ramón/ "Respondiendo a unas preguntas sobre cine y sobre un posible cine gallego"/ Revista "Vida Gallega", núm. 730, Enero 1958, Lugo.

Pita, Luis/ "Cinco minutos de charla con Juan Antonio Porto, sobre el joven cine español y sus posibilidades en Galicia"/ La Voz de Galicia, 12-3-72, La Coruña.

Risco, Vicente/ "Posibilidades del cine gallego"/ Revista "Vida Gallega", núm. 730. Enero, Lugo.

* Llahues Meizoso, Manuel/ "Arquivo Cinematográfico Particular"/ A Cruña.

ESCRITORES DA PENÍNSULA IBÉRICA EN CHECOSLOVACO

Hai catro anos aparecéu nas libreirías checoslovacas, "*Slovník spisovatel — Spanuelsko, Portugalsko*" "Diccionario de escritores — España, Portugal) publicado pola editora praguense ODEON.

Xa moitos anos denantes, esta editora checa comenzóu a publicar aquesta colección de diccionarios. Deica agora surtiron os de escritores franceses, escandinavos, africanos, asiáticos e rusos.

Os autores —Eduard Hodousek, Zdenêk Hampl e Norbert Tauer— non se limitaron somente ás dúas principáis literaturas peninsulares, sinón que tamén adicaron moito espacio á literatura galega, basca e catalana, todas prácticamente ignoradas en Checoslovaquia. O diccionario contén 517 autores ibéricos —312 casteláns, 128 portugueses, 29 galegos, 27 cataláns e 21 bascos—. Ademáis son incluídas 11 esplicacións de termos literarios (auto sacramental, culteranismo, ultraísmo, etc.).

O propio diccionario ven precedido por breves historias de cada unha das literaturas. Zdenêk Hampl é autor das correspondentes ás literaturas catalana, galega e portuguesa, Eduard Hodousek da da castelá e Norbert Tauer da da basca.

11 páxinas están adicadas á literatura galega. Referente aos literatos galegos mencionados no diccionario, a maioría representa á literatura medieval, sen esquecer os escritores modernos. Figuran así: Joan Airas, Alfonso Álvarez de Villasandino, Luís Amado Carballo, Per Amigo de Sevilla, Manuel Antonio, Francisco Añón Paz, Bernal de Bonaval, Ramón Cabanillas, Martín Codax, Manuel Curros Enríquez, Afonso Eanes do Coton, Joan García de Guillade, Paio Gomes Chariño, Valentín Lamas Carvajal, Gonzalo López Abente, Macías, Manuel Martínez Murguía, Mendiño, Pêro Meogo, Antonio Noriega Varela, Airas Nunes, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro López, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal Abente, Pêro da Ponte, Castelao, Juan Rodríguez de la Cámara, Benito Vicetto, Joan Zorro.

O diccionario aparece dividido segundo o orde alfabético dos escritores. Os autores e colaboradores certamente non dispoñían de moitos materiáis, debido ao feito de que dende 1937-39 foron interrompidas todas as relacións oficiáis entre Checoslovaquia e os dous países ibéricos. As obras necesarias resultaron ás veces inaccesibles; doutra parte, os datos bibliográficos outéñanse moi difícilmente, sobre todo con relación aos escritores emigrados depóis da guerra civil.

Referente aos autores do Diccionario, compre decir que Eduard Hodousek traballa no "Instituto das Linguas e Literaturas da Academia de Sciencias" checoslovaca, en Praga; Zdenêk Hampl é catedrático de filoloxía luso-brasileira na Facultade de Letras da mesma cidade; Norbert Tauer é membro da Academia Basca de Bilbao, i eminente bascólogo checo.

MILOSLAV PLUHAR
Géneve

UN POEMA DE IGLESIA ALVARIÑO EN OCCITANO.

A revista "Novelum", do Instituto de Estudos Occitanos, publica no seu número 11 unha traducción do poema "Abedoeiras" de Aquilino Iglesia Alvariño.

O traductor, Bernat Lesfargas, lamenta que a lingua occitana careza de palabra femenina para designar *a abedoeira*, poisque o femenino cadraría millor coa ideia poética de "pastoriñas dos montes" que está presente en todo o poema. Sinala que igual dificultade tena tamén o castelán, como comprobóu no número 152-3 da revista madrileña "Ínsula", do que tomóu este poema.

ABEDOEIRAS

Pastoriñas dos montes, nas caivancas,
ó longo dos regatos e nas veigas.

Nelas se esperta o vento do mencer
e espéllase nelas o ouro de solpor.

En nebra enmaruxadas, á mañá
choran bágoas sin ollos, case estrelas,
sobre a i-auga do rio inda dormido.
E estremélase toda na ribeira
a súa carne de neve verdegada.

O verde das suas follas, ouro agora,
vaise despindo ó vento dos menceres.
Encoiriñas na noite, tremelantes,
son coma lúas vivas xunta ás fontes
e ó longo dos regatos de auga nova.

A súa carniña é lisa coma a seda
ou neve nova en álbore callada.

Entre elas, non amantes, irmáus foscos,
negros, barudos, laidos ameneiros,
empáranas á tarde na súa sombra.

Elas todas de luz e aire apenas,
orfiñas, nas caivancas, polos montes,
soñan con noites brancas de nevada
e coas lúas amigas de xaneiro.

Publicamos esta traducción occitana en par do texto orixinal galego.

BESSÓLS *

Pastoressas dels monts, dins las combélas
long dels rivatèls e dins las valadas.

En èlas s'esvelha lo vent de l'alba
e se miralha l'aur de l'orbalutz.

Amanteladas de nèbla, al matin
ploran sos uèlhs estelas e lagremas
sus l'aiga del riu encara endormit.
E frejola tota sus la ribièra
la sieuna carn de nevèia verdenca.

Lo verd de sas fuelhas, qu'es aura d'aur
se vai desvestint al vent de las albas.
Nusas dins la nuèch, tremolantas, son
coma lunas vivas prèp de las fonts
e long dels rivatèls d'aiga novèla.

La sieuna carn es lisa coma seda
o nova nèu sus un aubre calhada.

Entre èlas, ges de galants, mas de fraires
rufes, negres, vigorós, d'òrres vèrnhes
que sul ser las aparan dins lor ombra.

Elas totas de lutz e d'aire a pena,
orfanèlas, dins las combas, pels monts,
sòmian de nuèchs emblanquidas de nèu
e de lunas amigas de genièr.

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO
Revirat en Occitan per Bernat Lesfargas

* *Bessól, betol*: m., bouleau (arbre).

HISTORIA DE CACIQUES, BANDOS E IDEOLOGÍAS EN LA GALICIA NO URBANA (Rianxo 1910-1914), por J. A. Durán [1]

Deste libro poderíamos decir que pecha nas súas páxinas o psicoanálisis social dunha área rural galega nun tempo dado; ou millor aínda, o análise socio-histórico do seu decorrer vital. O autor puntualiza nunhas notas limiares o propósito que guióu o seu traballo, os medios de que se valéu pra realizalo, e o ouxetivo que das súas pescudas e interpretación tiróu. Baseándose na información que lle proporcionaron os xornáis rianxeiros, e outros da etapa estudada, así como na outida direitamente de conversas con testigos da época, J. A. Durán realiza un labor valioso, apoiado nunha sistemática espositiva que nos permite conocer algo que estaba aínda sin desvelar na súa verdadeira raizame.

Non hai dúbida de que este traballo, pranteado e resolto cunhas miras determinadas, dalle cumprimento ao ouxetivo que no limiar se define. Proporciona, xa que logo, os recursos informativos necesarios pra se adentrar na vida local dos anos dez dunha vila galega, trocándose nunha guía ilustrativa dos sucedos reáis que nela ocurriron. Pra eso, tenciona ir dilucidando os problemas que a realidade presenta e que non deben escudírese. No empeño de crarexar, o autor andivo á percura dos métodos de comprensión dos fenómenos sociáis e políticos, así como na dos esquemas espositivos que lle permitiran ofrecer ao leitor unha interpretación dos feitos relatados.

A tesis encétase cun proceso descritivo das terras e das xentes rianxeiras, arrincando da disputa toponímica encol da voz Rianxo. Centra aquí, axeitadamente, o encontro que se produz antre a lingua falada e o idioma oficial. E a seguido vai deseñando, con liña precisa, unha riola de temas concretos referidos ao estado das comunicacións, á situación da vila, das parroquias, das aldeas; a datos etnolóxicos coma os das festividades que se celebran na área, nos días de descanso e nos de traballo; á problemática campesiña, na propiedade e nos cultivos; ao xurdimento de sociedades agrarias, así como aos pronunciamentos de orientación política. Parellamente á realidade que o campo reflexa, amósase a da esplotación do mar, na que xogan importante papel a custión dos artes estractivos e a que orixinan os colonizadores cataláns. Completan aínda o panorama agro-mariñeiro que neste primeiro capítulo do libro se sistematiza, a reseña de outros oficios; e, sobre todo, a nota sustantiva do problema migratorio.

Compríalle a Durán, pra o seu propósito, poñer ao descoberto a situación dunha área galega —que era máis ou menos a mesma doutras áreas do país—, con mentes de suliñar as estructuras vacuas, sobrepostas ás condicións dun territorio subdesenrolado que sofría o trauma dunha orgaización socio-política gobernada polo caciquismo. Reseñando a vida rianxeira durante o decorrer da época dos anos dez, se non limitóu, nembargante, aos feitos sociáis e políticos

[1] Siglo XXI de España, Editores. Madrid, 1972.

somente, sinón que memora tamén os económicos, os etnográficos, os do idioma e outros concomitantes.

A traveso duns apuntes estratigráficos, o autor precisa con argumento documentado o papel dos comerciantes da vila, así coma o dos persoeiros das profesións chamadas liberales. Destaca o dato revelador de que máis dun noventa por cento dos habitantes da área analizada, adícase ás faenas do campo e do mar. Refírese ás tensións antre grupos e nivéis, e, sobre de todo, antre a vila e as aldeas. Pon exemplos das barreiras e dos estratos esistentes; concreta a posición dos bandos enfrentados en agre campaña política; e marca aínda as diferencias estabrecidas pola fala, e mesmo polo tratamento.

J. A. Durán non é un investigador propiamente dito, nin tampouco tenciona sélo. O seu principal merecemento está na súa capacidade pra colleitar habelenciosamente os materiáis, e con eles conformar unha obra que, pola súa chaneza, está ao alcance do leitor común; e que, polo acopio de datos que brinda, non ha resultar desdenábel ao erudito que desexe dispoñer de fontes informativas dunha área local galega. I é que o autor do libro que reseñamos, fixo unha achega de notas históricas, políticas e socioeconómicas, tiradas de documentos da época, amecéndolle as que outivo de enquisas personáis, pra se situar axeitadamente na realidade rianxeira.

Na parte segunda do volume, o análise proxéitase nun outro esceario, no que son protagonistas homes notables, caciques, bandos e políticas da área estudada. Aparecen aquí figuras da literatura e do arte; a efervescencia da prensa; as loitas electoráis, partidos, portavoces, bandos locáis, oligarcas e goberneiros caciquís. Polas fendas, por derriba e por embaixo das liortas dos bandos, xurden opinións, ideoloxías, programas, conservadores e liberáis; e sempre, erguendo o seu pulo protagonizador, a figura do cacique.

Dentro do panorama crarexador que o libro ofrece, hai porén un aspeito que desdí no conxunto. Referímonos ao tratamento dado á persoalidade de Castelao, que, ao noso ver, está presentada con acentos incitantes e desordeados, que rematan no desconcerto do leitor. A pesares de evidentes acertos parciáis, as ouservacións adoitan contradecírese. Na súa teimuda actitude desmitificadora, Durán anda a correr o risco de confundir a importancia representativa do autor de *Cousas,* chave polémica na realidade do país no positivo, percurando antecedentes dunha primeira mocedade, que en nada xogan nin mínguan en nada a rexa liña galeguizadora do xenial artista.

Polo demáis, a aportación que representa *Historia de caciques, bandos e ideologías en la Galicia no urbana* é, mesmamente, estimábel. Non hai dúbida de que o noso país amósase como un grande desconocido en calisquera das súas facetas, pra quen pense nel conscentemente. As modificacións esperimentadas nos derradeiros tempos, fan máis escuro o conocemento da realidade de comezos de século. Inda máis, o que se conoce ou coida conocérese arredor dela, é produto de imaxes tópicas, mestura de fantasías e versións desformadoras. Emporiso, a novedade do método praticado na súa esculca polo autor deste libro, é merecente de louvanza.

Seméllanos que o máis auténtico dun país hai que o percurar no seu ser local, nese corazón que, como alguén dixo, "amerítase na sombra". Rianxo e a súa área toda viven unha vida real nas páxinas das que falamos, co seu fervedoiro de paixóns e de sarillos, coas polémicas de prensa dun e doutro bando preconizando o esterminio do adversario. A prosa sinxela i espresiva do autor transcribe feitos, formula ouservacións agudas, dá presencia a vellos sucedos, suscita interrogantes, e acota un ámbito de tempo i espacio que se pode emparellar con espacios e tempos doutras bisbarras galegas.

S. LORENZANA

EL PADRE FEIJÓO. SU VIDA, DOCTRINA E INFLUENCIAS, por Ramón Otero Pedrayo [1]

O Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", acaba de editar a senlleira obra do ilustre ourensán don Ramón Otero Pedrayo que constituíu o Primeiro Premio no Concurso celebrado en 1964 con motivo do II Centenario da morte do, asimesmo, esgrevio ourensán Padre Feijóo.

Honra pra o Instituto, como ben escreben no Limiar os realizadores de tal edición, que ficóu inédita hasta que a dita entidade tomóu a seu encárrego a meritoria empresa de pubricala.

O comentario bibliográfico de un libro de tan estraordinarias características sobarda as miñas posibilidades, mais a ademiración ao biógrafo e biografiado acíncame á dificultosa angueira: a don Ramón, dende as xuntanzas na tertulia de casa do Risco e as labouras do "Seminario de Estudos Galegos" veño a recoñecer, decote, o seu imenso talento e cultura; ao P. Feijóo principiéi a leelo de rapaz no Colexio, e lembro sempre que, dándome entón pola Física, ataquéi dende un semanario da miña vila o tanxer das campás pra arredar as treboadas, polo perigo que supuña pra o campaneiro, basándome en traballos de Rappel, Daguin e outros, e saíu rebaténdome un escelente crego, escritor en galego e, logo gran amigo, xuzgando heterodoxo o meu criterio; e lémbrome —digo— que apeléi ao *Suplemento* ao Tomo 3.º do *Teatro Crítico* que reprobaba o mesmo, e ainda recollía a afirmación de Bayle de que o sonido dos sinos atrae o raio.

Ven ao caso iste preámbulo pra encarecer o enorme intrés persoal dunha obra que xungue a duas individualidades cimeiras da cultura, e que amáis, craro é, diste intrés persoal, atingue atención xeral.

O libro comprende XVII Capítulos. Principia sobranceando a fidelidade dos Feijóos ás bisbarras en que brilaron estirpes de aboengo familiar. Saudade lírica a San Rosendo, a Osorio fundador de Lorenzana, referencias aos estudos xenealóxicos de don Marcelo Macías e de Cid Rumbao.

A cultura formidábel de don Ramón, con glosas e divagacións abondosas, convirte a obra en moito máis que un relato biográfico. En delicioso fruir literario, cheo de vivas metáforas, amostra a súa estraordinaria erudición. Fai unha belida descripción da xeografía, ambente, sociedade, crenzas, educación e costumes de aquil tempo; con escrupuloso detalle descrebe o camiño de Casdemiro a Allariz; os roteiros a Samos e Oviedo; a vida do Ourense do XVII, ruas dos Zapateiros, Tendal, Fornos e Pelouriño...

Analiza demoradamente a estancia do Padre Maestro en Samos, Salamanca, Eslonza, Poio e Asturias, deliñando a paisaxe con encantador lirismo.

Ao estudar Otero Pedrayo a época do *Teatro Crítico* (Cap. III), asevera a posición de Feijóo parella á de outros intelectuáis contemporáneos; a súa barileza "sin que le estorben las largas mangas del hábito franciscano"; o ésito enorme do primeiro tomo e as polémicas suscitadas que suman 75 artigos contra Feijóo, aínda que acusen os adversarios probeza dialéctica; e pola contra a particular adhesión do P. Sarmiento, defensor acérrimo do P. M., de figuras nacionáis, como o P. Isla e incruso escritores franceses. Nace o que Otero chama o *mito Feijóo*, e contemprando ista tremenda revoeira, afinca "en la justicia de atribuir al P. Maestro la gestación del espíritu del siglo XVIII en España".

No Capítulo seguinte glosa o biógrafo as *Cartas Eruditas* coa retesía aspra que suscitóu o tema das frores de San Luis do Monte e a ríspida deslouva do P. Soto Marne, superstición ista semellante á que se albisca na ermida de Florderrei Vello, asegún indiquéi noutro lado. O Rei tronza terminantemente as agres arremetidas contra o P. M., aínda que, como ben dí o comentarista, Feijóo trunfaba sin RR. OO.

En seguintes capítulos refire a vida do benedictino en Asturias, pobo co que se identifica, deica o ponto de ser considerado alí un óvetense máis. Estuda o seu pensamento teolóxico; as loitas contra demos, íncubos, maxia, etc., espo-

[1] Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo". Orense, 1972.

ñendo Otero seus personáis pontos de vista respeito a ditos asuntos e comparando as teorías feixoanas coas de outros autores.

Sería difícil resumir as glosas de Otero encol de tan desvariado contexto, como é a posición crítica do P. M. no aspeito histórico, onde o biógrafo suliña fallas interpretativas por carencia de sentido histórico como máis ouservador do presente que do pasado, dada a pouca tendencia á esculca de fontes nos arquivos dos mosteiros.

Ao pescudar o biógrafo encol das *Vivencias y conceptos de la belleza* (Cap. X) salienta a predilección de Feijóo respeito á Música, e ás causas do seu desagarimo pola paisaxe. Con gran sabencia paraleliza ao benedictino co movimento intelectual do seu tempo; a desconfianza cara as obras de xénero pantástico; as teorías refrentes á Oratoria e Poesía; a tendencia lucanista e a xenreira frente a Virxilio; esculcando Otero a motivación, con esquimado análise sobor da argumentación feixoana encol do *gusto* e seus grados e o por qué da beleza da Música e Poesía.

Os apartados XI, XII e XIII refírense, respectivamente a xeoloxía, xeognosis, hipóteses sobor dos terremotos; conceptos acerca da Sociedade, Estado i Economía na que o P. M. amostra tendencia fisiócrata.

Intrés especial alcóntrolle, polas miñas aficións, ao Cap. XIV, tiduado "La crítica de la superstición y de los saberes mágicos". Combate con razón Otero Pedrayo a aititude feixoana contra léndas, mitos e crénzas, sen un estudo demorado da súa orixe e raigames.

Demostrado hoxe que no fondo de mitos e supersticións escintilea un cimento certo, que a lóxica racionalista non poderá estragar xamáis, estrana que a lumiosa intelixencia do P. M. non pretendera albiscar o fundamento diste xeito de pensar, sentir i espresarse o pobo, senon mantivese unha total insensibilidade na interpretación dos alicerces espirituáis que, ao cabo sinifican, como ben dí Mircea Eliade, (*Mythes, reves et mysteres*) "mode de pensée différent du notre, mais que... on ne doit pas de traiter, *a priori*, comme aberrant". Dí certeiramente Otero Pedrayo que Feijóo: "No supo discernir los módulos y formas resistentes de los cultos antiguos en el imaginar popular, envolvió en el término y concepto de *ficción* realidades muy diversas".

Demasiado coñécese a posición do benedictino con respeito á meiciña. Un libro lumioso, no que a isto atingue, é "Las ideas biológicas del Padre Feijóo", de Marañón, no cal en XXXVIII Capítulos i estesa bibliografía estúdase doadamente ao noso coterráneo: "Celebridad completa, la que dan por igual los amigos apasionados y la enconada envidia de los enemigos".

O. Pedrayo con sotil abelencia, valéndose diste autor e de moitos máis, fai unha investigación manífica da posición feixoana referente aos métodos terapéuticos do século.

Remata o libro co resume de autores críticos da laboura do P. M. denantes e despóis do *Certamen* de Ourense. Esténdese na narración do mesmo; os motivos da erección da estatua (lóxico orgullo local e anceios de rehabilitación); os estudos de Concepción Arenal e Morayta; o primicial traballo da Pardo Bazán; panexírico, once anos despóis, do inesquencibel don Marcelo Macías; a inauguración do moimento, etc. Como final, refire o estado do xuicio e sentir actuáis, cunha ampla alusión a críticos, galegos moitos, (Montero Díaz, Sánchez Cantón, Sara Leirós, Vicente Risco, Sebastián Martínez-Risco, Del Riego...), e tamén abondosos de fora de Galicia.

Constitúe iste volume, non soio un análise demorado da reflexión, vida e obra de quen revoltóu o ámeto intelectual de España e foi antecesor senlleiro do coñecimento especulativo da Ilustración, sin arredarse do dogmatismo católico, senón tamén a imaxe viva da ideoloxía e ambente cultural do XVIII español.

O libro de Otero Pedrayo será, pois, de hoxe en vante fonte imprescindibel pra comprender a mutación hispánica que promovéu o esgrevio benedictino de Casdemiro Fray Benito Jerónimo Feijóo.

XESÚS TABOADA CHIVITE

A PLANIFICACIÓN REXIONAL E GALICIA, por Xesús B. Pena Trapero [1]

A emigración galega ten, ás veces, unha contrapartida de retornos estimábeles. Traballadores que saíron do país sin formación algunha e voltan con conocimentos adequiridos, cun certo grado de cualificación. Son casos illados, poisque a nosa sociedade industrial non ten pulo pra asimilar moitos; casos illados que non chegan a facer siquera de contrapeso. Nin siquera tampóuco na específica emigración das élites. O Pena Trapero é, por fortuna, un caso de retorno valioso, tras unha doble emigración. Emigróu primeiro de Galicia coma estudante. Emigróu despóis de España como licenciado en Económicas. Voltóu hai pouco como caiderádego de Econometría, e púxose decontado ao traballo, un traballo centrado na docencia e na investigación, e orientado tamén xa cara a problemática concreta do país galego.

O libriño que acaba de pubricar é unha primeira aprosimación a un problema vital pra nós: a planificación rexional. Tema enfocado con acerto polo autor: "Non se trata únicamente —escribe— de percurar o maior benestar dos individuos dunha colectividade, compatíbel cuns recursos disponibels, senón o que ese benestar sexa conquerido por todos os individuos e sen que teñan que rachar os vencellos que os xunguen a uns xeitos de vida, a unha cultura, a unha comunidade na que se sinten integrados e que constitúe o que se coñece co nome de Rexión". Isto tradúcese nun problema de equidade distributiva que en certa maneira resulta conflitivo coa percura da másima eficiencia enfocada ao nivel da economía "nacional" considerada en conxunto. "E é que o logro da distribución da riqueza entre as rexións, ou o que é o mesmo, a política de desenvolvemento rexional, plantexa problemas de compatibilidade cun desenvolvemento nacional, ao nivel dos fins e medios, do horizonte temporal, e da ordenación ou planificación dos sectores". O autor vai esaminando sucesivamente cada un diles, especialmente no que fai á conciliación antre as ópticas sectorial e rexional, sinalando o perigo de que "se tencione facer que unha rexión sexa esclusiva ou predominantemente agrícola, atrancando ou evitando todo proceso nela de industrialización", pois nise caso "é moi probábel que se vaia contra o ouxetivo da equidade": nefeito, en tal suposto entraría en xogo a desfavorábel relación de intercámbeo entre produtos primarios e produtos industriáis, que é un dos problemas máis graves con que topan os países do terceiro mundo pra acadaren o seu desenvolvemento. Tamén se estudan as limitacións financieiras e fiscáis ao desenrolo prioritario das rexións atrasadas, sinalando oportunamente o feito de que "hai unha estreita correlación entre o poder económico e a posibilidade de presionar sobre a acción política, co que temos un novo argumento pra que a política fiscal e crediticia favoreza ás rexións nas que está asentado o poder económico, e que se produza un transvase dos medios financieiros das rexións probes cara ás ricas". Por todos os motivos esaminados, o autor estima que "unha equidade rexional só pode conquerirse a traveso dunha acción política decidida que pode concretarse nun plan", "unha acción política decidida e constante e un inegábel coraxe por parte dos detentadores do poder".

Polo que fai a Galicia, sinala acertadamente Pena que "a grande ventaxa de Galicia frente a outras rexións tamén deprimidas da Península, é que non se trata dunha rexión probe, senón emprobecida e esplotada"; que pra saír desa situación compre unha planificación, "evitar un liberalismo a ultranza que conducirá a continuar a esplotación de Galicia polo resto da España", unha esplotación "cuias múltiples manifestacións están á vista, e van desde a utilización do aforro dos nosos paisáns e dos nosos emigrantes, canalizadas a traveso dunha Banca cuios centros de decisión non son rexionáis, ou dunhas Caixas de Aforro que por imperativo legal teñen de utilizar parte das suas reservas na compra de activos de interés "nacional" mais non rexional, deica a espropiación de terras e propiedades aos nosos paisáns pra o aproveitamento da nosa riqueza hidráulica por outras rexións da España". Mais esa política económica non pode consistir somentes en "certas accións rexionáis tímidas, ou aínda decididas mais in-

[1] Editorial Sept, Pontevedra, 1972.

conexas", senón nunha "verdadeira planificación rexionalizada con todo o que iso implica".

A obra remata cun estudo crítico da política de desenrolo rexional seguida nos plans de desenrolo españoles, que conduce a un "chamamento de alarma" ante o ouxetivo da integración na Europa do Mercado Común, cousa que pode impoñer como prioridade o meirande desenrolo do triángulo País Vasco, Madrid, Cataluña. "Este perigo é tanto maior canto —escribe Pena— os grandes grupos económicos do país compartillan esas ideas que os favorecen. Agora xa nen sequer precisan ampliar os mercados nacionáis... poisque teñen diante deles un mercado moito maior. Polo contrario, preferirán a esistencia de rexións deprimidas que poidan proporcionarlles unha mao de obra barata, sempre disposta a traballar".

X. M. B.

L'INFINITIF GÉRONDIVAL PORTUGAIS: QUELQUES NOTES SUR SA PROPAGATION, por B. Maler [1]

Unha contrucción tan característica hoxe do galego-portugués como o infinitivo xerundial, é ouxeto dun preciso estudo histórico polo profesor Bertil Maler. Hai escasa bibliografía sobre a materia, e por eso, ben que breve, o traballo do prominente romanista debe ser recibido con agradecimento e interés polos estudiosos do romance estremo-occidental.

En portugués metropolitano contemporáneo, o infinitivo xerundial é a forma ordinaria, ou habitual, de espresión do contido conceitual que antigamente a lingua literaria refrexaba mediante unha conxugación perifrástica con xerundio. Esta derradeira construcción subsiste, pero aquela outra é a preferida. ¿Qué sabemos da historia deste proceso?

O infinitivo xerundial non está documentado antes da época de Gil Vicente. Desde entón foi gañando terreo, de xeito que chegóu prácticamente a asumir todos os cometidos correspondentes a construcción con xerundio. Maurer Jr. e Holgar Sten sosteñen a perfeita equivalencia antre o infinitivo xerundial e o xerundio. O profesor Maler trata de iluminar no posíbel a historia da perífrase, estabelecendo un cadro dos casos que se poden presentar dentro dos tipos fundamentáis de combinación do infinitivo xerundial cun verbo ou cun nome, pero reducindo a investigación histórica a un só tipo de infinitivo xerundial: a conxugación perifrástica, é decir, a combinación do ausiliar *estar* —ou un verbo de movimento, como *andar*— e un infinitivo rexido pola preposición *a*.

Este sintagma aparez raramente en Gil Vicente. E continúa sendo raro nos dramaturgos da escola vicentina: Ribeiro Chiado, Sebastião Pires, etc. No século XVI, pois, a lingua literaria aporta escasas testemuñas daquela construcción.

Tamén é raro o sintagma en Melo, típico representante do portugués escrito no século XVII.

Se pasamos ao século XVIII, atopamos exempros máis ben raros na súa primeira mitade, a xulgar polas esproracións feitas en Antonio José da Silva. Canto ao teatro de cordel, pertecente á segunda mitade do século, e que parez estar escrito nunha lingua popular, presenta un dez por cento de casos de infinitivo xerundial en relación co uso do xerundio.

É no Romantismo e no Realismo cando a construcción con infinitivo trunfa sobre o xerundio. Hoxe é a regra.

De xeito que temos que creer que o infinitivo xerundial foi primitivamente un xiro oral rexeitado pola lingua escrita, e que se foi impondo a ésta paulatinamente, no transcurso dun largo proceso de popularización da sintase. Camões reprime o sintagma. E só a influencia do popular no Romantismo e no Realismo decide a victoria do xiro sobre a forma escrita tradicioal con xerundio.

[1] Reprint from Stockolm Studies in Modern Philology, N.S. Vol. 4, 1972.

En galego, o infinitivo xerundial semella propio do dialecto suroccidental, e descoñecido nas áreas noroccidental, central e oriental de Galicia. A brillante constelación de escritores das Rías Baixas que nos derradeiros tempos alumearon as letras galegas, dou ocasión, principalmente ao traveso de Cabanillas, ao frecuente uso literario do infinitivo xerundial. Antre nós é unha construcción de orixe local que atinxíu prestixio literario, e hoxe é signo de elegancia culta nos autores que non a aprenderon de viva voz, senón ao traveso de poetas nativos da zona sudoriental que a usaron con grande eficacia artística.

R. C. C.

O PORCO DE PÉ, por Vicente Risco [1]

A publicación desta idiosincrásica novela de Risco (acompañada por outras narracións neste volume) era cousa que se facía necesaria pra traguer ao noso tempo os exempros dos devanceiros neste xénero non moi abondoso na nosa literatura. Agora o leitor xa conta con novelas propiamente galegas como *Maxina ou a filla espúrea,* de Marcial Valladares, *Arredor de sí,* de Otero Pedrayo, *Os dous de sempre,* de Castelao, ademáis das novelas que poderíamos chamar de hoxe, de Blanco Amor, Neira Vilas, Ferrín, Casares, etc. Compría que Galaxia nos dera *A xente da Barreira,* de Carballo Calero, pra completar un cadro que por fin vai formando eido de seu nas nosas letras.

A obra risquiá chéganos co recendo da xeración "Nós", os anos da primeira postguerra mundial, as correntes literarias e artísticas anovadoras en revoldaina, e o esforzo que os continuadores recolleron dos devanceiros por vencer a esclusividade do conto na prosa galega e darlle peso e dinidade á novela.

Don Celidonio e o Dr. Alveiros son os dous persoaxes antitéticos de *O porco de pé.* Na alquimia de Risco o primeiro é o Coagula e o outro o Solve. Don Celidonio pensa que "o diñeiro atraise un ao outro en razón direita da súa masa e sen consideración ao cadrado da distancia". Ten o corpo grasento, lardento, sóbralle unto. Tén as fazulas da cór do magro do xamón e suda unto derretido coma os chourizos no fumeiro.

En troques o principio oposto é o Solve do Dr. Alveiros, libertador da momia de Tutancamón, antagonista nato das forzas vivas, chamado o Orfeu do século XX, ca testa "de deseño cubista".

A obra desenrólase no filisteísmo social do ambente de Don Celidonio, casado coa Nicasia, filla da formidábel dona Emerenciana. O obreiro Restituto Mendes provoca medos indixestos en Don Celidonio. Rebulen sociedades, clubes, aitividades, restes infindas de verbas, epítetos, cencias, que acaban por provocar o sorriso benévolo do leitor.

Non se pode decir que *O porco de pé* sexa unha novela acabada. É mais ben un relato-ensaio peculiar, que incorpora neoloxismos, disquisicións e xuicios do autor sobre as cousas mais dispares.

Pola contra o galego de *Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros* é popular e acaído e a narración tén unidade e fasquía deteitivesca e misteriosa, ao xeito de *Un ollo de vidro,* de Castelao. O orixinalísimo esquelete do Sr. Dehmel tén un sistema de raicións moi humás e unha orixinal teoría da perfeución esquelética...

O Risco amósanos aquí unha faceta ben distinta da ensaística, política i etnolóxica. O conto favorito pra mín é o da lenda de *O lobo da xente,* verdadeira obra mestra de feitío clásico, unha ledicia de lér. O xeito de falar galego, os nomes dos persoaxes e a dimensión pantástica e popular fan deste contiño unha

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1973.

xoia e modelo de redacción galega. O "arreguizo" da descrición comunícase ao leitor mesturado co sabor popular do diálogo.

Esta pura maxinación céltiga popular bótase de ver tamén no seguinte conto de *A trabe de ouro e á trabe de alquitrán,* en que sai o gosto polos encantamentos de mouros e misteriosas mouras belidas que hai nos nosos outeiros se ún tén a trabe de ouro pra abrilos.

En *Os europeus en Abrantes* temos outra vez o Risco das descricións grotescas e as caricaturas dos ilustrados, modernistas, vexetariáns, "sportistas" e "nadadores empíricos", que nembargantes teñen a súa persoalidade definida e fe na súa teima.

En conxunto no libro Risco adivírtese cos ocultismos, exiptoloxías e teosofías orientáis que lle rebulían a el no maxín nos anos vinte. Pasan endiante nosa os inadaptados a falaren de bolchevismo, anarquismo, sindicalismo; as disquisicións e disertacións e digresións calidoscópicas encol da cultura pululante da época, insegura, novedosa, recendendo do exótico e non asimilado; a hecatombe dos ismos en rápida sucesión, tratados polo autor dende a súa cultura clásica cun humorismo e sensibilidade propias del e do seu tempo.

O libro ven ilustrado por Xohán Ledo con siluetas espresionistas sinxelas na millor tradición galega.

C. D.

CONTOS POPULARES DA PROVINCIA DE LUGO [1]

No mes da sega do ano derradeiro —1972— víu a luz a segunda edición do libro *Contos populares da provincia de Lugo,* publicación que é do *Centro de Estudios Fingoy.* E compre non calar que non foi sin tempo xa; pois levabamos unha chea de anos agardando por esta segunda edición. A primeira, tirada do prelo en outono do 1963, esgotárase ao pouco de saír á rúa.

Nesta segunda non se reproduce esactamente a primeira. Na do 63 incluíanse 300 contos, na do 72 inclúiense 228: porque na presente refugáronse as variantes, que nalgún caso chegaban a nove. Na edición de agora non figura a táboa de abonantes —escolantes e escolares que teñen fornecido os materiáis con que se compuxo o libro— táboa que figuraba na edición de antes. De todo elo dáse conta no prólogo do propio libro e especifícase que se fixo así de man tenta co gallo de darlle ao mesmo un carácter máis popular. Haberá quen coadre conforme e haberá quen non.

O libro que comentamos é —polo menos— importante, orixinal e interesante. Considerámolo importante porque, hoxe por hoxe, el é a recadádiva meirande de contos populares galegos editados en Galicia. Resulta de feitío orixinal porque el é único, que saibamos, no tocante á maneira en que foron arrecadados os contos que se incluien nel: escolares e escolantes ruráis recolléronos dereitamente dos labres de centos de persoas residentes en ducias de aldeas espalladas por moi diferentes lugares das terras luguesas. Chamámoslle interesante porque el interesa de feito a case todos —ou a todos— os lectores que lle botan o ollo enriba, como temos comprobado personalmente infinidade de veces, e esto fai ao libro especialmente indicado pra facer uso del, por exemplo, dentro do labor escolar, ademáis, craro é, dos estudos etnolóxicos e demáis, en relación co pobo galego, aos que poda dar el pé.

Polo de hoxe temos maior interés en suliñar a valía deste libro en relación co labor escolar. Con estes *Contos populares da provincia de Lugo* márcase unha vía enormemente fecunda por onde encarreirar o labor das escolas galegas se queremos que elas sexan verdadeiramente axeitadas ás xentes que teñen a obriga de educar. Eiquí está na man unha proba, evidente, dos resultados que

[1] Galaxia, Vigo, 1972, 2.ª edición.

produce facer un ensino mergullado na propia realidade dos escolares. Un fato non grande de escolantes —aguilloados por iniciativa dunha persoa particular— capitanean aos escolares que lles son encomendados e, en pouco tempo, arrecadan centos de contos populares que supoñen un material folklórico de valor incalculabel. Ben sabemos que os materiáis folklóricos atinxentes ao pobo galego —por razóns que se alcanzan non máis que con non pechar os ollos— están a piques de se perderen sin posible recuperación. E os materiáis folklóricos dun pobo —por máis que se queira iñorar— resultan indispensables, polo pouco, pra estudar certamente ao tal pobo. E, xa que logo, vistos os resultados xa, ¿non haberá algún organismo oficial en Galicia que tente facer uso da vía escolar para arrecadar o máis do noso folklore en proveito do pobo noso? Mais aínda compre reparar noutra custión. Sabemos —polas nosas ouservacións e polas comunicacións que temos recibido— que os escolares galegos, en xeneral, leen, entenden, comprenden e manexan estes *Contos* como non é doado que lles suceda con ningún outro libro dos que andan actualmente polo mercado. En realidade non ten por que estrañarnos: o tema resultarálles entrañable, xa que el ven do cerne mesmo da vida social da comunidade en que se enxiren eles, e a linguaxe resultarálles íntima e familiar, pois de non ser así non figuraría ela neste libro porque xa non acertarían a recollela noutro tempo outros escolares galegos. Eis, novamente, un vieiro froitífero por onde encetar o ensino da lingua galega nas escolas de Galicia: a traveso dos contos e demáis elementos folklóricos, recollidos polos mesmos escolares.

Verdadeiramente, asinámoslle moitos méritos a este libro. E resulta que non coidamos que teñamos esaxerado.

V. ARIAS

O AFORRO E A INVERSIÓN NA GALICIA, por Ramón Barral Andrade [1]

Terra, traballo, capital e actividade empresarial, eis, segundo os clásicos, os factores orixinarios da produción. O coñecimento deste factores é imprescindíbel para todo aquel que queira coñecer as posibilidades económicas dunha nación ou rexión.

No que á Galicia se refire, esistén varios estudos que permiten o se facer unha boa ideia dos factores terra e traballo, e até do factor actividade empresarial. Porén, sobre o factor capital ou a súa contrapartida financieira, o aforro, apenas se se teñen unhas ideias máis ou menos intuitivas, en ningún caso precisas e cuantificadas. Por esta razón é polo que o libro que ven de saír editado por SEPT, sobre "O aforro e a inversión na Galicia" estóu certo que terá unha escelente acollida entre os estudosos ou simplesmente interesados pola Galicia.

R. Barral Andrade presenta co seu libro unha contribuición interesante ao estudo dos aspeitos financieiros do problema da formación do capital, contribuición interesante porque ademáis das consideracións teóricas, logróu recoller unha información numérica abondosa e reveladora para nos facer comprender o que sucede co aforro galego.

O conxunto de datos e cifras que se presentan no libro que comentamos constitúe, ao meu ver, o maior mérito do traballo. Poisque era este un terreno do que apenas seica se tiña un coñecimento cuantitativo, o que restaba forza argumental a todos os que opinaban que non só emigraba o traballo da Galicia, senón tamén o capital. Barral Andrade amósanos, con cifras na man, que esa tése non só era certa, senón terribelmente certa, por canto o aforro galego é de grande consideración, deica tal ponto que non sería necesaria unha axuda esterna á Rexión para conquerir polos seus proprios meios financiar o seu desenvolvimento. Isto é importante polo que supón de posibilidade. É alporizante polo que implica do grau de colonialismo económico a que se ten sometida a Galicia.

[1] Colección O Home e a Sociedade. Editorial SEPT. Santiago, 1973.

O estudo do aforro fáino Barral Andrade atraveso dos depósitos nos Bancos e nas Caixas de Aforro. É evidente que se non pode indentificar de xeito estrito o aforro cos recursos alleos da Banca e Caixas de Aforro, mais estes sirven de indicadores clarísimos daquel e poden se usar perfectamente nese sentido. Ademáis a Banca e as Caixas de Aforro son as entidades atraveso das cuáis váise a case totalidade do aforro da Rexión. Por iso seméllanos un complemento importante o que Barral Andrade non se teña limitado a facer un estudo cuantitativo dos depósitos nesas instituicións, senón tamén o ternos oferecido unha visión da organización rexional desas entidades financieiras, en canto ao número e evolución das oficinas abertas e os grupos nacionáis en que están integradas.

Un apartado que é merecente de especial atención, pola súa significación, é o capítulo e anexos que se adican ao estudo do crédito oficial á Galicia.

En definitiva, o que a Banca Privada actúe como o fai —recollendo o aforro onde el se atopa e utilizándoo onde poida lle tirar maior rentabilidade— entra dentro da lóxica do sistema capitalista. Mais, porén, non acontece o mesmo coa Banca Oficial cuia finalidade é, ou debe ser, moi diferente. Por iso, o que "a Galicia que suma o 7,8% da poboación española, e aporta case o 5,8% da produción neta, somente recibíu o 3,65% dos créditos no ano 1969", como afirma Barral Andrade, seméllanos unha proba ben evidente de que é moi pouco o que se pode agardar das entidades crediticias oficiáis en orden a correxir os desequilibrios rexionáis. E é moi revelador que sexa precisamente un Banco Privado —o Banco de Bilbao— quen confirme o que vimos de decir cando no estudo feito no 1968 co título "Galicia. Su realidad socioeconómica", afirma que "a Galicia deu máis do que recibíu", referíndose precisamente ao crédito oficial.

Compre decir, para rematar, que o interesante traballo que vimos de comentar debe se relacionar con un artigo aparecido no número 22 de 17 de abril do 1972 da revista "Cambio 16" no título de capitáis na Galicia. Trátase dun complemento importante ao traballo do Barral Andrade, xa que se el nos sinala esencialmente cómo fai e canaliza o aforro, o artigo de "Cambio 16" dínos cánto invirte a Banca na Galicia e cuáis son os Bancos que o fan.

XESÚS B. PENA TRAPERO

NEGOCIANTES CATALANES Y SUS FABRICAS DE SALAZÓN EN LA RIA DE AROSA (1780-1830), por Antonio Meijide Pardo

Xa nos ten afeitos, Antonio Meijide Pardo, aos seus pulcros, rigurosos, penetrantes e ben documentados estudos de Historia económica galega. Non pasa ano sin que saian do prelo varias monografías suas nas que reviven recantos moi diversos da economía galega na Edade Moderna. Derradeiramente, a economía pesqueira no s. XVIII ten sido ouxeto reiterado das súas esculcas dende varios puntos de vista: a pesca no litoral lugués e os "fomentadores" cataláns en Vigo. Agora Meijide estuda, nunha nova monografía, a penetración dos cataláns no que foi o foco máis importante do seu asentamento dacabalo dos séculos XVIII e XIX: a ría de Arousa.

O tema é un dos máis interesantes no acontecer económico da Galicia moderna, poisque representa a primeira aparición sistemática de formas de empresa capitalista na nosa economía e noustante aínda non merecéu a atención que lle corresponde, ou, como dí Meijide, "entre os tratadistas da nosa historia moderna aínda está por facer un amplo e concienzudo estudo de conxunto arredor do dito fenómeno". Formas de empresa que non xurden no medio social galego por unha evolución interna, senón que resultan importadas, que xeremolan como resultado da insólita inmigración de negociantes cataláns rexistrada na segunda mitade do XVIIII. "Nefeito, a partir de 1750 comenzan a recalar nas

[1] La Coruña, Imp. Moret, 1973.

vilas marítimas de Galicia, atraídos pola prodixiosa riqueza do litoral en peixe apropiado pra a salazón, innumerábeles mercaderes e negociantes, maiormente de proxenie catalá, cuio número vai medrando conforme transcurre o reinado de Carlos III. Aquéles conságranse de cheo ás angueiras de promocionar unha masificada industrialización da pesca. Con caraiteres de vitalicia vecindade pra a xeneralidade dos millor dotados, a pluripresencia dos ditos inmigrantes implicaría, apenas vencido un século da sua chegada, unha fonda transformación da economía rexional cara o mar; val decir, creando o eixo no que se vertebraría, dentro da avenza da riqueza patria, a reconocida puxanza e primacía da área galega —que aínda conserva hoxe— no que a industrialismo pesqueiro se refire".

Certamente, a aparición destes empresarios vai cambear varias cousas. Non soio os métodos ou técnicas tradicionáis e máis o volume de produción da salga, senón tamén as relacións económicas predominantes na pesca costeira coa conversión, en boa medida, do mariñeiro autónomo en pescador asalariado ou contratado polos fomentadores cataláns, e das mulleres ribeiráns en man de obra eventual das factorías de salazón. Como ocurre decote neste tipo de fenómeno socioeconómico, o feito ten implicacións de sino contrario simultáneas: por unha banda supón a aparición dunha demanda segura do produto da aitividade estractiva e unha xeneración de renda denantes inesistente, a máis do aumento no volume de provisión á demanda final; pola outra representa unha entrada dos traballadores autónomos precapitalistas en situacións de dependencia e relacións de esplotacións baixo a posición predominante da nova forma de empresa. Meijide subraia a importancia do fenómeno: "Interesa tamén —escribe— non pasar por alto unha das repercusións máis transcendentáis que baixo o prisma socioeconómico trai consigo tan peculiar proceso migratorio (é decir, a inmigración dos cataláns). Referímonos ao feito de que a maioría das familias de mareantes arousáns ponse ao servicio dos oriundos de Cataluña. En labores de salgado ou prensado da sardiña ocupábanse "a maior parte das mulleres do pobo" (cita do Labrada); mentras que a case totalidade dos pescadores nativos —incluído o chamado *terrestre* (os da zona costeira non inscritos no gremio de mareantes e que simultaneaban agricultura con pesca)— conságranse de cheo ao acopio do peixe pra o seu sazonamento conserveiro". Son os "precarios jornaleros" aos que se refire un testemuño da época citado polo Meijide, cuios ingresos "apenas lles chegaba pra saír do día, reducíndose a pasar o resto do ano na indixencia e desnudez".

O estudo de Meijide Pardo analiza os atrancos principáis con que bateron os "fomentadores". Un diles, propio do réxime precapitalistas: os desmos cobrados polos poderes eclesiásticos, contra os que puxeron pleitos os fomentadores. Outro, manifestación do conflito cos intereses dos pescadores indíxenas: o pleito da xábega, denunciada como aparello que destragaba a cría da sardiña. Outro, en fin, de orde tributario, contra o que os fomentadores arremeteron cando as oscilacións coiunturáis no volume dos negocios eran máis desfavorábeles e facían sentir máis gravosa a cárrega fiscal. Tamén fai unha esposición moi acaída no papel xogado polo problema do suministro do sal, verdadeiro ponto feble da industria pola sua importancia vital pra ela e dependencia ausoluta das circunstancias políticas —guerras— e institucionáis —monopolio estatal— que incidían no seu transporte e suministro.

Igoalmente coidado é o estudo da fase de crise pola que atravesa a industria (especialmente de 1815 a 1830), a descrición e reconto das principáis bases na ría e persoeiros do ramo, e máis o análise do volume e destino das esportacións de sardiña —que por certo dan a Cataluña como principal mercado. En sumá, unha comprida monografía que ven arrequecer a nutrida e meritoria contribución do Meijide á nosa Historia económica.

X. M. B.

ETNOGRAFÍA GALEGA (Cultura espritual), por Xesús Taboada Chivite [1]

O autor de ista intresante monografía é un dos investigadores máis serios de Galicia, por eso cada traballo que publica acollémolo con intrés óptimo e, o que inda é mellor, non sufrimos desilusión. Así pasa co traballo que agora comentamos. Comenza o autor, despóis dun limiar, co planteamento dos problemas da Etnografía dende a súa aparición como cencia no século XVIII con Niebuhr, deica os nosos días, con aclaracións dos nomes Etnoloxía, que deu Chavannes e Folklore que discurréu William Thoms, verba hoxe de senso moi minguado polas aplicacións que se lle adican.

En Galicia houbo sempre xentes que souberon recoller notas intresantes coma o P. Sobreira, o P. Feixóo e o P. Sarmiento, por citar tres homes de senso universal; a eles engadiranse cantos se intresaron pola terra e os homes, todos ilustres escritores que Taboada sitúa no seu correspondente lugar, figuras que na súa beira criaron escola de investigación e alentaron cobizas que encamiñaron moito do seu traballo polos vieiros da Etnografía. Obras e autores demostran as preocupacións constantes e a súa aportación, moitas vegadas única, por teren desaparecido totalmente algunhas das creencias por eles recollidas.

Dous grandes grupos, seguindo a tabla de Montandon, ordean a distribución do libro: *Socioloxía* e *Animoloxía*. Comenza co ciclo prenatal de gran importancia na mentalidade popular. É preciso moitas vegadas acudir aos santos, romerías, pedras especiales, baños e meiciñas, pra conseguir descendencia; e compre gardar moitas precaucións pra que a muller non se *dea de perda*, e outras moitas pra que veña ao mundo san i escurreito. Ninguén se asuste por semellantes medidas; xa se facían na Grecia clásica e inda se fan na maor parte das nacións do mundo.

Xa no mundo o neno, hai que bautizalo, hai que buscar os padriños do neófito, os compadres, que dende a volta da eirexa falaríanse de vostede. O afillado recibirá tódolos anos a Páscoa deica ser maor e quizáis o padriño faga de novo o oficio cando o afillado se case. O neno ten que andar, falar i escoitar, pra que cada cousa vaia no seu punto son moitas as prácticas que se fan e que vai sinalando o autor. Compre que medre e por iso teráse bo cuidado de malos airos, meigallos e outras moitas cuestións. Na vida planteéase moitas veces o problema da entrada na mocedade que se celebra con festas especiales que van desaparecendo na maor parte dos lugares. As mozas e os mozos teñen as súas diversións que veñen descritas no libro, como veñen tamén os noivados e o matrimonio. O casamento, a boda, que ten unha gran riqueza de colorido. Atavíos, ramos, repartos de pan de trigo ou roscas, todo un mundo enraizado nun pasado lonxán está esposto con maestría por Xesús Taboada.

Despóis de casados veñen os problemas da vida que son analizados detidamente polo autor, e no remate da vida, a morte e os misterios que as xentes viven ao redor de canto coa morte se relaciona deica as longas e barullentas *cinzarradas* que se fan aos viudos que se casan por segunda vez: as *cornetadas*, como se chaman en moitos lugares de Galicia.

Na nosa terra son sonadas as festas e, polo mesmo, ten o autor un intresante capítulo co Calendario Festivo: Nadales, sorteos de mocedades, a Candeloria fan do inverno alegre compostura de divertimentos cos seus acompasados remansos de coitas amorosas; pra seguir no entroido, máis toleirón, como remate da festa. A coresma decorre triste e as xentes agardan a Semana Santa con profunda emoción. Inda hai aldeas onde se golpean en penitencia dos seus pecados, cargan con pesadas cruces e con coroas de espiños; así en Oimbra (Ourense) na *procesión de Penitentes*: "Os discipriñantes iban semiespidos, arrastrándose polas rúas, vertendo sangue polas maus e xionllos; levaban coroa na cabeza". Funcións de Desenclavo, procesión dos Caladiños, lume novo, todo figura eiquí con visión precisa e clara de todo iste acontecer.

Os Maios teñen importancia grande en toda Galicia con coplas de censura pra feitos que tiveron lugar durante o ano. Son famosas en moitos lugares as

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1972.

festas do Corpus. É de gran valor etnográfico a festa das fogatas de San Xoan e todos cantos misterios xurden ao seu redor.

Xogos e meiciña popular ten o seu tecido ben entramado por certo. Xogos de rapaces e de mozos e meiciña pra curar todas as doencias que se presenten. É mester moita pacencia pra poder aplicar fórmulas baixo longas oracións, ou sinxeliños decires con misturas de augas de cinco, sete ou nove fontes, e unha nada despreciable cantidade de medicamentos de herbas curadas na sombra dun cuarto da casa.

A mitoloxía vai dende os seres máis fantásticos deica os fenómenos naturáis, as augas, o fogo, as encrucilladas dos camiños, o vento na furna, as penas de certos outeiros; todo canto se recolle agora é mostra pequena do que houbo noutros tempos. Inda se pensa nos mouros e nos grandes tesouros encantados e hasta na fórmula de sacalos do seu escondite.

Son frecuentes os males aos que se lle achaca bruxería: mal de ollo, maldición, isto é a maxia goética e todo canto feitizo pode haber. Non deixa de aparecer un dos libros de máis fama niste senso: *O Ciprianillo,* que inda sigue tendo profunda resoancia como medio de descubrir tesouros. Pra curar será preciso consultar coa sabia ou coa baraxeira que lle bota as cartas pra saber de ónde ven a doencia que padece e así, sabido o orixen, poder curala. É un longo, mui longo misterio que moi difícilmente se apartan del, pérdese por esquecimento.

A relixión popular ten un doado desenrolo como temática intresante onde figuran creencias e oracións, e, como centro, as máis famosas romaxes de Galicia esparexidas por toda a xeografía, dende A Franqueira deica San Andrés de Teixido.

Pra rematar dous temas importantes: Literatura popular, e Baile e Música. Os dous son suxestivos e ten na nosa terra o máis axeitado senso poético. Ahí están as formas sinxelas da poesía, do refrán, do dito sinxeliño, e tamén están os contos e as lendas, as adiviñas e cantas mostras intresan na vida. Despóis o que se canta, millor, cómo se canta, e cómo se baila. Con iste tema remata o gran libro de Xesús Taboada Chivite.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

AS CALEXAS DO CIGURATH, por Xavier Carro [1]

Xavier Carro axunta neste volume unha presada de narracións curtas, máis ben que contos, talladas nun galego xusto e de especial engado; párrafos ao mesmo tempo soltos e ben traballados, que rematan a historia deixando no leitor certo amarguexo apenas dibuxado, pero co tinte xusto dunha vivencia real.

A mór parte das narracións están nesa liña da literatura galega pantástica, cunqueiriá e cortezoniá, que case poderíamos decir é a parte máis propiamente céltiga das nosas letras. Suárez-Llanos e Ferrín tocan a liña, entre os nosos. Camus e Durrell choutan ao maxín entre os alleos. É unha liña surrealista que crea un mundo de seu, cun tempo e un espacio suxeitos a regras do autor, que o leitor acepta e polas que se guía na esploración dese mundo enriquecedor da súa mente.

Aínda que fai algún esperimento na asociación libre de verbas, Carro coida a estroitura sintáctica, i é ese artellamento fluido o que crea o tempo especial da narración, tan real coma o do reloxio, pero que asociamos agora cos derradeiros anos 50 e primeiros 60.

"A señorita Rosario" (un dos dous relatos do volume previamente publicados en Grial), é, ao meu ver, o millor conseguido pola unidade esencial do tema, o narrador, o ritmo da narración, o vocabulario, todo o cal limita e delimita

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1972.

a estensión deste modelo de relato corto. Ao leitor quédalle a sensación dun galego comprido, correcto, en beizos da criada que, sereamente, case sen se decatar, describe a decadencia dun estrato social e dun xeito de vida.

Bótase de ver unha certa preocupación co tema do ananismo (no contiño "O Peitiños"), ou mellor, da impotencia e a represión social interiorizada, que estoura ao fin despois dunha gradación (coma en "As formigas") deixándonos ver un senso de retribución inexorábel que percorre estes contos coma unha maldición que o vai tinxindo todo. Unha vinganza ("O segundo vernes de Yulia Kefer") solagada, mantida escuramente en segredo por moito tempo.

"O calidoscopio" é un xeito de tecer unha historia arredor dun persoaxe exótico que esistíu na realidade (lémbrame outra narración de Carro que non ven no volume, "O reló de Sir Francis Mackenzie", e que o leitor pode atopar no libro-memoria da Casa de Galicia de Nova York, 1970-71). É o discurso puramente literario, o xeito de contar que está na orixe de tódalas literaturas, e se cadra particularmente da nosa, que foi chamada "a civilización da memoria". No que máis me semellan representativas do noso xeito de ser estas narracións é na estroitura artellada das pequenas cousas no recordo: son os detalles que non son decisivos os que conservan enguedellada neles a emoción de lembrar.

Non todas as narracións son pantásticas nembargantes. "Mil oitocentas cincoenta" retrata brevemente a fruición do consumidor nun meio económico precario, o mecanismo sublimante do tedio da oficiña semicastelá cotián, os resortes esistenciáis da pequena vida que buscan satisfacción no consumo propiciado precisamente polas frustracións, represións e inhibicións da nosa sociedade. É unha lección de socioloxía.

"Cando o tempo é unha fiestra pecha" tén un engado nostálxico, borrifado de espresións en inglés que estranamente engaden realidade á solprendente penetración no ánimo dun home xubilado. "Marcel Gross" tén o recendo laranxeiro de levante, que intoxica a percepción do espacio e do tempo e fainos vivir unha certa anguria esistencial inesplicábel, se cadra o máis destacado de Carro.

Virxilio dibuxóu os motivos alucinantes.

C. D.

HESTORIAS E LENDAS, por Castelao [1]

Neste libriño, coma quen di un folleto, que ven a ser o número 28 da colección *O Moucho*, recóllense unha ducia de traballos e anacos de traballos da autoría de Alfonso Rodríguez Castelao.

Tres *cousas*, dúas colaboracións curtas na revista *Nós*, unha moi breve na revista *Cristal*, o prólogo ao libro de poemas *Antre dous séculos* de X. Alvarez Limeses, dous cinasquiños de *Sempre en Galiza*, unha mostra de *As cruces de pedra na Galiza*, o discurso *Alba de Groria*, e unha pequena parte da conferencia *O galeguismo no arte*. Veleiquí os materiáis con que foi composto un volume de medio cento de páxinas. Volume que leva por tíduo *Hestorias e Lendas*, e leva por firma a verba *Castelao*.

Ao cabo, ben pouca cousa. Que diría calquera que non ande en antecedentes do interés que esperta actualmente o nome do rianxeiro máis sonado.

¿Atopámonos diante dunha escolma encamiñada a espallar a obra do entrañable Daniel? Esta parece ser, sen dúbida, a intención dos editores. Unha escolma, reducidiña, pra dar idea, ben que sexa estremadamente elemental, dalgúns aspectos da obra literaria do home en escentilante actualidade. Digamos, un intento de divulgar algo do moito que creóu Castelao.

Polo pronto, a intención —esta intención que apuntamos— parécenos merecente de todo aplauso. Logo, a oportunidade dun volume divulgador da obra

[1] Ediciones Castrelos, Vigo, 1972.

de Castelao, neste intre, é indubidable. No tocante ao criterio con que foi levada a ramo a escolma devandita pódese non concordar: os criterios son todos discutibles. Se nos poñemos, atopámoslle chatas abondo e atopámoslle virtudes determinadas. Personalmente aínda non acertamos a situar compridamente este libriño no oco que debe encher dentro das circunstancias concretas en que nos atopamos.

No fondo, pensamos, éste é un libro que ten razón de ser somentes na medida en que interesan neste momento preciso a persoa e máis a obra do home Alfonso Rodríguez Castelao.

O volume preséntase cun prólogo de Darío Xohán Cabana no que, con palabra alcendida e sentimento afervoado, afirma, por exemplo, que Castelao é "o home máis completo, máis lúcido e máis grande que Galicia deu" ao paso que confesa, tamén, que "a súa figura enche e resome a hestoria das nosas aspiracións".

A lancañadas longas ou a pasiños curtos, conforta constatar que o eido da bibliografía galega está de cote a medrar.

V. A.

CALRIÑOS E O ABÓ, por Xoan Carlos Arias *

Os reises deste ano deixáronlles aos nenos galegos un conto máis pra engadir á cativa colección de Literatura Infantil, que, de seguir o ritmo de producción dos derradeiros tempos, leva camiño de subsanarse esta eiva das nosas letras; feito, por outra banda, que todos arelamos.

Se afirmo que este conto non é un máis da serie fágoo na concencia de non caer nun tópico; nin quixera dar a sensación de que tal afirmación leva implícito un xuicio de valor. Espero que ao remate destas liñas se interprete cabalmente a miña intención.

O feito xenerador desta calidade diferenciadora atingue á persoalidade do autor do libriño.

Xoan Carlos Arias ten somentes nove anos —¿é, xa que logo, o autor máis novo da Literatura Galega?— el é un neno. Este feito, en principio, pode non decir ren; mais temos que decatarnos axiña do público potencial lector a quen vai dirixido este conto: nenos. Compre non esquecer que cada etapa da vida ten uns intereses específicos e, polo tanto, conta con unha linguaxe e uns símbolos axeitados pra se espresar.

Cando o autor —que en realidade é o Calriños do conto— escolma un feixe de contos populares dos escoitados dos beizos de seu abó labrego, faino mergullado nun mundo de intereses infantís, utilizando uns valores que non podemos enxuiciar dende as nosas estruturas mentáis de adultos, pero que evidentemente serán os mesmos que os dos seus posíbeles lectores.

Conquerida esta primeira nota esencial, a comunicación que debe comportar toda obra literaria queda asegurada se a linguaxe é axeitada. A que utiliza Xoan Carlos responde perfectamente a esta necesidade. Frase sinxela, aberta —cáseque cortante—, sen concesións ao requintamento nin á retórica, inxenua, nunha palabra: linguaxe infantil.

Os pequenos críticos lectores sorprenderánse de se atopar con algo que non lles é alleo. Os adultos que lean este feixiño de contos —posiblemente xa conocidos pra eles— que o Calriños vai contando na súa casa vilega aos seus parentes durante o xantar, atoparános recreados, decatándose do devandito.

XOSÉ LUÍS FERNÁNDEZ

* Editorial Galaxia, Vigo, 1972.

GUIMARAES ROSA E JAMES JOYCE

Nun estudo recente de H. A. Murena sostense que, a pesares das diferencias, o brasileiro Guimarães Rosa e o irlandés James Joyce, son literariamente irmáns. A este respeito, dí o escritor:

É hoxe unha esperencia común a de que podemos percorrer o mundo sin saber as línguas dos países que atravesamos e sin que por eso batamos con dificultades demáis. Esto débese a que todas as línguas, sometidas a unha razón que se voltóu totalitaria, converxen cara o enxoito e brután esperanto da utilidade. Tal facilidade das comunicacións no nivel animal de meros siñáis ten o reverso da crecente incomunicación humá, do emprobecimento e a petrificación da linguaxe.

O proxeito de construir Babel implica "a confusión" das línguas, a morte da linguaxe coma cousa humá. O idioma autónomo de Guimarães Rosa, coma o de Joyce, ilumina —alén da falaz codia da supercomunicación utilitaria— a esencial verdade do illamento fondo no que quedan os homes cando afastan a súa fe dun ausoluto extramundano pra a depositar nunha razón que os tomará sempre nun senso estadístico i enxamáis no aspecto inefábel que os fai ser humáns.

Tamén no orde lingüístico o vivo agora resulta xacer no radicalmente suxetivo, no comunicábel; é decir, no non visíbel en canto a que a linguaxe é comunicación. Joyce aspiraba a que *Finnegan's Wake* seguira a ser un enigma pra os filólogos do século XX. Guimarães Rosa dí: "Quero escribir libros que pasado mañá xa non señan lexíbeles". Ambos e dous anceiaban obras perdurábeles na medida na que eludiron a man da razón mortífera. O que está vivo é o que está só: a rompedura lingüística que estas vivas obras de Joyce e Guimarães Rosa executan procede da soedade e instaura unha soedade que ao mesmo tempo quere perpetuar pra sí nun eido que, coma o do arte, esixe por igoal comunicabilidade. Semellante esaspero da paradoxa que é o fundamento de todas as artes, o trunfo dun arte que grorifica a incomunicación, dí a verdade sobre dunha sociedade que deu en se entusasmar co suicidio disfrazado de razón.

UNHA HISTORIA DA LITERATURA PORTUGUESA

O escritor checo Miloslav Pluhar, hoxe radicado en Ginebra, infórmanos da aparición da primeira Historia da Literatura Portuguesa publicada en Checoeslovaquia. Trátase da versión da obra de Antonio José Saraiva e Oscar Lopes, realizada polo conocido lusitanista Zdenek Hampl, que publicóu a Editora Odeón en 1972 co tíduo *Dejiny portugalské literatury*.

Contén o volume unha breve bibliografía das traducións checas da literatura portuguesa. Pra decir verdade, non son moi abondosas: Mariana Alcoforado, Virginia de Castro e Almeida, Luis de Camões, Eugenio de Castro, Ferreira de Castro, Almeida Garret, Soeiro Pereira Gomes, Fernando Namora, Gomes Eannes de Azurara, Fernão Méndes Pinto, Teixeira de Pascoaes, Leão Penedo, Fernando Pessoa, Eça de Queiroz, Alves Redol, Aquilino Ribeiro, Urbano Tavares Rodrigues, Antunes da Silva e Fernando de Castro Soromenho.

Na mesma colección na que agora ven de aparecer esta Historia da Literatura Portuguesa, publicóuse hai tempo a *Historia da literatura brasileira* de Soares Amora.

CONCURSO DE TEATRO INFANTIL GALEGO

Foi fallado o *Concurso de teatro infantil galego* "O FACHO" que, convocado co gallo de se cumplir no 1973 os dez anos de vida da sociedade cruñesa, contóu coa notable participación de 23 obras, algunhas delas de firmas con prestixio nas letras galegas, sendo destacable a participación de catedráticos, profesores e mestres.

O Xurado estivo formado por *don Rafael Dieste González,* como Presidente, *don Ramón Piñeiro López, don Xenaro Mariñas del Valle, don Valentín Arias López* e *don Antonio Concheiro Camaño,* como vocales e *don Manuel Caamaño Suárez,* Presidente da Agrupación Cultural O FACHO, como Segredadario sin voto. Logo das deliberacións pertinentes sobor das 23 obras presentadas a concurso, e feita unha escolma previa de sete, o fallo emitido foi como sigue:

—Premio de 25.000 pesetas á obra *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas,* presentada baixo o lema "Ervedelo", da que resultóu autor o escritor ourensán *Carlos Casares,* Licenciado en Filosofía e Letras, figura xa consagrada na cultura galega con obras como *Vento ferido, A galiña azul* e *Cambio en tres.*

Mencións Honoríficas, co compromiso de edición:

—Ao traballo *Sinfarainin contra don Perfeuto,* do que resultóu autor *Bernardino Graña.*

—Ao orixinal *O roubo do aparello,* que ten por autor a *Euloxio Rodríguez Ruibal.*

—A *Don Rato busca un obreiro,* que ten por autora a *Dora Vázquez.*

O Xurado, á vista da calidade que algunhas obras reúnen, acordóu recomendárlle á Agrupación Cultural O FACHO a publicación das seguintes:

O profesor das estrelas, de Ana M.ª Fernández Martínez; *Os reis do Panchito,* que ten como autor a Olimpo Arcas Caldas; e *A mentira,* orixinal de Carlos García Conçalves.

UNHA TESIS FRANCESA SOBRE ROSALÍA

Na Universidade de Montpellier foi defendida unha tesis doutoral encol de *Rosalía Castro de Murguía e a súa obra poética.* Consta de catro partes: Xénese da obra; temas; espresión, estilo e métrica; apéndices e bibliografía. A primeira abrangue dous capítulos, un no que se fai o estudo da cronoloxía e da composición da obra rosaliá, e outro adicado á evolución poética. Na parte segunda estúdase a natureza, o amor, a anguria existencial, o home e a sociedade, coma temas rosaliáns, e a vocación de escritora da poeta. A terceira parte da tesis ocúpase da métrica, da língua e do estilo que singularizan a poesía da autora de *Follas Novas.* E, por cabo, nos apéndices inxírense todas as pescudas que lle serviron ao doutorando pra realizar o seu traballo, e que resume en cadros sinópticos i estadísticos.

O autor sostén, coma conclusión da súa tesis, que pra comprender a Rosalía compre ter en conta que pertenez a un tempo a dúas línguas, a dúas culturas, a dúas mentalidades; e, polo tanto, pra podela entender e valorar de cheo, se non pode prescindir de tal dualismo.

Sinala tamén que Rosalía é un típico caso de "marxinación", a pesares de todo o que a vencella coa cultura e a literatura do seu país e do seu século. Emporiso, ao seu ver, é baixo deste punto de vista dende onde hai que enfocar a súa obra poética.

O LABORATORIO XEOLÓXICO DE LAXE

Co tíduo de "O estado actual dos conocimentos xeológicos de Galicia e o labor do Laboratorio xeolóxico de Laxe" pronuncióu unha interesante conferencia na Coruña o Dr. Isidro Parga Pondal. Despóis de facer mención dos seus estudos nas Universidades de Berlín e Zurich, a partir dos cales publicóu os seus primeiros traballos, esplicóu o nacemento do Laboratorio Xeolóxico por el fundado, con independencia de calisquera outro organismo.

Fixo despóis un resume dos traballos máis importantes realizados nese laboratorio, dos que se publicaron máis de cento cincuenta en diversos países. Antre eles figuran as Follas xeolóxicas de Galicia; o Mapa petroquímico de Galicia, no que por vez primera se dá unha resposta á estructura xeolóxica do país; o segundo Mapa xeolóxico, etc.

Os estudos feitos no Laboratorio sobre da conceción xeolóxica galega, foron considerados nas universidade estranxeiras como de grande interés pra os relativos a algúns problemas xeolóxicos europeos. Así, a partir do 1956, Laxe trocóuse nun centro internacional de pescuda, ao que chegaban xeólogos das diferentes escolas da Europa, e onde se celebraron reunións nas que participaron medio cento de especialistas de fora de España.

Na derradeira parte da súa conferencia, Parga Pondal fixo unhas consideracións xeneráis encol da composición xeolóxica de Galicia, á que dividíu, pra o seu estudo, en dúas zonas: occidental e oriental. Detívose especialmente nos grandes complexos graníticos da primeira, e nos sedimentos do paleozoico antigo da segunda. "Á vista do esposto —rematóu— comprenderáse que os estudos xeolóxicos de Galicia sucédense con meirande interés de cada vez, sempre baixo da supervisión do Laboratorio de Laxe".

HOMENAXES A EÇA DE QUEIROZ E CASTELAO

A "Sección Gallega del Instituto de Literatura y Lingüística de la Academia de Ciencias" de Cuba ven de cumplir o carto ano da súa esistencia. A actividade que nese tempo desenvolvéu foi meritoria. Durante 1972 intensificóu os traballos de catalogación de textos galegos, dando preferencia ás obras de carácter literario e artístico. Tamén deu comenzo hai uns meses á elaboración de índices de publicacións periódicas galegas.

Antre os actos públicos realizados durante o ano de referencia, figuróu un de homenaxe a Eça de Queiroz, ao se cumplir o centenario da súa presencia na Habana, onde desempeñóu o posto de cónsul de Portugal. Francisco Mota pronuncióu unha conferencia sobre a mocedade inconforme do escritor; Rogelio Paulo, actor e director de teatro portugués, léu algunhas páxinas de Eça; tamén se montóu unha esposición bibliográfica e iconográfica do autor de *A Cidade e as serras.*

Outro homenaxeado foi Castelao, de quen se espuxo unha mostra plástica, consistente na serie tiduada *Dibuxos de negros,* realizada polo artista na Habana durante o ano 1939.

Organizóuse, asemade, nos locáis do Instituto, unha esposición de libros galegos editados en Cuba, a partir do 1880; e outra representativa das obras publicadas polas diversas editoras galegas xurdidas nas tres derradeiras décadas en Galicia i en América.

NOTAS

NESTE ano adicóuselle o "Día das Letras Galegas", á figura do Dr. Manuel Lago González, arzobispo que foi da sede compostelá. Con tal motivo compre lembrar que, fora do seu labor poético na nosa língua, o distinto prelado fixo unha defensa do idioma galego no seu discurso de ingreso como numerario da Academia Galega, ao que fixo referencia Antón Villar Ponte cando ocupóu o sillón que Lago deixara vacante na Corporación. Tamén foi membro do "Seminario de Estudos Galegos" dende maio de 1924, e Presidente de honor. No 18 de marzo de 1925 léu alí un seu traballo baixo do epígrafe "Hay que unirse para defender Galicia".

O ARTISTA británico Ken Lilly está a preparar unha serie de ilustracións pra un libro sobre falcóns, que os editores supoñen veña ser o libro novo máis caro do mundo. A edición limitaráse a só douscentos exemplares, cada un cunha acuarela orixinal do artista emoldurada na tapa e guarda decorada a man. Os clichés serán destruídos pra evitar reimpresións, e os preparadores da edición coidan que se ha tornar nun dos libros máis procurados do mundo por naturalistas e bibliófilos.

NA décima Bienal Internacional de Poesía que se celebróu en Knokke, Bélxica, tratáronse dous temas principáis:

"A poesía e a infancia" e "Vinte anos de poesía no mundo". Nunha das reunións foron proclamados os premios bienales precedentes, e rendíuselle homenaxe a Jean Cassou, Pierre Louis Floquet e Arthur Maulot, fundadores deses festiváis. Os poetas galardonados foron: Giuseppe Ungaretti, Saint John Perse, Octavio Paz, Gyula Illyes, Jorge Guillén e Leopold Sedar Senghor.

EN xaneiro pasado cumplíronse trinta anos do pasamento en Ortigueira de Don Francisco Maciñeira e Pardo de Lama. Hai pouco aínda que a Academia Galega, da que era membro honorario, adicóulle un número do seu Boletín con motivo do centenario do seu nacemento. Dende o seu lonxano recanto ortegalés mantivo contactos cos máis senlleiros arqueólogos de entón: Hubner, Reinach, Schulten, Leite de Vasconcelos, Fita..., e deuse a conocer como prehistoriador entresinalado. Tamén publicóu interesantes estudos de etnoloxía e folklore. Poucos anos despóis da súa morte aparecéu a súa obra póstuma *Bares,* revisada, prologada i epilogada por Fermín Bouza Brey.

POLO Primeiro ministro británico foi nomeado "poeta laureado de Inglaterra" Sir John Betjeman. Trátase do décimo noveno dende Ben Jonson, quen no 1620 encabezóu a lista dos que recibiron ese tíduo. Outros que o outiveron foron Dryden, Wordsworth e Tennyson. A misión do cantor oficial consiste en celebrar os acontecementos do reino en versos de circustancia.

A BIBLIOTECA Pública de New York adequiríu o manuscrito do *Xornal,* de Virxinia Woolf, composto de vintesete volumes que van dende 1915 a marzo do 1941, deténdose catro días antes do suicidio da escritora. Incorpórase á colección Berg, que xa posee manuscritos da meirande parte das novelas, contos i ensaios de Virxinia Woolf, así coma os seus cadernos de notas e un milleiro de cartas. Cúmplese así o desexo do viudo da escritora, espresado antes do seu pasamento no ano 1969.

VEN de aparecer na Alemaña Occidental a primeira novela de Ingeborg Bachmann, a máis sonada poeta alemá da postguerra. Trátase de *Malina,* historia de amor que se desenvolve en Viena, nos nosos días. Según o seu editor, a obra presenta "un triángulo dun xénero ausolutamente inédito: dous dos protagonistas forman na realidade un soio persoaxe e cada un deles é doble".

CO tíduo de *El Monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental,* publicóu un interesante volume o investigador ourensán Don Emilio Duro Peña. Componse de dúas partes: Unha de síntesis histórica, na que agrupa as facetas fundamentáis da vida do mosteiro; orixes e desenvolvemento, períodos de esplendor e decadencia, relación de priores polarizando arredor seu sucedos e noticias, aspectos económico-administrativos, contorno socio-político. E a outra, que recolle a colección documental do mosteiro, en transcrición íntegra dos documentos máis vellos, tanto latinos coma galegos, deica o século XV inclusive, i en regesto pra os restantes.

PÚBLICASE agora en italiano a edición da *Estética* de György Lukács, o eminente filósofo húngaro, unha das intelixencias máis vigorosas do noso tempo. Mil seiscentas páxinas integran a principal obra da vellez do escritor que, na verdade, constitúe a primeira parte dunha vasta empresa. Refírese á especificación do arte respeito das demáis esferas, aos seus vencellos xenéticos e distintivos coa maxia, o pensamento primitivo, a relixión, a vida cotiá, a estructura psicolóxica e a ciencia.

NUNHA publicación lusa, ao falar do teatro popular portugués nas súas orixes, dise algo que ten axeitada aplicación ao país galego. Veleiquí: "Dende sempre, o pobo portugués ten realizado manifestacións teatráis, en formas máis ou menos perfeitas que van dende a ilustración das cerimonias litúrxicas deica a representación xocosa e sarcástica de tipos populares. Tais manifestacións *cristalizaran,* por así decir, nunha serie de espectáculos, con persoaxes, *falas* i escenarios que perduran ate os nosos días. Os principáis son, naturalmente, os que reportan a simboloxía relixiosa, sobre de todo a do Nadal e da Pascoa. Trátase, así, dun teatro que perdura por *tradición,* que é *traguido* de ano en ano, de xeneración en xeneración por trasmisión oral".

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venda e suscripción

Número solto	70	ptas.
Extranxeiro	85	"
Suscripción anual, 4 números	240	"
Estranxeiro	280	"

Redacción e Administración

Editorial Galaxia. — Reconquista, 1 — Vigo

Impreso nos Talleres ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Burgos, 96 (interior) - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

EDITORIAL
GALAXIA, SA